

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM.18**

### **SESION EXTRAORDINARIA DO 22 DE DECEMBRO DE 2008**

#### **ASISTENTES**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Conde Gil, Jorge  
Díaz Vázquez, Raquel  
Domínguez Olveira, Santiago  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José Manuel  
García Míguez, María Angeles  
González Sagarra, Javier Pablo

Iglesias Bueno, Marta  
Larriba Leira, Elvira  
López Atrio, Laura  
López Carreira, Xesús  
López Font, Carlos  
Martiño Gómez, Antonio  
Méndez Piñeiro, María  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Muñoz Posse, Carlota  
Porro Martínez, María Corina  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Veloso Ríos, Iolanda

#### **NON ASISTE:**

Lago Rey, María Jesús

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e sete minutos do día vintedous de decembro do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como secretario xeral accidental do Pleno que asina D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros coa antelación legalmente

requirida. Non asiste a Sra. Lago Rey. Están tamén presente a membro da Xunta de Goberno Local Sra. Maure Noia e mailo Interventor Xeral accidental, don Benjamín Suárez Sánchez.

A PRESIDENCIA: Bos días señoras señores concelleiros. Iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocada por orde do día que obra en poder dos señores e señoras concelleiros, con data dezaioito de decembro. Ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos o Pleno.

1.- (222).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS PARA O EXERCIZO 2009.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria do día 3 de novembro de 2008, aprobou inicialmente o presuposto xeral da entidade e os seus organismos autónomos dependentes para o ano 2009.

Durante o prazo sinalado de exposición ó público de quince días hábiles, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 215 do 5 de novembro, segundo certificación emitida polo Rexistro Xeral do Concello de data 26 de novembro, presentáronse as seguintes alegacións:

- 1.- M<sup>a</sup> LUISA SOBRINO DEL RIO E M<sup>a</sup> BERTA A SALA RÍOS (DOC. 80144668)
- 2.- M<sup>a</sup> BERTA A SALA RÍOS E M<sup>a</sup> LUISA SOBRINO DEL RIO (DOC. 80144669)
- 3.- TERESA VAQUEIRO HERBELLO (DOC. 80144853)
- 4.- JAVIER PINAL FALQUE (DOC. 80145675)
- 5.- XAQUÍN MARTINEZ POSADA, RAMÓN MENDEZ MARTINEZ E RICARDO ESTEVEZ SOSIN (DOC. 80146536)
- 6.- CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (DOC. 80147102)
- 7.- JOSE C. MONTEMUÍÑO SANTOS E 13 máis (DOC. 80147825)
- 8.- CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ GARRIDO (DOC.80148236)
- 9.- TENENCIA DE ALCALDÍA (DOC. 80148333)
- 10.- JOSÉ ANTONIO PÉREZ RODRÍGUEZ (DOC. 80148372)
- 11.- JOSÉ LUÍS SILVA NOVAS (DOC. 80148374)
- 12.- ERNESTO GONZÁLEZ SERRANO (DOC. 80148375)
- 13.- CONCELLEIRA DELEGADA SERVIZOS XERAIS E CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA (DOC. 80148475)
- 14.- PILAR LÓPEZ PIÑEIRO (DOC. 80148576)

- 15.- EUGENIA CURBERA CALDERON E 3 máis (DOC. 80148577)
- 16.- RAMÓN FERNÁNDEZ-LINARES BOUZA (DOC. 80148608)
- 17.- SECCIÓN SINDICAL FSP-UGT CONCELLO DE VIGO (DOC. 80148728)
- 18.- SECCIÓN SINDICAL FSP-UGT CONCELLO DE VIGO (DOC. 80148738)
- 19.- SECCIÓN SINDICAL FSP-UGT CONCELLO DE VIGO (DOC. 80148748)
- 20.- SECCIÓN SINDICAL FSP-UGT CONCELLO DE VIGO (DOC. 80148753)
- 21.- SECCIÓN SINDICAL FSP-UGT CONCELLO DE VIGO (DOC. 80148756)
- 22.- FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN S VECIÑAIS DE VIGO "EDUARDO CHAO" (DOC. 80148807)
- 23.- CONCELLEIRO DELEGADO AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL (DOC. 80148814)
- 24.- GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (DOC. 80148815)
- 25.- ANTONIO VIVERO MIJARES (DOC. 80148816)

A concelleira delegada de Economía e Facenda, con data 2 de decembro, informa que as vintecinco alegacións presentadas están todas e cada unha delas resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou desestimación das mesmas de acordo ós motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan no expediente, dando así cumprimento ó previsto no art. 54 da Lei 30/1992, manifestando que todas foron resoltas de xeito xustificado, mesmo naqueles casos que a reclamación non están en algún dos supostos previstos no TRLRFL como causas obxectivas para presentar alegación ou reclamación ó presuposto.

Polo anteriormente exposto, a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 10 de decembro de 2008, **o interventor xeral** emite o seguinte informe:

"En cumprimento do previsto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o proxecto de Orzamento Xeral foi exposto ao público polo prazo previsto no precepto legal indicado. Durante devandito prazo foron presentadas un total de 25 reclamacións segundo consta no expediente e acredítase por certificado do 26 de novembro do ano en curso emitido polo titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, que igualmente figura incorporado a aquel.

Remítese agora a esta Intervención Xeral proposta de resolución ao Pleno da Corporación das reclamacións presentadas en tempo, que formula a Sra. concelleira delegada de Economía e Facenda.

Examinada devandita proposta, así como a documentación e informes en que se fundamenta, procede a emisión do seguinte informe:

O artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, regula o réxime de reclamacións ao proxecto de Orzamentos das Entidades locais, reclamacións que,

nalgúns aspectos, resultan semellantes a un “recurso de reposición” en canto que se interpón ante o Pleno que deu a súa aprobación ao expediente orzamentario.

O apartado primeiro do precepto legal citado fai referencia á lexitimación activa para a presentación de tales reclamacións, lexitimación que se expón en termos distintos á que resultaría de aplicar a lexitimación procesual pertinente atendendo á Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa unha vez se proceda á aprobación definitiva do Orzamento. En efecto, o apartado tamén primeiro do artigo 171 do RD Lexislativo 2/2004, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas de devandita xurisdición.

A regulación da lexitimación activa en vía administrativa para formular reclamacións á aprobación provisional do proxecto de Orzamento, prevista no primeiro dos preceptos legais indicados, contempla tres categorías de interesados: os habitantes no territorio da respectiva Entidade local, debéndose entender por tales os habitantes de dereito; en segundo lugar os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade local, é dicir, aqueles que puidesen ser titulares dun interese propio particular distinto do de calquera outro cidadán, e finalmente e en terceiro lugar faise mención, dentro desta lexitimación na vía administrativa para reclamar contra os Orzamentos municipais, a unha serie de entidades (colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións) que dende a súa condición pública ou privada, poden defender intereses profesionais, económicos e/ou veciñais no ámbito do territorio municipal.

Pois ben, tendo en conta o exposto e á vista das reclamacións relacionadas no expediente, podemos deducir que en termos xerais todas elas cumprirían este requisito de lexitimación activa, atopándose os reclamantes nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

Doutra banda e en segundo lugar, debe terse en conta que o apartado segundo do citado artigo 170 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e o mesmo apartado do artigo 22 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, enumera os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, ven determinado, a teor dos preceptos indicados anteriormente, por non se ter axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Con respecto a esta posibilidade debemos indicar que existe unha doutrina xurisprudencial a teor da cal a existencia de vicios formais na elaboración e aprobación do orzamento deben ser o suficientemente graves como para anular o mesmo na súa integridade, xa que de apreciarse un vicio que determinase a súa anulabilidade e non a nulidade radical, habería de aplicarse o “principio de conservación de actos”.

En segundo lugar, a Lei impón ás entidades locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas

directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, que supón unha excepción á regra xeral do efecto autorizante do orzamento, como consecuencia da preexistencia do recoñecemento da obriga, é preciso que a obriga sexa “esixible”, isto é, que se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade. E é por iso que o indicado artigo 170 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, recolle un segundo suposto polo cal só permite a impugnación dos orzamentos por omisión de créditos para o cumprimento de obrigas cando estas son “esixibles á Entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo”.

Finalmente e en terceiro lugar, un último motivo taxado de reclamación contra un orzamento dunha Entidade local constitúeo a insuficiencia dos ingresos en relación aos gastos presupostados e destes respecto das necesidades derivadas do exercicio das competencias municipais. Agora ben, o repetido artigo 170 do RD Legislativo 2/2004, soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas”, pois outra cousa suporía limitar arbitrariamente as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local. Por outra banda, habería que distinguir entre os gastos de funcionamento dos servizos de carácter obrigatorio que serían os servizos mínimos municipais do artigo 26 da Lei de Bases do Réxime Local e os de carácter potestativo dos que non cabe predicar a súa preceptividade.

Realizadas as consideracións que anteceden sobre estes motivos taxados previstos na normativa vixente, aos que inexorablemente deben axustarse as reclamacións presentadas á aprobación inicial dos Orzamentos Xerais para o exercicio económico do 2009, podemos concluír o seguinte:

1.- En primeiro lugar, que apreciamos incongruencia na formulación da proposta de resolución que se somete a informe, na medida en que determinadas alegacións rexéitanse ou se desestiman en base a que non son susceptibles de ser encadradas dentro dos tres motivos taxados expostos anteriormente, en tanto que respecto doutras reclamacións, aínda non correspondéndose cos motivos de impugnación previstos legalmente, decláranse admisibles, desestimándose ou estimándose, segundo os casos. Consideramos que nesta última situación, isto é, que aínda resultando inadmisibile a reclamación conforme ao que vén expoñendo se propoña a estimación da mesma, suporía a introdución de modificacións sobre o acordado na aprobación inicial, que implicarían a privación da posibilidade de recorrer a quen resultara prexudicado por tales modificacións sobrevidas, o que ao cabo daría lugar a condenalo á indefensión, en contra do principio constitucional do dereito á tutela xudicial efectiva. No ámbito estrito do procedemento administrativo, esta última actuación, implicaría a negación da doutrina administrativa dos actos propios, e en consecuencia a quebra dos principios xerais de boa fe e de confianza lexítima, que o artigo 3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, impón ás Administracións públicas nas súas actuacións.

2.- En segundo lugar, polo que se refire ao grupo de reclamacións incluídas na proposta para as cales se propón a súa desestimación en base á fundamentación recollida nos informes do 25 de novembro e 5 de decembro do ano en curso emitidos pola unidade de Persoal, consideramos que unicamente poderían ser admitidas as

presentadas pola Sección Sindical da CIG e a Sección Sindical da UXT, participando o funcionario que subscribe dos criterios tidos en conta para propoñer a súa desestimación; o resto de alegacións integradas dentro deste grupo, consideramos que deben ser obxecto de non admisión, na medida en que non se atopan dentro dos motivos previstos e regulados no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3.- Finalmente, polo que se refire ao resto das reclamacións incluídas na proposta de resolución, consideramos que ningunha delas se encadra dentro dos repetidos motivos de impugnación establecidos na normativa de aplicación e, en consecuencia, non poden ser obxecto de admisión, salvo aquelas que consisten na corrección de meros erros aritméticos ou de feito que o apartado segundo do artigo 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, permite que poidan ser corrixidos en calquera momento polas Administracións Públicas, de oficio ou a instancia dos interesados; así mesmo consideramos como susceptibles de admisión as reclamacións interpostas á aprobación provisional dos orzamentos dos OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo e Instituto Municipal dos Deportes, participando dos criterios sostidos nos informes obrantes no expediente que propugnan a súa desestimación.

En definitiva, pois, do contexto do establecido no apartado primeiro do repetido artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e da finalidade por el perseguida, consideramos que a resolución das reclamacións presentadas equivale á aprobación definitiva global do orzamento que, neste caso, estará representada por unha actuación complexa: a aprobación inicial daquela parte do orzamento que non foi obxecto de reclamacións (e por iso xa definitiva, segundo inciso apartado 1 artigo 169 RD Legislativo 2/2000) e a aprobación das reclamacións.

Sen embargo o anterior, esta Intervención Xeral é consciente de que constitúe unha práctica habitual que nesta fase da tramitación do documento orzamentario se inclúan alegacións que se configuran como modificacións ó texto inicialmente aprobado e resulta así mesmo habitual que tales alegacións sexan presentadas por concelleiros das Corporacións locais, atribuíndose a estes, en consecuencia, lexitimación activa para isto.

Debemos subliñar en relación a este último aspecto que, a diferenza do exposto en primeiro termo, esta cuestión non viña resultando pacífica, senón máis ben controvertida. Tal controversia, derivaba do feito de que a regulación do artigo 170.1 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa aludida anteriormente, non fai referencia entre os que relaciona como posibles ostentadores de lexitimación activa para presentar reclamacións á aprobación provisional do documento orzamentario os concelleiros, na súa condición de tales. Controversia que na actualidade ten desaparecido debido a recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional (STC 173/2004, do 18 de outubro e 108/2006, do 3 de abril), que viñeron recoñecer ós concelleiros, pola súa condición de membros dos Concellos (non dos órganos do mesmo) lexitimación para impugnar a actuación da corporación local á que pertencen fundamentándoo no interese concreto que ostentan no correcto funcionamento da mesma, pronunciamentos que serían extrapolables ó caso das reclamacións ós orzamentos.

En definitiva, pois, e para concluír, entendemos que os criterios utilizados na tramitación do documento orzamentario deben axustarse e actualizarse ás consideracións contidas neste informe, co alcance e nos termos en que fundamentamos aquelas.

Polo demais e conforme ao previsto no artigo 169 e 171 do RD Lexislativo 2/2000, cabe sinalar o seguinte:

- O Pleno dispón do prazo dun mes para resolver as reclamacións que se presenten contra o orzamento, contándose este último prazo a partir do día seguinte ao de finalización da exposición ao público e considerándose as reclamacións denegadas, en calquera caso, se non se resolvesen expresamente no acto de aprobación definitiva (artigo 20.1 Real Decreto 500/90, de 20 de abril).
- O quórum necesario é o mesmo que o requirido para a aprobación inicial, isto é, con carácter xeral o de maioría simple.
- O orzamento xeral, definitivamente aprobado, haberá de ser inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, e iso en congruencia cos principios de seguridade xurídica para garantía dos cidadáns e de publicidade das normas que regula o artigo 9.3 da vixente Constitución.
- Así mesmo haberá de remitirse copia do orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma.
- Copia do Orzamento e das súas modificacións deberá acharse a disposición do público a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.
- O orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma referida anteriormente. É dicir, se o edito anunciando a aprobación definitiva se publica no BOP antes de comezar o exercicio económico a que se refire o orzamento, isto é, o ano 2009, a entrada en vigor será o 1 de xaneiro seguinte; se a publicación se efectúa xa iniciado este exercicio do 2009, o Orzamento entrará en vigor o día da súa publicación.
- Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de devandita xurisdición.
- A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

**A comisión informativa de Xestión Municipal**, en sesión do 18 de decembro, ditamina favorablemente a proposta formulada pola concelleira de Economía e Facenda citada anteriormente.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Bo día a todos señoras concelleiras e señores concelleiros. Hai un ano, o vinte de decembro de dous mil sete, traíamos a este Pleno a aprobación definitiva do orzamento para o ano dous mil oito.

Tiveron que pasar tres anos e tivo que constituírse un novo goberno na cidade de Vigo, para que por fin todos os vigueses e viguesas puidesen contar con un

orçamento na súa cidade que ademais contemplase actuacións nos seus barrios e parroquias, humanizacións, recuperación de espazos verdes, parques infantís, defensa do medio ambiente, do emprego, aposta pola cultura, a educación, o transporte público, a vivenda a prezos alcanzables..., en definitiva o benestar.

Daquela algúns, incapaces de asumir a súa derrota, ían xerando incerteza, dicindo falsidades e cuestionando a capacidade que temos agora como goberno para xerar estabilidade, confianza, optimismo e traballo de futuro.

Eses mesmos non crían que este novo goberno de coalición que comezaba daquela a súa andaina sería capaz de dialogar, de buscar o consenso, elaborar un documento tan complexo coma necesario como é o orzamento para a cidade.

Agora, un ano despois en prazo e forma, traemos a este Pleno a aprobación definitiva dos orzamentos da cidade para o ano 2009. Un ano máis convertemos en normalidade o que ata agora na cidade de Vigo non era normal e convertemos en habitual o que ata agora era extraordinario. Unha vez máis este goberno pode facer gala de que cumpre coas súas promesas e demostra que o que realmente nos importa ós que estamos a este lado da bancada é traballar pola nosa cidade, por todos os vigueses e viguesas sen distincións. Hai un ano sentiámonos moi orgullosos, era o noso primeiro orzamento tan só seis meses despois de constituír o novo goberno

Xa incorporáramos nese orzamento a nosa firme aposta de traballar polos barrios, polo emprego, por eliminar as distinción entre cidadáns de primeira e segunda e así incluíamos, entre outros, oito millóns de euros en humanizacións repartidas por diferentes barrios e parroquias, seiscentos mil euros para beirarrúas no rural, un millón de euros de saneamento tamén no rural, o alumeadado tamén no rural.

Hoxe, cando as circunstancias económicas internacionais comezan a debuxar unha situación complexa, cando a ameaza do desemprego está ás nosas portas, non queremos seguir utilizando a expresión “sentímonos aínda mais orgullosos” porque é difícil sentir orgullo cando temos cerca veciños que comezan a ver a súa situación económica e persoal máis deteriorada; pero si podemos dicir que nos sentimos satisfeitos polo traballo feito en conxunto para facer un novo orzamento que sigue sendo fiel ós seus primeiros principios de igualdade e equidade entre todos os veciños e veciñas e que ademais incorpora a realidade dunha situación económica moito menos doada da que existía hai un ano.



Non foi un traballo fácil pero conseguímolos, elaboramos uns orzamentos para a nosa cidade que son os mellores para un momento como o actual porque son orzamentos orientados a combater dende o Concello a crise económica na cidade de Vigo e os seus efectos nesta cidade.

Son os orzamentos con maior volume de investimento da historia da cidade, vinte e un millóns de euros dos cales case a metade, máis de nove millóns, se destinan a humanizacións en barrios como Teis, o Calvario, Balaídos, Travesía de Vigo, Coia ou Bouzas entre outros; pero tamén se destina o maior volume de investimentos da historia recente da cidade para a recuperación de espazos deportivos, espazos verdes, para parques infantís para os nosos nenos e nenas, saneamento, alumado no rural, subvencións ás asociacións de veciños, cultura, transporte público, vivenda protexida. Son orzamentos xeradores de emprego, directo ou indirecto.

Directo a través dos programas de emprego realizados dende o Concello, ou indirecto a través de todo o programa de investimentos. Son uns orzamentos capaces de crear emprego nun momento da crise económica coma o actual. Uns orzamentos que ademais non renuncian ás prestacións sociais e que manteñen a defensa polo medio ambiente, a educación dos nosos fillos, a mellora da aprendizaxe en inglés e a cultura.

E non o dicimos só nós como goberno, o número de alegacións ó orzamento foi significativamente escaso dado que tan só se presentaron alegacións por parte de persoal do Concello, polo propio goberno para facer modificacións de partidas, pola Federación de Asociacións Veciñais Eduardo Chao e polo Partido Popular, o que é a proba mas evidente de que os veciños e veciñas de Vigo apoian ó noso labor de goberno e a aposta de traballo por esta cidade.

Debo indicar que a alegación presentada pola Federación de Asociacións Veciñais unicamente fai referencia á non incorporación no orzamento provisional dunha partida destinada exclusivamente a esta asociación; é unha alegación de pouco máis dunha paxina que non fai nin unha soa petición de máis dotacións e subvencións para o resto de asociacións de veciños, non pide máis investimentos en barrios ou parroquias, non pide máis parques, non pide melloras de saneamento no rural, non pide máis prestacións sociais, non pide axudas para mellorar os programas culturais das asociacións, non pide reducións en determinadas partidas por consideralas con gasto excesivo por parte deste goberno, non pide nada diso.

Tan só pide que se inclúa unha partida destinada exclusivamente a esta asociación, deixando de lado por completo o que lle poida pasar ó resto das asociacións ou á cidade de Vigo. Creo que non fai falla facer mais comentarios.

A alegación presentada polo Partido Popular de novo volve ser unha “pantomima”, propón reducións en partidas facendo unicamente un labor de maquillaxe política que pretende xustificar o seu labor como oposición. O que non di o Partido Popular en ningún momento é que cando el gobernaba os gastos que eles facían nestas partidas estaban moi por riba do que este goberno ten contemplado nos seus orzamentos. Este goberno dende o primeiro momento diminuíu as partidas de publicidade ou gastos de goberno a máis da metade do que estaba gastando o Partido Popular, freou o gasto corrente e destinou a meirande parte do gasto a investimento.

Lembro que o volume de investimentos contemplado no orzamento para o ano 2009 supera amplamente o que o Partido Popular destinara no seu orzamento do ano 2005; que eles só levaban en humanizacións pouco máis dun millón de euros e este goberno para o 2009 leva nove millóns; no rural aparecía no orzamento un investimento de trinta mil euros e este goberno setecentos mil. As alegacións presentadas polo Partido Popular caen polo seu propio peso, son incoherentes coa súa actuación anterior, descoñecen a situación real do Concello e néganlle á cidade actuacións e actos que farán que os ollos de todo o mundo viren cara esta cidade, xerando así emprego no sector turístico, comercial e hostaleiro.

As alegacións feitas polo Partido Popular son inadmisibles para unha cidade como Vigo, nun momento no que o que realmente lle preocupa a este goberno é a xeración de emprego directo ou indirecto en todos os sectores da economía viguesa e o que lle preocupa ó Partido Popular é saír na prensa, por iso seguimos apostando e defendendo o orzamento presentado por este goberno. Pero debo dicir tamén que somos inconformistas por natureza, a cidade precisa de máis investimentos, humanizacións en todos os barrios e parroquias, non queremos que ninguén quede fóra e por iso estamos xa traballando para investir os cincuenta e dous millóns de euros que o plan anticrise de Zapatero lle asigna a esta cidade.

Cincuenta e dous millóns de euros máis en investimentos só para Vigo, para o Calvario, para Castrelos, para Teis, Coia, Praza da Industria, Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Comesaña, Coruxo, Freixeiro, Lavadores, Matamá,

Navia, Oia, Saiáns, Sampaio, Sárdoma, Valladares e Zamáns. Cincuenta e dous millóns de euros que o goberno central lle concede á cidade de Vigo para mellorar esta cidade e xerar emprego, centos de postos de traballo. Estamos a falar de cantidades nunca vistas nesta cidade, máis de dez veces superior ás que se viñan realizando no anterior goberno, estamos a falar de centos de postos de traballo creados nun momento como o actual de crise económica internacional.

Esta é a nosa aposta, o noso obxectivo, que toda a cidade se beneficie do maior volume de investimentos posibles, que a nosa cidade siga crescendo nun momento de dificultade, que a nosa cidade xere emprego e que o Concello estea ó carón do cidadán sempre que o precise porque esta é a obriga dos que temos a ideoloxía da igualdade e da equidade, é a obriga dos que temos conciencia, alma e corazón de cidade.

SRA. MOLARES PÉREZ: A Sra. Díaz fala de que as alegacións que presenta o Partido Popular son unha maquillaxe política; pois teño que dicir que con ese remate poético da súa intervención notase que o que fan vostedes é demagogia. Sempre lles recoñecín o que fan ben que é o *marketing* e demóstrano nos orzamentos. O pasado tres de novembro reuniámonos neste salón de Plenos para debater o orzamento inicial desta corporación nun momento de crise e alegábamos que ese non era o orzamento que a cidade necesitaba para un momento de crise, porque non incrementaba suficientemente o investimento e porque aumentaban os gastos correntes nun 7,5%, moi por riba do que se prevé para un momento de crise.

E ademais non só porque aumentaban un 7,5 os gastos correntes, senón porque aumentaba en dúas partidas que todos sabemos que hai que reducir e vostedes mesmos, os membros do Partido Socialista, sábeno e dio ata o seu presidente Zapatero e o Sr. Blanco: os gastos de publicidade, propaganda, festexos e existencias, o que todo o mundo sabe na administración que se pode recortar, vostedes subían un 15%.

A verdade non sei para que me molesto en preparar os Plenos porque se o que vale é a mentira, para dicir calquera cousa non necesito analizar os datos. O Sr. Domínguez no pasado Pleno dicíame que non aumentaban a publicidade; cos datos, artigos, conceptos 2.26.02 aumentaban un 15%, como tamén aumentaba un 15% as asistencia técnicas aínda que a Sra. Díaz dixese que non aumentaban os

gastos de Alcaldía. Aumentaban e pódeo ver calquera persoa que analice o orzamento, datos obxectivos, aumenta.

Tampouco os aprobabamos porque criamos que as políticas sociais non se incrementaban o suficiente, conxelábanse segundo o criterio da Sra. Díaz porque aumentaban un 4,9 e demostrouno no Pleno de aprobación dos impostos que pagan todos os cidadáns no que dixó que se conxelaban os impostos porque subían un 4,2; o presuposto de asuntos sociais conxelábase porque subía un 4,9 e nós dixémoslle que había que subilo. Agora subírono en alegacións, non tanto como lle pediamos pero polo tanto algo de razón tiñamos de que aquel orzamento que presentaba non era o que a cidade precisaba, pero tampouco é o que presentan agora o que precisa a cidade.

Tampouco o aprobamos porque dicíamos que nun momento de crise como o actual, no que moitas persoas están quedando no paro e día a día non se frea ese número de persoas, non había políticas de Emprego, o orzamento do departamento de Emprego era o mesmo do ano anterior, con ese incremento do IPC. Minto, subía a publicidade e a propaganda aínda non sei para que porque as convocatorias que fai a concellería de emprego dan tres días ós candidatos para que se presenten e a ver que candidato se pode presentar así, só alguén que lle teñan avisado. Durante oitenta minutos fixemos unha análise detallada do presuposto, capítulo a capítulo, dicíndolle e xustificándolle por que non criamos que ese era o orzamento para un ano de crise.

Acaba de celebrarse o viño do Nadal e a prensa pedíanos que nos Plenos fósemos máis concretos e que non nos estendéramos; hoxe penso polo menos intentar ser breve, o alcalde pedíume trinta minutos e tentarei deixalo en quince, pero eses oitenta minutos que falou o Partido Popular de algo serviu porque tomaron nota de algunhas cousas, iso si, as propoñen vostedes.

Pero nós criamos e seguimos crendo, que ese non era o presuposto para combater a crise porque deses 6,8 millóns que incrementaba o gasto corrente case todo ía para dous conceptos. O 6,65% íase para eses conceptos que son superfluos e que nun momento de crise pídeselle a un goberno que tente axustalos e reducilos. Non só o pensamos nós, tamén se recollía así nos medios de comunicación que titulaban: "Os presupostos de Vigo dan as costas á crise económica: Caballero e Domínguez resérvanse 1,6 millóns para celebracións". Estes son os titulares da

prensa.

Este presuposto reflicte o que é este goberno, un goberno que só pensa nas celebracións, na publicidade e na propaganda e que non pensa nos cidadáns. O Sr. Domínguez nese Pleno dicíame que presentaríamos alegacións e eu contesteille que o iamos pensar porque co talante deste goberno teño claro que non van aprobar nin unha das propostas que lles faga o Partido Popular. Ese guante que nos botou o BNG para instarnos a traballar, porque traballar na oposición cun goberno coma este que di non a todo porque o presenta a oposición, a verdade que é difícil motivarse. A min custoume quedarme onte a tarde na miña casa para preparar unha intervención que non serve para nada porque, aínda que dende a oposición tentemos apoiar e colaborar nun momento de crise, vostedes din que non porque esa e a súa forma de actuar.

A Sra. Díaz di que son un goberno do diálogo; pois non sei con quen dialoga porque desde logo deberían facelo coa oposición e cos axentes sociais e económicos e non o fan.

Fixémoslle caso ó Sr. Domínguez e como fixéramos en setembro presentando vinte e cinco propostas para apoiar e solucionar esta crise, propostas de austeridade, investimento, combater a subida de prezos, apoiar o crecemento e a competitividade, tamén nos esforzamos dende o Partido Popular en presentar unhas alegacións que melloraran ese documento. Non é o documento que cremos necesario para un momento de crise e nós fariamos outro, pero coidamos que precisamente en exercicio da nosa responsabilidade como oposición, nun momento de crise deberíamos presentar unhas alegacións.

Presentámosllas e non o fixemos por fanfurriñas como dixo nos medios de comunicación a Sra. Díaz, nin por maquillaxe; fixémoslas porque cremos que se pode facer o presuposto doutra maneira. Fomos partida a partida para ver onde se podía reducir, pero non aloucadamente, non se crea que collemos o presuposto e reducímolos á metade nestas partidas; partida a partida conseguimos reducir máis de medio centenar de partidas dos conceptos 2.26 e 2.27, conceptos que calquera sabe nunha administración que se poden reducir: as publicidades, as propagandas, os festexos, que nun momento de crise se pode axustar un pouco o cinto.

Desas partidas, dunha redución do gasto telefónico e dunha de mantemento de alumeados que cremos que non é imprescindible, buscamos 4.321.000 euros para

conseguir reducir ese gasto corrente do 7,5 a 2,84. Debería facernos caso Sra. Díaz porque non o di só o Partido Popular; dillo o seu presidente Sr. Zapatero no informe económico do 23.06.08, no que aconsella limitar o crecemento económico dos gastos correntes ó 2%. Nós xa non lle pomos ese 2%, redondeámolo para arriba ó 2,84% pero vostedes din que non.

Iso si, despois traen ó Sr. Blanco a dicir o que hai que facer nun momento de crise pero non lle fan nin caso. O dous de setembro di: "Reducir o gasto corrente". Non o reducen senón que o aumentan, estamos nun momento de crise pero como se non fose así. Con estas alegacións pedímoslles un pequeno esforzo, non lle pedimos que deixen de facer nada. Baixar o concepto 2.26 un 12% e o 2.27.06 nin sequera baixalo, aumentalo nun 6,98 non nun 15%. Vostedes non poden facer iso, privarse de algo, sobre todo se son partidas do alcalde e do tenente alcalde.

Fíxoo a Xunta que baixou a publicidade un 6% e as asistencias un 10%, non lle estamos pedindo nada que non sexa lóxico, estámoslle pedindo o que calquera ten que facer.

Vostede non deixa de sorprendeme. Non fai axuste de gasto corrente e agora di que isto é un orzamento para a crise. Non fai un axuste do gasto corrente improdutivo e non me veñan con esa demagogia que fan vostedes de reducir o gasto social ou o de emprego, ese é o que lle mandamos nós que aumente e ó que me contesta a verdade é que non dou crédito.

Dime que o elaborou tendo en conta o índice de gastos executados en anos anteriores e dixo nos medios de comunicación tal como quedou recollido: "Que cara dura política ten o Partido Popular que nos di a nós que fagamos o que non fixeron eles". Sra. Díaz, no ano 2006, 2005 e no 2007, segundo o Sr. Zapatero non estabamos en crise, non me pode presentar un argumento de cara a elaborar uns orzamentos para un ano de crise se vostedes o facían tamén. Non se da conta que neste ano moitas persoas están perdendo o seu emprego.

Dende que a Sra. Porro deixou o goberno temos 4.538 parados, de 17.791 a 22.329, 4.538 parados máis, un 25,5% máis. No mes de novembro quedan ó día 41 parados, é un edificio de nove plantas con catro portas en cada planta e algún do rural porque o paro non distingue entre centro e parroquias.

Vostede ten a cara de dicir que non reduce estas partidas porque nós cando gobernábamos tamén as tiñamos; nós non fixemos estes incrementos en todo o

presuposto. Faga un axuste que estamos nun momento de crise, non se deu de conta aínda.

Ante esta situación, nun concepto como o 2.27 que é un dos mais cuantiosos do presuposto, pedímoslle que suba de 23.462.466 a 25.099.782, non creo que con 25 millóns de euros teñan tanto problema para non aumentar a 26, cun pouco de cabeza, de sensatez, poidan reducir o incremento que vostedes fan.

Queremos esas reducións para facer un plan para combater a crise, isto pódese facer así ou doutra maneira pero o que non se pode é ter esta desvergoña de estar alleos á crise.

Eses 4.321.000 euros repartímolos en dous bloques, un para aumento do gasto corrente pero do que se ten que aumentar, o do emprego e o do benestar social; outra metade para incremento do investimento.

Non debemos de estar tan desacertados porque en alegacións algo así fan vostedes e logo o Sr. Zapatero inxecta 52.000.000, entón será que é necesario mais investimento, será que o que di o Partido Popular non é tan desacertado. O que pasa é que vostedes como son prepotentes e arrogantes só fan o que vostedes din e cando vostedes o din.

Eses incrementos ían a un plan para combater a crise e apoio ás familias; 600.000 euros, Sra. Méndez, para os programas que xa ten e que están deficitarios porque estamos vindo como os recortes de periódico din que aumentan os fogares á intemperie, a crise chega en Cáritas a duplicar as súas asistencias, a crise reduce á metade as doazóns de particulares ao banco de alimentos, a crise dispara o numero de familias da área de Vigo que pide axuda a Cáritas. Para iso fíxese se somos dialogantes no Partido Popular que non lle indicamos en que programa, dámoslle 600.000 euros para o benestar social, para que vostede Sra. Méndez co goberno o distribúa como crea, pero para as familias, para mellorar os programas que cos técnicos coiden que se teñen que aumentar porque son deficitarios. Para o comercio, para as empresas, outros 600.000 euros de apoio ás PYMEs en tres liñas: contratación de traballadores, apoio ás empresas que o están pasando mal e que teñen problemas para continuar a mellora da competitividade. Non creo que sexa nada disparatado que ese esforzo que se lle pide en gastos correntes superfluos se poida aplicar e chegar directamente a quen o necesita, ás pequenas e medianas empresas que están pechando porque non poden sobrevivir a este momento de

crise.

Terceiro, apoio ó sector turístico e comercial a través da organización de eventos, a través do capítulo cuarto. Vostede dime que é unha incoherencia quitalo ó alcalde e ó tenente alcalde para darllo ós colectivos de dinamización; pois non Sra. Díaz, porque se o teñen os colectivos que realmente saben como xerar o emprego e fortalecer o sector turístico e comercial, se se fai con eles esa celebración do bicentenario e os demais eventos de 2009, dende o Partido Popular estaremos máis seguros de que iso realmente vai fortalecer a economía e vai apoiar o crecemento neses sectores que se se deixa nas mans do alcalde e do tenente de alcalde para pagar follas de publicidade.

Ademais de isto, incrementar as partidas de policía e bombeiros porque cremos que hai que aumentar eses dous corpos que realmente teñen deficiencias; os bombeiros dinnos que corre risco a cidade ante unha situación de emerxencia por moitos metros que teñamos de escaleira se non temos quen a conduza e quen poida realmente actuar nunha situación de crise.

Na parte de investimento dicímoslle 1.152.000 para incrementar o investimento en barrios e parroquias; os 550.000 euros que vostedes gastan en gasto corrente para a Universiada que o pasen para investimento para que iso non sexa diñeiro que se perde, senón diñeiro que se pode executar en investimento deportivo.

300.000€ para centros de ensino; aquí tampouco debe estar desacertado o Partido Popular porque nunha alegación que presenta, vostede incorpora 100.000 euros para eses centros de ensino que nós consideramos insuficientes, pero sen embargo non vale que o diga o Partido Popular, que o diga vostede si. Menos mal que a nosa intervención ó mellor serviu para que á Sra. López Atrio lle fagan un pouco mais de caso, vexan que o que reclama é realmente oportuno, que o investimento nos centros de ensino debe aumentarse e que en lugar de baixar o presuposto ó departamento de Educación lle suba. Coa nosa proposta de 300.000 € subíalle un 1,91, coa súa paréceme que o deixa a pre. Agradecemos que aínda que non nos fixeran caso na nosa alegación polo menos si haxa 100.000 euros para isto aínda que non sexan os 300.000.

E por ultimo dous modificacións que tamén solicitábamnos que era incrementar 54.000 euros a partida que a Federación de Veciños tiña dende hai anos porque cremos que non se está actuando xustamente con esta Federación e xa dixemos no



Pleno anterior que, por discrepar, elimínalle a subvención e coidamos que isto non é xusto. Tamén pedíamos un reaxuste en deportes, que en lugar de aumentar VIDE as subvencións un 500% ese incremento se lles dera ós clubs de base da cidade. Esta proposta si cremos que é máis racional e máis eficiente porque supón un incremento ás políticas sociais nun 15,57% no canto de quedar conxeladas segundo o criterio da Sra. Díaz, non do Partido Popular, e as políticas de emprego nun 30%. Noutros dous gráficos queda perfectamente reflectida Benestar Social, subiría transferencias correntes un 56,10% e emprego subiría un 233%. Este é o gasto corrente que quere incrementar o Partido Popular, cremos que é o que si chega ós cidadáns e ás familias, non o que considera imprescindible o Partido Socialista e o BNG que é facer celebracións no ano 2009. Por suposto as alegacións do Partido Popular as desestiman pero xa contabamos con iso.

Dixemos publicamente que fixemos esas alegacións coa posibilidade de que o Partido Popular puidera hoxe dar un si a estes presupostos. O Partido Socialista dicía que había que buscar un achegamento para que nun momento de crise os presupostos se aprobasen por unanimidade. Pero é que vostedes non fixeron caso nin a unha das minoracións que presentamos.

Non nos sentimos aludidos despectivamente porque non aprobaron ni as de a Federación de Veciños, nin as dos sindicatos CIGA e UGT. CCOO creo que non presentou senón tamén as rexeitarían. Nin dos colectivos nin dos traballadores, nin de ninguén. As tres que estiman son as súas, a da propia responsable de Servizos Sociais, Economía e Facenda, a do delgado da Area de Xestión Municipal que, por certo, presenta outro orzamento diferente, ó mellor foise de vacacións no mes de setembro e fai o presuposto no período de alegacións porque é novo; é curioso que hai máis prazas novas, crea 16 prazas nestas alegacións, máis das que creou no orzamento inicial, as do tenente alcalde; as da concelleira delegada nada, como dicía practicamente fai uns axustes e dálle eses 100.000 euros a Educación cando nós pedíamos 300.000. As do tenente alcalde faise unha modificación que eu coido que o debeu pensar antes, desagregar eses 2.400.000 euros para o Casco Vello en proxectos concretos. Tamén á Sra. Méndez lle soben, o programa estrela do BNG dos taxis que o tiñan sen presupostar e eu díxenlle que deberían facelo, pois xa lle conseguiron cartos de varias partidas por 72.000 euros.

Aínda que é curioso que algunhas das partidas que vostedes minoran para

conseguir eses 72.000 euros tamén as minora o Partido Popular pero a nós dinnos que non e ó señor tenente alcalde dinlle que si, xa sei que está mellor valorado no goberno que eu.

Tamén modifican o erro que citara o Sr. Domínguez nun orzamento elaborado con tanto rigor, Sra. Díaz, da Casa de Acollida que desaparecera chamarlle centro de emerxencia, e corríxen. Tamén advertíralle eu por iso, polo menos o meu traballo serve para algo.

Pero nas que verdadeiramente gustaríame pararme son nas do Sr. Font.

15 prazas que crea o Sr. Font, un orzamento de persoal novo. Pero entre todas esas prazas, 3 diplomadas sociais como eu lle dicía, estaban xa 6 diplomadas sociais contratadas por acumulación de tarefas interinas. Dicíalle que vostedes levaban 3 e fixéronlle caso, puxeron as 6 que eu lles dixen e dous auxiliares, nora boa, fixéronlle non todo o caso que deberían pero si un pouco

Hai outras cousas como que se crea unha praza de eventual, asesor de cultura 47.277,12 euros e, á Sra. Díaz que lle gusta falar de rigor, na proposta do señor tenente alcalde propoñen esa praza de asesor, persoal eventual, nun momento de crise, como se xa non foran bastantes os asesores que ten este goberno, de 42.277€. A Sra Díaz estímaa porque é do seu compañeiro Font pero faino por 46.818,12; non nos queda claro por que cantidade a estima, se por 47.277,12 ou por 46.818,12, só coinciden os decimais. Faga as cousas con rigor Sra. Díaz, na oposición temos os medios que temos, pero no goberno fagan as cousas con rigor. Como nos poden falar de maquillaxe política ao Partido Popular se cando a única proposta que fixeron para combater a crise é conxelar os soldos dos concelleiros e ese importe de subida do 3% dos concelleiros é inferior ó que custa esta praza de persoal eventual?

No período de alegacións estámoslles pedindo austeridade e vostedes non só non nos fan nin caso e reducen o capítulo dous, senón que tamén aumentan o persoal eventual. A verdade é que non damos crédito, tampouco o darán os cidadáns. Como pode vostede dicir que presenta un orzamento para combater a crise e no período de alegacións incrementa o persoal eventual?. É lamentable o que fai este goberno e ímolo dicir, cremos que realmente este non é o orzamento para combater a crise, cremos que coas nosas alegacións melloraríase este orzamento notablemente porque se darían máis respostas ós cidadáns, as respostas que

precisan, cun apoio ás familias e cun apoio ao emprego.

Consideramos un malgasto o que fai este goberno e así o sinalamos. Sra. Díaz, teño que lle dicir que segue sorprendéndome e a súa contestación ás alegacións non ten ningún desperdicio pero, á parte da nosa contestación, hai un tema que me chama a atención. Trouxen os papeis que utilicei cando intervimos o pasado mes de novembro e dicíalle a vostede que o capítulo VII dicía na memoria do alcalde: “En canto ós investimentos e transferencias de capital neste exercicio xa non está previsto ingreso ningún para financiar o pazo de congresos de Beiramar, xa que os compromisos da comunidade autónoma remataron co orzamento do ano 2008 o que supón unha baixa nas transferencias de capital recibidas de 10,95 millóns”.

Cando a conselleira Caride, na rolda de prensa da presentación dos orzamentos para o 2009, dicía que ía haber unha partida de catro millóns de euros. “Á construción do propio edificio do auditorio de Casa Mar, Política Territorial destinara 4 millóns de euros”, eu preguntáballe quen dicía a verdade, ou alcalde ou a conselleira, acabouse o non o financiamento da comunidade autónoma ó pazo de congresos no 2008? Vostede dicíame que estaba moi claro no informe, claro que se acabara. Eu preguntáballe se podería realmente facer isto co lentas que van as obras e contestoume que por favor, acopios de 10 millóns, só faltaría.

Agora resulta que no seu informe nos puntos n) e l) corríxense dúas cousas sen que ninguén as diga, sen alegación e sen nada, pero iso son cousas menores; pero no punto n) di: Incorporar ó orzamento do ano 2009 no estado de gastos a partida 45.10.770000 por un importe de 3.000.000 de euros no concepto de ingresos 7.5 (evidentemente cando se presuposta a de gastos, a de ingresos é a mesma cantidade) sendo este o importe que a Consellería Política Territorial Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia ten previsto no seu orzamento do ano 2009 para facer fronte á anualidade do pazo de congresos de Beiramar.

Que credibilidade ten este goberno se mente de maneira sistemática e ata cando nin sequera é necesario? O curioso é que isto o incorporan sen que ninguén o firme. Normalmente as alegacións que fan os concelleiros, aínda que podemos falar do informe do interventor, din que son para corrixir erros materiais, algunha cousa, ao mellor como a do Sr. Domínguez que desagregou as partidas do Casco Vello, a de a Casa de Acollida que se corrixiu, pero resulta que vostede non o firma, incorpóralo no punto n).

Eu baixei dúas veces a ver o expediente para ver se se me pasara algún papel, ata tres veces busquei no expediente onde se atopaba ese papel para ver quen se facía responsable.

Si me gustaría que neste punto concreto a Sra. Díaz me dixera por que agora o incorpora sen ningún papel e no seu momento díxonos aquí que estaba rematado o financiamento. Sei que hai unha addenda firmada e que vostede o sabía cando fixo este orzamento. O que non entendo é por que menten así, por que nos queren enganar. É unha falta de rigor, así ninguén lles vai crer. Para superar unha situación de crise hai que ter credibilidade e non ten credibilidade nin este goberno nin o estado da nación.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Na aprobación inicial destes orzamentos as tres forzas políticas que configuramos esta Corporación debatemos coido que abondo sobre as liñas mestras que de algún xeito indicaban o camiño a percorrer por estes orzamentos municipais. Sempre digo que estou convencido que os orzamentos son sen dubida ningunha o instrumento político mais importante que se aproba e que se debate nunha Corporación. é nos orzamentos ademais onde cada forza política manifesta o seu *planing* político; as que formamos parte do goberno a través dos orzamentos e isto é moi importante. Tamén a oposición a través das súas alegacións, que eu agradezo sempre que se presentan, mostra cal é o seu *planing* político.

Afortunadamente en democracia pódese alegar sobre todo o que se queira, sobre calquera cuestión que apareza nos orzamentos, polo tanto tamén a oposición marca evidentemente o seu *planing* político cando presenta unhas alegacións a este documento tan importante. Para nós estes son os orzamentos dun goberno a través dos que se mostra a estabilidade deste goberno e o seu traballo en común.

Por segundo ano consecutivo traemos os orzamentos en tempo, logo evidentemente de dialogalos, de reflexionalos, e traémolos evidentemente como mostra da estabilidade de este goberno. Non son estes orzamentos ningún reparto do pastel, son o fiel reflexo do que un bo día o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego firmamos nun pacto de goberno. Estes orzamentos responden sen lugar a dúbidas a ese pacto de goberno e para nós son uns orzamentos fiables porque este goberno foi quen de demostrar á cidadanía que sabe executar uns

orxamentos, que sabe poñer en marcha as súas liñas políticas. Son uns orxamentos competentes porque coñecemos a realidade da cidadanía e queremos atender ás súas necesidades, son uns orxamentos con capacidade de resposta, en tempo de crise son uns orxamentos que apostan polo gasto social, polo emprego e que apostan pola promoción da nosa cidade.

Son uns orxamentos cribles porque o esforzo fiscal que lles pedimos ós cidadáns cando aprobamos as taxas e os impostos están nestes orxamentos absolutamente recompensados por aumento nos servizos e por aumento tamén na demanda das súas necesidades. Son uns orxamentos seguros porque é moi importante que un goberno ofrezca á súa cidadanía confianza e seguridade. Son seguros porque contemplan sen ningún tipo de dúbida o equilibrio financeiro do propio Concello.

E son uns orxamentos igualitarios porque favorecen ós sectores menos favorecidos, porque hai unha aposta social pola inmigración, pola inclusión social, polos dependentes, polas mulleres, pola mocidade.

Creemos que estamos presentando hoxe uns orxamentos fiables, competentes, con capacidade de resposta, cribles, seguros, igualitarios e creemos que son razóns sobradas para aprobar estes orxamentos e para apoiálos.

Uns orxamentos que lóxicamente foron configurados por un goberno do que formamos parte dúas forzas políticas, polo tanto quixera agora explicar brevemente dentro do Bloque Nacionalista Galego e do que son as nosas áreas, que liñas se marcan nestes orxamentos tal e como os nosos compañeiros e compañeiras socialista o acaban de facer.

Estes orxamentos deste goberno apostan por un maior gasto social, Sra. Molares, por un mellor gasto social, porque hai un forte incremento nas axudas ás familias, porque se duplican as axudas a comedores escolares, porque se aumentan as axudas ós sectores dependentes, porque se traballa claramente coa inmigración, coa exclusión social, co plan municipal de drogas, co centro de día, aumentando o servizo de atención domiciliaria e aumentando e poñendo en práctica actividades para os maiores de todo tipo.

Estes orxamentos tamén son unha clara aposta pola igualdade con ese novo plano integral de igualdade, con ese apoio ás mulleres con toda unha rede de servizos á súa disposición, con esa loita sen cuartel que os orxamentos contemplan en contra da violencia de xénero, coa creación da rede que xa se pode visualizar o seu inicio

da rede de galescolas, elemento fundamental para compatibilizar a relación laboral e familiar, apoiando á mocidade, poñendo instrumentos para o seu desenvolvemento integral como persoas.

Estes orzamentos tamén son unha aposta clara pola cidade e pola súa promoción, atraendo a Vigo grandes eventos internacionais cun impulso importante como nunca do Casco Vello da nosa cidade, coa posta en marcha de grandes e importantes humanizacións, desenvolvendo un plan de competitividade turístico, apoiando as iniciativas do pequeno e mediano comercio da nosa cidade. Nestes orzamentos tamén hai unha aposta clara pola cultura e a nosa lingua, por unha cultura para todos, por facer de Vigo un emblema con festas porque tamén en tempos de crise os veciños e veciñas queren ter espazos de encontro e queren ter espazos para o seu lecer.

Reforzando a rede museística da nosa cidade, establecendo unha programación estable de teatro, danza, en definitiva da potenciación de todas as artes escénicas; aí está esa gran reforma do auditorio municipal que vai posibilitar que por fin ese auditorio sirva realmente para o que era concibido, reforzando o uso do galego nos centros de ensino con campañas de sensibilización.

Estes orzamentos son tamén unha aposta polo noso patrimonio, poñéndoo en valor, recuperando e poñendo en marcha depósitos arqueolóxicos moi importantes como Toralla, como o Castro que vai ser unha realidade o ano que ven, incidindo no coidado dos edificios históricos, sensibilizando á cidadanía tamén na conservación do noso patrimonio.

Estes orzamentos son unha clara aposta polo deporte, polo deporte de base, por ese esforzo en aumentar as subvencións ós clubs, en dotar á cidade de infraestruturas deportivas, en traer á cidade eventos relevantes que poñan a Vigo no máis alto e tamén, como algo moi importante nestes orzamentos, no impulso do deporte para todos.

Dende o BNG, estamos orgullosos destes orzamentos e dígoo con toda a amplitude da palabra, estamos orgullosos destes orzamentos como sabemos que o están tamén os nosos compañeiros e compañeiras socialistas. Son sen dúbida ningunha uns orzamentos para avanzar, son uns orzamentos que van posibilitar que esta cidade avance a pesar de estarmos en tempos de crise, son uns orzamentos como nos gusta dicir ós homes e mulleres do BNG que nos van posibilitar poder traballar

para a xente, porque esa é a nosa vocación, traballar para a xente.

E agora imos analizar as alegacións do Partido Popular. Como dicía na aprobación inicial, Sra. Molares, animaba e animarei sempre á oposición a que alegue, a que presente mocións, a que nos suxira, a que nos critique, porque ese é o papel da oposición e vaia por diante a miña felicitación e o meu agradecemento porque foran quen de presentar esas alegacións, é un papel importante que a oposición ten que facer.

Pero lle vou dicir unha cousa, vostedes cren realmente que puxemos o bono bus, eses 72.000 euros, porque vostede nolo dixo na aprobación inicial? Non; os 72.000 euros que efectivamente faltaban na aprobación inicial poñémolos porque dende a concellería de Benestar Social se puxo en marcha xa este mesmo ano esa medida, unha medida que iamos continuar porque apostamos polos dependentes, polo equilibrio e pola xustiza social para aquelas persoas que teñen algunha discapacidade, non porque vostede no lo dixera.

Vostede di que non se lle pode achacar ó Partido Popular o que gastaban en publicidade cando non estaban en tempos de crise. É unha cousa importante a que vostede acaba de dicir, se vostede recorta o que di en gastos de publicidade, acaba de dicirnos que polo tanto en tempos de non crise esta permitido malgastar, que en tempo de non crise non ten por que recortar iso, agora si. Se agora segundo vostede isto non é preciso, aínda que non estivéramos en tempo de crise tampouco o era, polo tanto o que nos esta a dicir é que cando non estamos en crise se pode malgastar. Pois eu creo que non, nin este goberno malgasta, nin aínda que non esteamos en tempos de crise se pode malgastar, Sra. Molares.

Na aprobación inicial vostede fixo moito fincapé en apoiar á Sra. Méndez porque segundo vostede non había un gasto social importante; moi boa parte deses oitenta minutos fixo vostede distintas intervencións en apoiar que había que subir o gasto social. Sorprende que despois de tanto falar o que vostede soben nas súas alegacións o gasto social son 600.000 euros, logo de que hai un incremento con relación ó 2005, último ano do seu orzamento, con relación á concellería de Benestar Social en máis dun 23%, case un 30% se sumamos outras incorporacións. Vostede dixo no que quería ampliar pero creo que é importante tamén que a cidadanía coñeza, Sra. Molares, que é o que vostede se quere cargar porque creo que tamén é interesante coñecer eses datos. Revisando as súas alegacións un se

atopa con algo que é chocante; chegan vostedes ter na concellería de Xuventude en atencións protocolarias 2.000 euros para un ano enteiro e vostedes baixan e reducen a 1.000, é un dato moi relevante.

Hai máis e a verdade é que a un ó que lle chocan son estas cousas. Vostedes foron durante o goberno da Sra. Porro quen instauraron nesta cidade que o alumeado de Nadal fora absolutamente a cargo do Concello e nós continuámolo evidentemente.

Antes os comerciantes colaboraban e a Sra. Porro coma alcaldesa, dentro das medidas para favorecer o pequeno e mediano comercio, así o dixó e está nas hemerotecas, decidiu naquel momento que os comerciantes non pagaban e que todo o alumeado do Nadal ía ser a cargo do Concello de Vigo. Parécenos que é unha medida que efectivamente pode apoiar ó pequeno e mediano comercio, sobre todo en tempo de crise. A Sra. Molares o ano pasado acordaranse todos que nos medios de comunicación saía dicindo por que atrasáramos o alumeado do Nadal, que estábamos poñendo en perigo ó pequeno e mediano comercio.

Pois resulta que se cargan toda a partida de alumeado do Nadal e se lle facemos caso ó Partido Popular o ano que ven nesta cidade ou pagan os comerciantes ou non hai alumeado do Nadal. Esas son as grandes contradicións do Partido Popular.

Pero hai mais que tamén chocan. En Turismo había unha partida de 160.000 euros para que Vigo puidera promocionarse na World Fishing, imos ter aquí a Feira Mundial de Pesca mais importante e resulta que segundo os señores e señoras do Partido Popular Vigo non se vai poder promocionar, eliminan esa partida. Xa me dirán vostedes como se promociona unha cidade nos foros internacionais, como se vai aos foros internacionais para que esta xente aproveitando a World Fishing coñeza Vigo. Ademais eliminan tamén outra partida "Promoción do turismo de Vigo."

Sra. Molares estou convencido de que estes son os mellores orzamentos que se poden presentar nestes momentos porque o din vostedes nas súas alegacións, por iso gustaríame que me atendera para lle dicir que espero que voten a favor destes orzamentos. Están dicindo nestas alegacións que son os mellores orzamentos posibles, dígoos porque se sumamos todas e cada unha das partidas que vostedes cambian deste orzamento, as que rebaixan e as que soben, danos a cantidade de 4.320.000 euros como vostede moi ben dixó.

Todo o que vostedes presentan aquí é mover 4.320.000 euros. Dos 221.000.000



euros do orzamento iso representa Sra. Molares o 1,95%, por iso eu dicía ó principio que se pode alegar sobre o que se queira. Vostedes estannos a dicir que o 98,05% do orzamento está perfecto porque non o tocan. Estes son os datos que están aquí, non os digo eu, vostedes presentan unhas alegacións por 4.320.000 de 221.000.000, o resto non o tocan polo tanto, se ata a oposición nos di que o 98,05% de orzamento está perfecto, evidentemente como non imos estar satisfeitos e orgullosos destes orzamentos?

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sra. Molares utilizou tres palabras que demostran que quen o están facendo son vostedes, utilizou a palabra demagogia, utilizou malgasto e utilizou “falla de credibilidade.”

Igual que fixo a Sra. Molares tentando desbaratar o orzamento na aprobación provisional, eu vou ir desbaratando todos estes argumentos e demostrando que quen malgasta é o Partido Popular, quen fai demagogia é o Partido Popular e quen ten falla de credibilidade é o Partido Popular, polo tanto atacan ó Partido Socialista e ó BNG utilizando os seus defectos.

Vou empezar por unha frase que utiliza habitualmente a Sra. Molares cando di que o termo conxelar da Sra. Díaz é distinto do que usan o restos dos economistas porque di que conxela cando o que fai é unha actualización do IPC; a palabra que se ten que utilizar é actualización do IPC e non conxelación real.

É o que vostede di, que estou manipulando esa palabra, ese concepto de conxelar, que vostedes nunca conxelaron ás subidas das taxas e impostos, o que vostedes fixeron foi actualizar o IPC e recoñece que vostedes actualizaron o IPC e nunca utilizaron a palabra conxelación real. Voulles ler unha carta.

Lembráranse das famosas cartas en época electoral que lle mandaba a Sra. Porro ós veciños dicindo o bonitas que ían deixar as súas rúas, non fixeran nada en tres anos pero agora eran máis chulos que ninguén e ían deixar as rúas magnificas e preciosas. Aquelas cartas enviáronse en período electoral e as tivo que parar a Xunta Electoral, temos unha acta da Xunta Electoral que di que aquelas cartas non se podían enviar porque eran propaganda electoral, por suposto pagada por este Concello cos gastos de publicidade que agora non deixa tocar a Sra. Molares.

Pois vou ler unha desas cartas que empeza: “Estimado veciño, Vigo conseguiu...”

Está falando de que non puido facer moito pero que o ano que ven investirá

7.000.000 de euros. No penúltimo parágrafo di: “Este traballo requiriu un grande esforzo de todos. Como sabe só tivemos a oportunidade de contar cun presuposto ao longo deste mandato (repito que cun millón de euros en humanizacións). Tampouco isto fixémoslo a costa de subidas de impostos municipais, conxelados no transcurso dos anos”. Firmado pola Sra. Porro.

A Sra. Porro díxolle a todos os vigueses que conxelara os impostos municipais cando fixera exactamente o que fixemos nós, actualizar o IPC, conxelación real. Sra. Molares non manipulamos, dicimos a realidade. Ou esta dicindo que a Sra. Porro non di a verdade? Estalle dicindo á Sra. Porro que mente ós veciños, dicindo que lles conxelou os impostos cando o que fixo foi actualizar o IPC? A quen está manipulando?

Tampouco o fixemos a costa de subida de impostos municipais, a Sra. Porro di que non subiu os impostos, o que fixeron foi conxelalos no transcurso dos anos.

Lémbrolle que é carta ilegal, pagada por todos cos gastos de publicidade deste concello. Teño a acta da Xunta Electoral. Esta aí a carta e a acta fala dos gastos de publicidade. A verdade gustoume a intervención do Sr. Domínguez porque ese é o sentir xeral, parece que ó Partido Popular permíteselle todo e ó resto do goberno non se lle permite nada.

Eu podo entender que se cale algunhas cousas ou que non as saiba porque se fixeron pola porta de atrás, entón entendo que a Sra. Molares non saiba cales foron realmente os gastos de publicidade da súa etapa de goberno. Pero no seu goberno, só no ano 2007, en seis meses gastaron 2.000.000 euros, están nos rexistros contables e podo ler unha a unha todas as modificacións orzamentarias que se fixeron para eses gastos de publicidade. Todos os anos incrementaron os gastos de publicidade.

Dixo que traballou onte pola tarde; non é a primeira vez que o di, non sei se é que quere dar pena porque lle facemos traballar os domingos pola tarde no canto de ir pasear cos seus fillos. Moitos traballamos sábados e domingos e tamén de luns a venres, a min recórdame aqueles rapaces que non estudan para o exame e estudan o último día, Di que non o puido preparar; un orzamento de máis de mil paxinas eu non sei se se pode preparar nunha tarde, a min custaríame, se cadra é superdotada e pode facelo, felicítoa. Pero a verdade é que un orzamento de mil paxinas é difícil estudalo detidamente nunha tarde.

Di que presentaron a conciencia as alegacións, que non son partidas sacadas “a grosso modo”, que miraron unha a unha detidamente. Miraron as do ano pasado e copiaron as do ano pasado. Ese é a credibilidade do Partido Popular, colleron as alegacións do ano pasado e montaron exactamente o mesmo documento, coas mesmas alegacións para este ano. É certo que podemos ter fallos, todos temos fallos, temos erros, hai que traballar con rigor; pois vostedes na primeira paxina xa se confunden coa data e poñen a equivocada.

Todos cometemos erros, non pensaba dicir nada pero como eu non podo cometer erros e vostedes si, pois mire.

Aquí están as alegacións do ano pasado e as deste ano. Primeiro, órganos de goberno que había que baixar o ano pasado: programas e distritos, exposicións e congresos, gastos diversos, asesoramento infraestruturas, programas de alcaldía. O que hai que baixar este ano é: órganos de goberno, programas e distritos, exposicións e congresos, gastos diversos, asesoramento infraestruturas; as mesmas, cambian unicamente na proposta nova que fixemos este ano de facer tres eventos internacionais, o demais o mesmo.

Relacións publicas, publicidade; estamos en épocas de crise, hai que reducir a publicidade máis que nunca, non se pode gastar nada. O ano pasado propuñan unha redución de 320.000 euros e este ano propoñen unha redución de 250.000 euros. Segundo vostede había que reducir máis, entón, por que o ano pasado propoñían 320.000 e este ano só 250.000? Non hai coherencia señores do Partido Popular.

Propoñen reducir os eventos, reducir partidas que son para promoción da cidade.

A diferenza entre este goberno e o de seu é que aquí si que gastamos a publicidade en promoción da cidade, non na promoción dunha persoa.

Quero poñer un exemplo que nestes momentos está na prensa: a cidade de Madrid. Non sei se xa é deformación profesional pero o certo é que nos telediarios, na radio, atopo continuamente ó Concello de Madrid. Non sei se vostedes escoitaron unha campaña de radio, publicidade pagada polo Concello de Madrid, alcalde do PP, na que se di: veñan á nosa cidade a ver ó alumeado do Nadal.

Están promocionando a cidade gracias ó alumeado do Nadal, ese que como moi ben dixo o Sr. Domínguez vostedes propoñen diminuír a cero. Queren que o gasto de alumeado de Nadal nesta cidade sexa cero. Eu podo dicir o que gastou o

gobierno do Partido Popular en alumeado do Nadal: en 2005 gastaron 350.000 euros; en 2006 fixeron dúas partidas, unha de 150.000 e outra de 150.000, 300.000 euros e lémbrolle que tivemos que facer unha modificación orzamentaria para pagar o alumeado do Nadal que eles non pagaron por un total de 800.000 euros e agora propoñen que esta cidade non gaste nada no alumeado do Nadal. Iso si, cando quen goberna é o Partido Popular entón si que se pode facer, pódese promocionar a cidade con eventos, pódese facer publicidade e pódese traer á xente co alumeado do Nadal aquí non. A diferenza é que o Partido Popular está na oposición.

Non se está traballando pola cidade, non son alegacións feitas para traballar para a cidade, son accións feitas para machucar ó goberno e cóllense as alegacións do ano pasado, repiten as mesmas e empezan a tachar.

Vostede falou oitenta minutos e propuxo que aumentaran os traballadores sociais. Onde está na alegación a proposta de aumentar os traballadores sociais? Eu non a vin por ningunha parte.

Dixeron que había que aumentar os gastos en educación. Onde esta na alegación o aumento en educación? Tampouco en ningunha parte. O que está propoñendo o Partido Popular é pura demagogia, collen tres partidas que chaman a atención, din que van diminuír os seráns, as festas e que van diminuír a publicidade; non señora, este goberno está traballando para promocionar a cidade. Hai uns días un importante membro do goberno dun país estranxeiro dixo que quería vir a Vigo precisamente porque imos celebrar a Feira Mundial da Pesca, vai vir xente moi importante de todo o mundo á cidade de Vigo e esta cidade vaise coñecer en todo o mundo. Imos organizar tamén unha regata internacional que vai traer xente de todo o mundo, aquí a Vigo e non a Sanxenxo. Non son partidas de publicidade, de promoción dunha persoa, son partidas de cidade, son partidas para xerar eses eventos porque aquí vai vir xente.

Podo darlle un exemplo. Hai uns anos fun cos meus rapaces a Madrid a ver o alumeado do Nadal, pasei varias noites alí, comín alí, merquei alí e xerei gasto alí e paseino divinamente. Pois iso é o que queremos na nosa cidade. Por que non podemos traer aquí a xente de Madrid a que veña ver a nosa cidade?. Non o podemos facer porque somos o Partido Socialista e o BNG, se fósemos o Partido Popular si podíamos facelo. Non señores, a cidade é de todos e todos somos a

cidade.

Dicía vostede que este non é un orzamento pensado no emprego e lémbrolle que levamos 9.000.000 euros en emprego, levamos creados 330 postos de traballo. Vostedes 3.000.000 euros, nós o triplo.

Eu tamén asombreime como xa dicía o Sr. Domínguez vendo algunhas partidas das que se pide a alta. Pídese a alta para unha partida da Federación de Veciños, non se piden máis subvencións a entidades, única e exclusivamente á Federación de Veciños e nós xa dixemos aquí que todas as asociacións son iguais, non hai favoritismo, todas as que cumpran os mesmos requisitos.

Nós si que pensamos que este é un orzamento para combater a crise e así se propuxo, se formou e se defendeu. As súas alegacións son unicamente puro *marketing*. Quen malgastaron foron vostedes, todos os gastos de publicidade reducíronse a máis da metade do que vostedes tiñan, fora época de crise ou non fora, e quen fallan en credibilidade son vostedes.

Falou do auditorio; vostede non lembra o que dixen, dixen que da igual se a consellería nos dá estes cartos este ano ou o ano que ven, non hai problema. No momento en que teñamos constancia de que nos dan os cartos incluírémolo no orzamento. Así o fixemos, en canto tivemos a constancia de que nos daban os cartos incluímos, se decidiron pasar 32.000.000 para o ano que ven non hai problema, o ano que ven tamén seguimos en obras, xa llo dixen Sra. Molares. Da igual cando a consellería nos dea os cartos, este ano ou o ano que ven, había un convenio no que se nos dicía que ían entregarse todos este ano, foi o que apareceu no orzamento do ano pasado. No momento no que constituímos este orzamento non tiñamos constancia de se ían pagar eses tres millóns; en canto tivemos esa constancia metémolos porque é a nosa obriga, é o que temos que facer. Esa é a credibilidade, xa llo dixemos, polo tanto os que están manipulando, os que teñen pouca credibilidade son vostedes que andan mentindo para ó final xerar dúbidas e incertezas.

Estes son os orzamentos para a crise, demostran que o único que presentaron vostedes de alegacións é exactamente o mesmo que o do ano pasado, exactamente o mesmo.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sra. Díaz, lamento que pense que non podo preparar o

orçamento nunha tarde, desde logo que non o preparei nunha tarde, levo semanas preparándoo pero me gusta estar preparada para vir debater con vostede.

Os exames si que os preparaba o día anterior, vostede coñece a xente que coñezo eu e son de estudar o día anterior. Cada quen ten as súas vantaxes, por iso nin mellor nin peor que ninguén.

Sra. Díaz, Sr. Domínguez, comprendo que vostedes teñen que xustificar a súa postura, o seu orzamento do malgasto e fano atacando. Faime gracia Sr. Domínguez, sácame a porcentaxe do 98%; eu dixen que este non era o noso orzamento e que fixeramos unhas reducións a través dunhas alegacións que sabíamos que non ían aceptar. Fixeron o orzamento que vostede quixeron porque vostedes gobernan e teñen capacidade para o facer. O Partido Popular non lles vai dicir como gobernar, quere colaborar, axudar e dilles como reducindo unhas poucas partidas. Sra. Díaz, Claro que coinciden algunhas coas do ano pasado, as publicidades e as propagandas son as mesmas e vostedes o ano pasado xa seguiron a mesma política, incrementar os gastos de asistencias e publicidades. A mesma política que é a do malgasto. Di que é unha parvada só para axustar 4.300.000 euros.

Valoramos o orzamento, eu interpreto o ó revés Sr. Domínguez, se só son 4.300.000 precisamente será o que pretendíamos como unha pequenez, un pequeno axuste, un pequeno esforzo do goberno, só unhas partidas, máis de medio centenar que poden asumir esa responsabilidade, pediámoslle que tenderán a man ó Partido Popular e aceptaran se practicamente son pequeneces.

Ou me vai dicir que eses 4.300.000 están mellor gastados onde vostedes os gastan, en publicidade, festexos e propagandas, que nunha distribución en emprego é política social? Vaillo dicir vostede ós 4.538 parados que ten a cidade hoxe, máis que en xuño do dous mil sete? Vostede debeu estar buscando no dicionario adxectivos: cribles, seguros, igualitarios, equilibrados, fiables, competentes, puxo moitos adxectivos a estes orzamentos aínda que non se adapten á realidade. Eses 4.300.000 queríámoslos distribuír equitativamente a aqueles que necesitan máis a través da política social, ese plan para combater a crise de axuda ás familias, ó pequeno e mediano comerciante e ó sector turístico e comercial, onde eses 4.300.000 cremos que son máis operativos e que van axudar máis.

Se non, Sra. Díaz, non tivera aumentado os impostos, non era de forma equitativa, pero con eses 4.300.000 quedarían os orzamentos incremento cero. Polo menos estarían mellor nas mans de todos e cada un dos cidadáns de Vigo que nas súas mans. Tiña por aquí un recorte dos medios de comunicación; eu dicíalle que os impostos subían 100 euros de media e poñíalle casuísticas; neste recorte fálase de 128 euros e dino os medios de comunicación, non o digo eu. Vostedes saben que temos razón, que eses 4.300.000 euros podían telos aforrado e podíanse ter beneficiado cidadáns e cidadás que o van necesitar.

O Sr. Domínguez di que a política de benestar social incrementou e citou partidas. Sr. Domínguez, levaron recentemente á Xunta do Goberno unha subvención para asociacións a VIDE de 150.000 euros; eu onte sumaba diversas partidas a colectivos dende o departamento benestar social neste exercicio 2008 porque o Sr. Domínguez falaba de que eran quen do executar. Claro que son, 150.000 euros para VIDE, para programas de maiores. Onde están eses programas? Porque eu non mirei ningún anuncio e pregunteino. Non houbo ningún programa de maiores en VIDE e vanlle dar 150.000 euros que xa veremos como os xustifican.

Sen embargo se sumamos o programa de saharauis de 2009, sindicatos, xordos, AFAN, misioneiros, comedor da esperanza MENELA e algunha asociación máis, suman 186. A quen estamos dedicando os recursos públicos? A quen o precisan, estes comedores, esta xente que se queda á intemperie, que non teñen diñeiro, a Cáritas ou a sufragar gastos de VIDE que non se sabe nin para que? Porque, por certo, pedimos dúas veces as facturas de VIDE e estamos esperando a que o Sr. alcalde nolas remita. Niso é no que nós cremos que esta alegacións podía servir; en axudar ás familias, dunha forma equitativa ou dunha forma proporcional a todos e cada un a través dos seus impostos.

A Sra. Díaz fálame dese cambio do auditorio; eu sei Sra. Díaz que este Concello era coñecedor de que xa había ese cambio o día que presentou o orzamento, por iso llo preguntei, porque menten e non se sabe por que. Ademais a conselleira Sra. Caride é colega de seu, poderían chamala e que lle dixera se ía ou non investir. No orzamento pódese facer a través de corrección de erros que, por certo, non a firma ningún concelleiro, métena sen escrito.

Ese é o seu rigor Sra. Díaz e falando de rigor a súa contestación de alegacións non ten desperdicio. Para empezar confunde un mandato cunha lexislatura; calquera

corporativo deste concello sabe que nos concellos son mandatos e vostede contéstame "...foi concertado na anterior lexislatura". O grande evento do que vostede fala é a regata internacional Atlantic Challenger, por certo concertada polo Partido Popular e na que teñen dúas partidas para o mesmo. Suprimímoslle unha e deixámoslle a outra Sra. Díaz, aínda que lle chamen distinto, Regata de Grandes Cruceiros ou Internacional Atlantic Challenger.

Vostede segue coa súa idea e non sei se vai cambiar ó longo do mandato ou vai seguir falando deses millóns de publicidade. Decía que eu ó mellor descoñecía; podía telo descoñecido antes pero con todas as veces que vostede o dixo quedoume claro, 2.000.000 euros que gastamos no goberno da Sra. Porro. Teño que dicir que no 2003 o gasto era maior e vostedes, que din que tanto reduciron, 964.820 é a cantidade que pon. Por certo, pedín a execución presupostaria e non chega ós 2.000.000 de euros a do 2007.

Teño aquí un listado de cando tiñamos acceso ó rexistro de entrada; aquí entraron facturas no 2007, que maxino que pagaron, de Ecovigo, Cice, Anónimo, que non as encargou o Partido Popular. De Anónimo por exemplo son 199.155,58 euros dende o 16 de xuño ó 31 de decembro que gobernaban vostedes, polo tanto haberá que analizar, deses 2.000.000 dos que fala no 2007 de publicidade, cal é do Partido Popular e cal é do goberno actual.

Dígolle máis, vostede sacaba unha carta da Sra. Porro, unha carta ilegal; lévea ós tribunais se esa carta é ilegal. En Bouzas hai un antes e un despois en campaña electoral sendo o alcalde desta Corporación presidente do Porto. Compare a carta con isto, aí si que o fan ben, unha carta fronte a este colorido satinado. Levamos ano e medio e non miro nada disto en Bouzas pero cada vez que chegaba a miña casa, en todas as caixas de correo estaba e non unha, senón ata tres veces chegoume por iso teño este, porque son moi despistada e vounos tirando pero un quedoume. Isto pagouse co orzamento do Porto e o Porto en publicidade gastou tanto como o Concello e non creo que sexa o mesmo o Porto que o Concello de Vigo que si ten que facer publicidade en determinados departamentos e publicitar determinados programas. Por tanto non vaíamos aquí facer demagogia.

Sra. Díaz, Sr. Domínguez, claro que estamos nunha situación de crise.

De verdade creo que nos queren tomalo pelo. Como me poden dicir que nós malgastábamos e que se antes se facía agora porque sexa crise non é o mesmo?



Claro que non é o mesmo, agora nos esixen un axuste presupostario, ou non saben o que é?

Vostede cando non ten problemas económicos na súa casa ó mellor pódese comprar unha roupa máis cara e cando esta pasando por un momento malo, quédase no paro, non pode comprar roupa. Non é o mesmo nun momento de bonanza económica que nun momento de crise. Na crise hai que valorar moi sopesadamente que é o importante e que é o que non.

Claro que ás veces a publicidade pode ser boa, ninguén o discute, claro que é bo que se promocióne o tema do Nadal. A Sra. Porro politicamente decidiu que o alumeado non era unha carga que tiñan que asumir os comerciantes, ademais negábanse a facelo e tampouco tiña moito sentido que, se pagaba o Sr. do número vintecinco da rúa X o alumeado, lle puxeran alí unha tira de Nadal e se non o pagaban o do seis e o sete, pois quedara ata dentro de oito rúas sen outra tira de Nadal.

Efectivamente o goberno da Sra. Porro creu que era bo que o alumeado de Nadal fora un tema de dinamización e de promoción da cidade.

Eu pregúntolle á Sra. Díaz, no ano 2007 e no 2008, pagouse o alumeado do Nadal? No ano 2008 non hai partida para o alumeado do Nadal, esta partida é nova no ano 2009. No ano de crise si ten que haber partida e no ano 2008 non? Cando houbo ese problema co accidente do alumeado o Sr. Figueroa preguntoulles con cargo a que partida pagaron o alumeado do Nadal, preguntamos sobre os informes do sucedido e onte se nos entregaron dous informes, un de folio e medio e outro de medio folio; queríamos facer unha pregunta máis concreta e gustaríanos que o goberno nola respondera: con que empresa se fixo a contratación e cal foi o importe desta contratación.

A Sra. Méndez contestou que a contratación fíxoa a empresa de alumeado público. No contrato do ano 2005 unha das cláusulas di que eles mesmos se encargan do tema dos contratos e de contratar o alumeado do Nadal. En que quedamos, está no contrato de 2005 de alumeado de Nadal? Por certo, que non é do departamento de Comercio Sr. Domínguez, seino porque eu levaba turismo e considerei que o tiña que levar Electromecánicos porque era un tema de cidade, pasou de ser unha subvención de comercio a un tema de cidade e eu miraba polos comerciantes, pero o expediente estaba no departamento de Electromecánicos, adxudicado no

ano 2005. Tamén está sen pagar o alumeado de 2007 e 2008? A empresa que fixo o alumeado non está contratada? Estame dicindo iso Sra. Díaz? Gustaríame que mo respondera.

Non estamos dicindo incoherencias, no orzamento de 2008 non aparece unha partida 2.13 en Comercio para pagar o alumeado de Nadal, polo tanto non ten por que aparecer no 2009 ou vostedes están mentindo e non me gustaría que nun tema como este que o Partido Popular non dixo nada, como é o tema dun accidente, que mentiran .

Sra. Díaz, fálame de rigor. Hai pouco vostede levou unha adxudicación do seu departamento e busco un tema do seu departamento para que despois non lle bote a culpa a algúns dos seus compañeiros; un prego de prescricións técnicas para a conservación e reposición de parques forestais por un importe de 647.386 euros, prorrogable dous anos, é dicir que no ano 2009 vai estar feita esta adxudicación e contemplada esta partida no orzamento.

Sabe por que cantidade vostede a presuposta no departamento? 407.311, un 38% menos do que sae a adxudicación. Xa sabe que a adxudicación vai estar cunha baixa dun 38% Sra. Díaz? Non fixeron o orzamento con rigor, vostedes fixeron un orzamento e aprobárono, só faltaría, pero dende logo non ten rigor.

Falábame Sr. Domínguez de que o do bono bus non o fixeron porque nós llo digamos; pois o fixeran ben ó principio porque apareceu unha partida de 3.000.000 euros e eran necesario 72. Estaba moi claro, pero eu non elaborei o presuposto inicial, elaborárono vostedes, fíxense máis, traballen con rigor.

Non sei como ridiculizan as partidas que nós tentamos rebaixar. Cando se buscan partidas nos gastos de Xuventude, en protocolo, buscáronse partidas que non estiveran comprometidas e polo tanto que baixaran o importe que se precisaba. Pero o que é curioso son as contestacións que dá a propia concelleira responsable da área. Di que non acepta as alegacións do Partido Popular porque non pode ser técnica e legalmente posible reducir algunha delas porque xa están valoradas e axustadas en termos de mínimos. Este goberno considera que todo o que publicita está en termos de mínimos, todo ese malgasto en termos de mínimos, estáselle pedindo un esforzo e vostedes din que en termos de mínimos e rise o Sr. Domínguez dos 600.000 euros que pedimos para benestar social.

Pois mellor serían 600.000 euros que os 267 que incorporan agora a través de

alegacións. Se tan pouco lles parece, súbano a 600.000 euros, nós estamos de acordo en que se suban eses 600.000 e non que se suban para esas partidas que lle fan a vostede tanta gracia. Ós cidadáns imaxínome que tamén lles fará máis gracia ter un anuncio nun periódico ou estas cousas que todos os días anuncia a Alcaldía do hospital, que eu as veces pregúntome se xa está ese hospital porque xa arranxaron a sanidade pública, cada vez máis listas de espera pero desde logo o anuncio sae en cuñas día si e día tamén. Se iso o gastaran para listas de espera mellor nos viría a todos.

Non me podo negar a ler este argumento nun dos parágrafos da Sra. concelleira no tema do investimento que di: "Por último propónse un incremento de créditos no programa funcional de Vías e Obras de algo máis de 1.100.000 euros". Como sempre vendo o vaso cara abaixo aínda que o alcalde o mire sempre cheo, porque era un 1.152.000, de redondear está máis cerca de 1.200.000 que de 1.100.000. "Cando as dotacións orzamentarias neste programa nos dous últimos anos superan as de calquera outro ano... de tal xeito que cada ano se presupostan aquelas que tecnicamente son posibles desenvolver de acordo ós datos técnicos dos servizos xestores e á propia casuística da cidade".

A Sra. Díaz estanos dicindo que non se poden subir 1.152.000 euros a partida de Vías e Obras porque se presupostan cada ano aquelas que tecnicamente son posibles desenvolver e sen embargo no parágrafo seguinte dinos: "En calquera caso estase a procura de novos recursos que permitan a ampliación dos investimentos en obra pública na cidade", e aparecen os 52.000.000€ do Sr. Zapatero, que hoxe non vou falar das súas incongruencias porque iso toca para outro día.

Non me estraña que na Xunta do Goberno que realizaron o pasado venres non estiveran os expedientes porque seguramente non os terán feitos, pedímolos por escrito; convocaron vostedes unha Xunta de Goberno para este tema e non están os expedientes a disposición da oposición. Ó mellor é por isto que di a Sra. Díaz que tecnicamente son posibles desenvolver cada ano segundo a cantidade que vostedes estableceron en orzamentos.

Tería que ler con máis atención o que escribe a Sra. Díaz, tería que escribir con máis atención porque o que esta dicindo é unha total incongruencia

En canto a estas alegacións tamén comentarilles que non só non ten sentido como

contestaron as alegacións, porque mentres vostede di que as alegacións do Partido Popular non se poden realizar tecnicamente, o técnico di que non as valora porque son políticas, asinado polo responsable técnico da formación de orzamento que nos di que non as valora, só as agrega por conceptos porque son de ámbito político e vostede dinos que non se pode facer porque é técnico. Non tiveron nin sequera o respecto á oposición para contestar isto con rigor, non elaboraron un orzamento con rigor e tampouco valoraron as propostas da oposición con rigor.

Seguimos crendo que vostedes son uns prepotentes e uns arrogantes e que no informe de fiscalización, en canto a estas alegacións que é o que hoxe estamos tratando, di en primeiro lugar que “Apreciamos incongruencia na formulación da proposta da resolución que se somete a informe na medida en que determinadas alegacións se rexeitan ou se desestiman en base a que non son susceptibles de ser encadradas dentro dos tres motivos taxados expostos anteriormente, en tanto que respecto doutras reclamacións, aínda non correspondéndose cos motivos de impugnación previstos legalmente, decláranse admisibles desestimándose ou estimándose segundo os casos”.

É dicir, que fan o que lles ven en gana sen ningún respecto por nada. Utilizaron o período de alegacións para cambiar o orzamento de Persoal de cabo a rabo, crearon 15 prazas e entre elas unha de persoal eventual. É unha burla que se presenten ós cidadáns conxelando as retribucións dos corporativos e suban o persoal eventual; como é unha burla que de 26.000.000 euros non sexan quen de reducir un, só lle pedimos que reduzan no concepto 2.27. Como en 26.000.000 me poden dicir que non van ter de onde sacar para facer eses eventos, para facer a Word Fishing, para facer o bicentenario? Reaxustar é o que teñen que facer vostedes, o goberno, nós démoslle unha alegación con responsabilidade e vostedes contestan como sempre, con prepotencia. Este orzamento non da resposta ós cidadáns, cada vez hai mais parados, 4.538 parados máis.

A PRESIDENCIA: Sra. Molares leva nesta segunda intervención vintecinco minutos.

SRA. MOLARES PÉREZ: Este orzamento non é un orzamento para un ano de crise, non é un orzamento racional e sensato, vostedes sábeno, non da resposta ás familias, non da resposta ás pequenas e medianas empresas, nin ós autónomos, a

situación económica é moi grave é cada vez é mais e vostedes non actúan, tómano a broma. Desprezan as achegas que fai a oposición como desprezan as que fai calquera colectivo social ou económico da cidade.

Esa é a súa forma de traballar, ese é o seu estilo e quen lle dará respostas será a cidadanía.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Dous minutos única e exclusivamente porque non quero abrir debate pero si creo que hai que clarificar cousas que acaba de expoñer a Sra. Molares.

Efectivamente hai unha transferencia de Benestar social á Fundación VIDE. Eu non sei se vostede coñece as actividades desta Fundación pero si que está traballando en deportes para maiores, está traballando con discapacitados, está subvencionando a clubs deportivos de discapacidade e está facendo un traballo de favorecer tamén a chegada ó deporte dos sectores menos favorecidos a través de actividades como Vigo en xogo e demais, que favorecen que por exemplo grupos que se integran dentro de Cedro ou grupos que se integran na reinserción laboral, poidan participar nunha serie de competicións deportivas e para iso fan falta evidentemente cartos. De aí esa transferencia. Simplemente para aclarar.

E remato xa porque repito que non quero abrir outro debate, dicir simplemente que claro que nos parecen pouco eses 600.000 euros porque dende o ultimo orzamento do Partido Popular en Benestar social que era de 4.340.000, pásase no segundo que ten este novo goberno a 6.150.000 e iso supón un aumento do 41.7%.

En definitiva volvo dicir o mesmo, as súas alegacións chegan ó 1,95% de todo o orzamento, todo o resto segundo vostedes esta ben neste orzamento.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sr. Domínguez penso que era mellor que non me contestara. Coñezo a fundación VIDE, restoume algunha noite de durmir tranquilamente. Este ano fai as mesmas actividades que facía o ano pasado, o anterior e o anterior porque está bastante parada.

Pasamos de darlle 12.000 euros que lle daba este Concello a darlle 1.162.000 euros neste ano 2008 e o partido da oposición pediu no mes de xullo que quería coñecer ese millón de euros que se lle deu cun remanente de crédito, desas contas que lle deixou tan mal o Partido Popular Sra. Díaz, pois sacaron 1.000.000 euros para esa

fundación.

Queremos esas facturas e esa memoria e non nolas entregaron, xa reiteramos ese escrito porque o 31 de decembro acábase o ano e non temos esas facturas. Agora a final de ano, nunha última Xunta de Goberno, métenlle 150.000 euros máis de Benestar Social cando Cáritas, os Misioneiros, o Comedor da Esperanza piden máis diñeiro vostedes deciden que llo dan a VIDE. Xa veremos que xustificación fan. A nós non nos parece razoable. Cando gobernamos Benestar Social subiu e se non o fixo máis foi porque vostedes non exerceron a súa responsabilidade e non permitiron que se aprobasen máis orzamentos.

Neste momento estámolle pedindo que aumenten ese orzamento 600.000 euros. Estamos falando dun concepto que a Xunta de Galicia ten catro veces menos nese concepto e este Concello ten 26.000.000 de euros. Pedímoslle que metan 600.000 en Benestar Social e vostedes din que non; pois seguramente todos eses colectivos de maiores, todas esas familias que o están pasando mal agradeceríanllo

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Da forma na que se alporizou a Sra. Molares demóstrame que temos razón.

Vou empezar de novo polas súas palabras. De novo insiste na palabra malgasto. É certo que mandato no é lexislatura, pero lémbrolle que cando accedemos a este goberno o Partido Popular gastara 95% do orzamento en seis meses. Que me digan que iso non é malgasto. Se unha familia se gasta todo o salario nos primeiros quince días do mes, de que vive o resto? Iso no é malgasto, Sra. Molares.

Vostedes están propoñendo nas alegacións unha serie de altas, que se lle dean cartos a unhas determinadas persoas e entidades, din que non queren que se gaste nos eventos e queren que se lles dea cartos ó sector turístico hostaleiro directamente.

Eu aquí fágome dúas preguntas, vostedes falaban algunha vez co sector turístico hostaleiro e preguntaron que é o que queren eles? Queren as axudas directas? Se cada unha de vostedes queren que se lles dean axudas directas ós seus amigos porque cando nós nos reunimos co sector hostaleiro o que nos dixeron foi que querían eventos, sexan os que sexan, deportivos, políticos. Queren eventos porque é a forma de traer xente a esta cidade, é a forma de que consuman, que durman, que merquen. Polo tanto nós actuamos de acordo co que nos pide o sector hostaleiro,

nós si que escoitamos ós cidadáns e presentamos un orzamento que dá resposta ó que eles nos piden. Para superar a crise o sector hostaleiro non pide que lle deamos subvencións, estanos pedindo que se organicen eventos.

Di que nos confundimos se metemos dúas partidas para a regata que lle chama con dous nomes. Non Sra. Molares, a que se está confundindo é vostede, unha cousa é a cota, os gastos de matrícula que teñen que ir nunha partida, e outra cousa son os gastos que orixina a celebración. Quere que non paguemos a cota á que se comprometeu vostede?

A Sra. Molares foise quentando tanto que sen se dar de conta tachou de mentireira á Sra. Porro. A carta é moi clara e a Sra. Porro di que non subiu os impostos, que conxelou as taxas municipais. Polo tanto a Sra. Porro, o 25 de marzo de 2007 mentiulle a todos os cidadáns de Vigo porque lles dixo que non lles subiu os impostos: “Tampouco isto o fixemos a costa de subidas de impostos municipais, conxelados no transcurso dos anos”. Polo tanto Sra. Molares acaba de chamar mentireira á voceira do seu partido.

Todos podemos confundirnos ó poñer unha frase nun escrito. Eu tamén lle pido rigor aquí, non creo que a Sra. Porro sexa unha mentireira. Tamén lle pido a ela simplemente un pouco de rigor. Todos podemos confundirnos, todos podemos equivocarnos.

Falaba da publicidade, da data das partidas; orzamentos de gastos a 20 de xuño, Sra. Molares, non a 31 de decembro 1.826.000 euros. Son as súas partidas de publicidade.

Falou de novo dos gastos do Porto, de publicidade. Sra. Molares, quen aprobou o incremento de gastos de publicidade do Porto no verán de 2005? O Sr. Pedrosa do Partido Popular, quen incrementou os gastos no Porto foi o Sr. Pedrosa. O Sr. Caballero entra no Porto en outubro de 2005 cos orzamentos aprobados. Orzamentos que foron intervidos, o gasto foi fiscalizado e é impecable e o do ano 2007 igual. Cousa que non se pode dicir da publicidade da Alcaldía no ano 2007. Polo tanto teñan coidado porque ó final mirase todo.

As facturas aquelas das que falaba hai un rato, Sra. Molares, están todas intervidas e aprobadas.

Falan de que existe un informe, que hai unha incongruencia coas alegacións, que é unha burla. Sra. Molares, se nos atinximos estritamente á lei que di os supostos

taxados nos que se poden presentar alegacións, vostedes non podían presentar estas alegacións, ninguén podía presentar alegacións, todas tiñan que ser rexeitadas, as súas e as de todo o mundo porque non cumpren os supostos taxados. Como a costume neste Concello é que neste período se incorporen alegacións, incorporáronse todas, pero vostedes non podían presentar alegacións.

Falaban de prepotencia e arrogancia e o que se demostra é que quen ten prepotencia e arrogancia é o Partido Popular porque non soportan ter perdido, non soportan que nós teñamos feito un orzamento e non soportan que este sexa o segundo ano consecutivo no que presentamos a aprobación uns orzamentos en prazo e forma. O Partido Popular nin cando tiña maioría absoluta foi quen de levar un orzamento en prazo e forma e este goberno de coalición en ano e medio xa leva presentados dous orzamentos consecutivos para a cidade de Vigo, orzamentos que contemplan ademais as necesidades desta cidade.

Sra. Molares, estes si son orzamentos anticrise, que loitan polo desemprego. Falando de manipulacións tiñamos aquí eses datos de desemprego. Todo depende de cando comece e cando se acabe, a Sra. Molares fala de 4.000, depende de cando poñamos a cifra de inicio e de cando poñamos a cifra de saída, porque se poñemos dende outubro de 2006 ata outubro de 2008 da a metade.

Iso é manipulación de datos, ou se fala de datos anuais, ou trimestrais, ou mensuais pero non dende xuño ata decembro porque me interesa, porque é cando da a cifra mais alta, así calquera, eu podo collerlle mesmo cando dá.

Iso e manipulación de datos, nós collemos datos anuais dende outubro de 2006 ata outubro de 2008, é certo que hai máis desemprego, non o podemos negar, pero é a metade do que vostedes están dicindo.

Esta claro, que estes si son uns orzamentos presentados e defendidos de cara á eliminación do desemprego neste país, somos moi conscientes da situación. Este orzamento elaborouse pensando na mellor maneira de combater a crise, cortáronse e elimináronse unha serie de partidas, reducíronse a máis da metade os gastos que vostedes chaman de publicidade e unicamente destinamos a máis grande das partidas a investimentos, a gastos que xeran emprego. Este é un orzamento que gasta, que inviste na cidade para xerar emprego nesta cidade.

A PRESIDENCIA: Moitas grazas Sra. concelleira. Rematado o debate procedemos á



votación do punto primeiro da orden do día, aprobación definitiva do orzamento do Concello e os seus organismos autónomos para o exercicio 2009.

(Está ausente a Sra. Lago Rey)

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

**ACORDO:**

Primeiro.- **Estimar** a alegación realizada pola Sra. Concelleira Delegada de Parques e Xardíns e a de Servizos Xerais. A devandita alegación terá como finalidade facer fronte a distintas obras de investimentos de reposición nos centros de ensino públicos, así como rematar e liquidar as obras de acondicionamento da parcela entre rúa Venezuela, Budiño e rúa de D. Bosco; e a adquisición de obra artística. É unha alegación de tipo cualitativo, que en ningún caso altera o importe do proxecto orzamentario aprobado, que ademais non presenta desequilibrios orzamentarios, xa que as contías máis significativas son variacións cualitativas no capítulo VI do estado de gastos; e a creación dunha dotación no capítulo VI polo traspaso de empregos correntes a empregos de capital.

Segundo.- **Desestimar** a alegación presentada pola Sección Sindical da CIG no Concello de Vigo polas razóns que se motivan no apartado 5.- do informe da xefa da Unidade de Persoal de data 25 de novembro, en canto a solicitude de creación dun fondo do 0,375 por 100 da masa salarial, xa que tal pretensión non está recollida no proxecto de Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2009. Entanto á afirmación de que non se recolle partida ningunha para facer fronte á renovación de vehículos do parque móbil, hai que informar que está dotada a partida 1212.6240000 con 260.000 euros para facer fronte á 2ª anualidade de renovación da flota do Parque Móbil.

Terceiro.- **Estimar** a alegación presentada polo Tenente Alcalde. A contestación desta alegación se resolve por partes, propoñéndose a estimación de todos e cada un dos apartados que a conforman, nalgún dos apartados supoñen unha distribución cualitativa dun proxecto de investimento en varios específicos. En varios dos apartados trátase exclusivamente de modificación o corrección de

nomes de partidas. Noutros casos supoñen reaxustes no capítulo II ou minoracións e incrementos no capítulo IV. Tamén hai unha minoración no capítulo VI para incrementar o capítulo VII adicado a rehabilitación de fachadas. Por último, tendo en conta que a achega á Fundación Convención Bureau que estaba cualificada como achega fundacional no capítulo VIII, recualifícase como achega anual ordinaria, xa que a achega fundacional xa se fixo con cargo ó presuposto do 2008. Como se fai constar no informe de resolución da mesma, coa excepción desta última, ningunha ten incidencia na estabilidade orzamentaria nin nas masas orzamentarias. Unha vez feitos os axustes, coa estimación da totalidade da alegación, esta non supón a ruptura de ningún tipo de equilibrio, xa que os recursos correntes que financian operacións de capital unha vez feitas as correccións son dunha contía de 12.315.072,21 euros, e a capacidade de financiamento ou superávit dos estados consolidados é de 152.011,79 euros

Cuarto.- **Desestimar** a reclamación feita por D<sup>a</sup> Eugenia Curbera Calderón, D. José Ramón Curbera Conde, D<sup>a</sup> Sara Sanjurjo López Valcarcel e D<sup>a</sup> Pilar López Valcarcel, en relación á falta de dotación presupostaria para facer o pago das expropiacións da prolongación e ensanche da rúa Pedro Alvarado, xa que de acordo ao informe do Director dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, existe crédito adecuado e suficiente no orzamento do ano 2008 para facer o pago, existindo xa a retención de crédito nº 200800002800 para facer fronte ó pago correspondente á valoración feita pola administración. En canto se produza o fallo na Xurisdición Contencioso Administrativa, se este fose maior, existiría igualmente crédito para facer fronte ó mesmo.

Quinto.- **Desestimar** as alegacións feitas pola Sección Sindical da UXT no Concello de Vigo de acordo ó contido do apartado 6/ da Xefa da Unidade de Persoal. Pero abundando un pouco máis na dotación feita para facer fronte ás produtividades e gratificación e coa finalidade de buscar unha eficiencia na dispoñibilidade de recursos e a súa aplicación orzamentaria, o complemento de produtividade e de gratificacións, ten fixada unha contía máxima na Disposición Adicional Sétima das Bases de Execución do Orzamento, e as modificacións orzamentarias que se tramiten para ir dotando estas partidas dende a dotación inicial ata o importe máximo que se fixa nesta Disposición Adicional, serán competencia do Alcalde, coa proposta da Concellería de Persoal, posibilitando así unha xestión máis eficaz dos superávits e déficits que se produzan entre partidas e programas funcionais. Polo tanto, os incrementos destes dous complementos terán a súa orixe nas prazas que conforman a Oferta de Emprego Público do Concello, tanto a do propio ano 2009, como a que estea pendente de executar do ano 2008 ata que se produza a súa provisión. Tamén serán recursos axeitados para incrementalos devanditos complementos, as baixas, xubilacións e demais situacións administrativas que se produzan ó longo do ano 2009 e xeren aforros que sexan susceptibles de utilización.

En resume, coa aplicación do previsto na Disposición Adicional Sétima das Bases de Execución para o ano 2009, e tendo en conta os trámites legais e administrativos para a execución material da Oferta de Emprego Público, as dotacións do Capítulo son suficientes para atender todos os compromisos acadados en relación cos complementos de produtividade e gratificacións.

En canto á consideración, se a variación en relación co ano anterior das devanditas dotacións, debería formar parte ou non da Memoria da Alcaldía, sen prexuízo que tal documento é de competencia da propia Alcaldía, debemos considerar que a resposta xa está na propia norma reguladora do Orzamento como son as Bases de Execución. Ademais, como se recoñece pola alegante, a dotación do ano anterior xa era insuficiente, por iso non ten moito sentido entrar nesta consideración, que como se dixo antes, xa figura explícita na norma reguladora do Orzamento Municipal, sendo o verdadeiramente importante nesta cuestión e que co contido da Disposición Adicional Sétima dáse resposta tanto o que propón a Sección Sindical FSP-UGT, como a outras cuestións que viñan de antigo.

Sexto.- **Desestimar** a alegación presentada polo Sr. Secretario da Federación de Asociación de Veciños Eduardo Chao, que ten como finalidade solicitar a inclusión no orzamento dunha partida orzamentaria para facer fronte ó convenio que se viña asinando entre Goberno Municipal e a FAVEC, xa que non existe acordo ningún que comprometa créditos para o ano 2009 en relación a ambas partes, non incorrendo o orzamento aprobado provisionalmente en falta de crédito para facer fronte a obrigas contractuais. En calquera caso, o programa funcional 463.1, ten dotado créditos para axuda a programas e funcionamento das Asociacións Veciñais, que se outorgan xeralmente, como todos os anos, mediante convocatoria pública de subvencións en concorrencia competitiva.

Sétimo.- **Desestimar** a alegación que presenta a Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, xa que o orzamento para o ano 2009 elaborouse tendo en conta o índice de gastos executados en anos anteriores así como as previsións necesarias para a mellora de determinados servizos. Non entanto o anterior, no proceso de elaboración do presuposto xeral, tivéronse en conta as necesidades reais e como resultado final diminuíuse o gasto voluntario en termos relativos en relación con anos precedentes. Consideramos que as partidas que se solicita diminuír, están dotadas nas contías que obxectivamente se consideran necesarias para facer fronte ó bo funcionamento dos servizos.

Non se pode ter en conta a alegación xa que propón a anulación de determinadas dotacións que se consideran non minorables, tal é o caso da planificación da Regata Internacional Atlantic Challenger, cando o evento foi concertado na anterior legislatura, sendo esta dotación a contía que inicialmente se dota sen prexuízo dos acordos de cofinanciamento que se xestionen con outros axentes da cidade. Tamén se propón a eliminación da dotación para organización da Feira Mundial de Pesca, sen ter en conta que este acontecemento na cidade supón un pulo para o sector relacionado cos recursos mariños pero tamén para o sector de servizos en xeral que redundará na economía da mesma. O Bicentenario da cidade tamén é obxecto de eliminación de crédito, parece que se está a propoñer a eliminación de actos, programas e acontecementos que van ter no ano 2009 un impacto económico positivo na cidade, non só na economía a curto prazo, senón tamén na proxección nacional e internacional da mesma.

Tamén se propón eliminar a dotación para facer fronte ás obrigas contractuais que xurdan do contrato do servizo de tele-operadoras, 010, ou o propio gasto que motiva o alumeado do Nadal, aínda que este último, se non se paga ós instaladores como se fixo outros anos, é evidente que sobraría.

En canto á proposta de incremento das dotacións para subvencións a clubs e actividades deportivas, débese ter en conta que esta dotación é a maior feita ata a data, cunha dotación global de 1.700.000 euros, sendo pouco xustificable esta proposta tendo en conta precisamente o incremento xa feito. Este mesmo argumento hai que aplicalo ó programa funcional de Benestar Social, que tendo a maior dotación orzamentaria dos últimos anos, aínda así, por mor das alegacións presentadas, vai incrementar notablemente as dotacións en recursos humanos adicados á unidade, con tres diplomados/as en traballo social e dous auxiliares de administración xeral, experimentando tamén un crecemento tanto en termos absolutos como relativos moi por arriba das outras áreas funcionais de gasto.

En canto á redución do gasto en comunicacións telefónicas, a dotación que se fai representa o gasto medio dos últimos catro anos, sendo esta dotación polo tanto a real de acordo ó executado en anos anteriores, polo tanto a dotación tampouco pode ser reducible, salvo que se deixe de pagar o servizo.

Por último, proponse un incremento de créditos no programa funcional de Vías e Obras de algo máis de 1.100.000 euros, cando as dotacións orzamentarias neste programa nos dous últimos anos, superaron as de calquera outro ano, estando en todo caso as actuacións que se están a realizar en humanizacións e investimentos en barrios e parroquias e tratamentos en xeral no dominio público anualizadas, de tal xeito que cada ano se presupostan aquelas que tecnicamente e posible desenvolver de acordo ós datos técnicos dos servizos xestores e a propia casuística da cidade. En calquera caso, estase a procura de novos recursos que permitan a ampliación dos investimentos en obra pública na cidade.

Por último e importante resaltar que estamos ante un presuposto onde os recursos propios representan case un 48 por 100 das operacións de capital, isto pon de manifesto, que hai unha maior racionalidade no gasto corrente, priorizando os investimentos sobre outro tipo de emprego dos recursos.

En consecuencia con todo o anterior, proponse desestimar a alegación presentada pola Sra. voceira de Grupo Municipal do Partido Popular por non ser posible técnica e legalmente reducir algunha das partidas propostas, pero basicamente por considerar que as dotacións para empregos correntes están xa estudadas, valoradas e axustadas en termos de mínimos, e os investimentos e demais operacións de capital en termos de máximos.

Oitavo.- **Desestimar** ás alegacións en materia de persoal presentadas por D<sup>a</sup> Concepción Rodríguez Garrido, D<sup>a</sup> Berta Sala Ríos, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Sobrino del Río, D. Xaquín Martínez Posada, D. Ramón Méndez Martínez, D. Ricardo Estévez Sosín, D. Javier Pinal Falque, D. Ramón Fernández-Linares Bouza, D<sup>a</sup> Teresa Vaqueiro Herbello, D<sup>a</sup> Pilar López Piñeiro e D. Antonio Vivero Mijares de acordo ó contido dos puntos 1, 2, 3, 4, 7, 8, 9 e 10 do informe da Xefa da Unidade de Persoal, que en síntese propón a desestimación por non se atopar nos supostos regulados e taxados no art.170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo.

Noveno.- **Desestimar** a alegación presentada por D. José Antonio Pérez

Rodríguez, D. José Luis Silva Novas e D. Ernesto González Serrano contra o orzamento do Instituto Municipal dos Deportes, coa motivación fundamentada no informe emitido polo Sr. Secretario Delegado do Instituto Municipal dos Deportes, na que se fai constar en síntese, que as pretensións dos alegantes non teñen amparo legal.

Décimo.- **Desestimar** a alegación presentada por José C. Montemuíño Santos e 13 máis en relación con reivindicacións salariais, coa motivación fundamentada no informe emitido e que figura no expediente.

Décimo primeiro.- **Estimar** a alegación feita polo Sr. Concelleiro da Área de Xestión Municipal. Esta alegación supón axustes e variacións tanto de tipo cualitativo como cuantitativo, que en ningún caso alteran o importe do proxecto orzamentario aprobado e que ademais non ten repercusión ningunha nos equilibrios orzamentarios, xa que non supón unha variación cuantitativa dos empregos correntes. Prodúcese unha variación cuantitativa entre o capítulo I e II, que en ningún caso altera a estabilidade orzamentaria.

No relativo ás variacións, a alegación preséntase inicialmente por unidades xestoras, tanto os incrementos como as diminucións. Neste informe, analízanse as variacións en termos netos, e dicir, non se teñen en conta as unidades a efectos do organigrama e si a efectos de programas orzamentarios. En canto ás variacións na contía da Seguridade Social a conta do empregador, a variación que se recolle na táboa que se achega é neta, e dicir, polas novas prazas que se crean e polas variacións que se producen noutras, así como polos excesos que se obteñen polas amortizacións que se fan.

En canto ás baixas que propón a alegación no capítulo II, comprobouse que as dotacións son reducibles, que non hai en ningún caso compromisos adquiridos, que non están vinculadas a ningún contrato e polo tanto as citadas partidas poden ser obxecto de minoración.

Esta alegación presenta as seguintes modificacións ó cadro de persoal provisionalmente aprobado.

- Modificar o cadro de persoal Municipal, amortizando unha praza de técnico de sistemas, creando en substitución outra de analista de Laboratorio dentro da mesma escala. O número de prazas de técnicos de sistema pasa de 7 a 6, polo contrario, os analistas de laboratorio pasan de 6 a 7. A anterior modificación non ten incidencia na cuantificación económica das correspondentes partidas presupostarias
- Modificar o cadro de persoal municipal, amortizando unha praza de enxeñeiro técnico industrial, creando en substitución outra de enxeñeiro superior industrial dentro da mesma escala. O número de prazas de enxeñeiros técnicos industriais pasa de 6 a 5. Polo contrario os enxeñeiros industriais superiores pasan de 3 a 4. A anterior modificación non ten incidencia na cuantificación económica das correspondentes partidas presupostarias.
- Modificar o cadro de persoal municipal, amortizando unha praza de oficial de

oficios, persoal laboral, vacante por xubilación do seu titular, e a creación dunha praza de delineante/a, funcionario/a de carreira, escala administración especial, subescala técnica, clase auxiliar. Consecuencia do anterior, o cadro de persoal municipal pasa a contar con 21 prazas de delineante e 208 de oficiais de oficios en réxime laboral fixo. Esta modificación ten incidencia orzamentaria, quedando equilibrada no cadro de incrementos e baixas que se adxunta no informe.

- Modificar o cadro de persoal municipal, amortizando unha praza de oficial de oficios, persoal laboral, vacante por xubilación do seu titular, e a creación dunha praza de auxiliar de administración xeral, funcionario/a de carreira, escala administración xeral, subescala auxiliar. Consecuencia do anterior, o cadro de persoal municipal pasa a contar con 87 prazas de auxiliar de administración xeral e 207 de oficiais de oficios en réxime laboral fixo. Esta modificación ten incidencia orzamentaria, quedando equilibrada no cadro de incrementos e baixas que se adxunta no informe.

- Modificar o cadro de persoal municipal, amortizando unha praza de inspector de consumo, integrada na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, vacante por xubilación do seu titular, e a creación dunha praza de administrativo/a de administración xeral, funcionario/a de carreira, escala administración xeral, subescala administrativa. Consecuencia do anterior, o cadro de persoal municipal pasa a contar con 106 prazas de administrativo/a de administración xeral e dúas de inspector/a de consumo. Esta modificación ten incidencia orzamentaria, quedando equilibrada no cadro de incrementos e baixas que se adxunta no informe.

- Modificar o cadro de persoal municipal, creando unha praza de arqueólogo, integrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase superior, con posto de arqueólogo-conservador no museo de Castrelos, configurada como de grupo a1, nivel de complemento de destino 26, complemento específico cód. 11, titulación a esixir licenciado en xeografía e historia, especialidade museoloxía e arqueoloxía. Consecuencia do anterior, o cadro de persoal pasa a contar con 2 arqueólogos. Esta modificación ten incidencia orzamentaria, quedando equilibrada no cadro de incrementos e baixas que se adxunta no informe.

- Modificar o cadro de persoal municipal, creando unha praza de persoal eventual adscrito á Tenencia da Alcaldía, con posto de asesor técnico de cultura, cunha retribución bruta anual de 46.818,12€. Creación dunha praza de auxiliar de administración xeral, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo c2 de titulación, complemento de destino 16, complemento específico, cód. 166, no servizo de cultura. Consecuencia do anterior, o cadro de persoal municipal pasa a contar con 32 prazas de persoal eventual e 88 prazas de auxiliar de administración xeral. Esta modificación ten incidencia orzamentaria, quedando equilibrada no cadro de incrementos e baixas que se adxunta no informe.

- Modificar o cadro de persoal municipal, creando dúas prazas de auxiliar de administración xeral, escala administración xeral, subescala auxiliar, grupo c2 de titulación, complemento de destino 16, complemento específico, cód. 166, no servizo de Benestar Social. Consecuencia do anterior, o cadro de persoal municipal pasa a contar cun total de 90 prazas de auxiliar de administración xeral. Esta

modificación ten incidencia, quedando equilibrada no cadro de incrementos e baixas que se adxunta no informe.

- Modificar o cadro de persoal municipal, creando unha praza de técnico/a medio/a de igualdade, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo a2 de titulación, complemento de destino 25, complemento específico, cód. 17, con posto de axente de igualdade de oportunidades, no Servizo de Igualdade. Esta modificación ten incidencia, quedando equilibrada no cadro de incrementos e baixas que se adxunta no informe.

- Modificar o cadro de persoal municipal, creando tres prazas de diplomado/a en traballo social, escala administración especial, subescala técnica, clase media, grupo a2 de titulación, complemento de destino 25, complemento específico, cód. 17, con posto de igual denominación no Servizo de Benestar Social, pasando dun total de 25 diplomados/as en traballo social a un total de 28 prazas. Esta modificación ten incidencia, quedando equilibrada no cadro de incrementos e baixas que se adxunta no informe.

- Modificar o o cadro de persoal municipal, amortizando unha praza de peón por falecemento do seu titular, e creando en substitución unha praza de axudante de oficios do mesmo grupo. en consecuencia co anterior, o número de prazas de operario peón pasa de 34 a 33, e o de axudante de oficios de 73 a 74. Esta modificación non ten incidencia orzamentaria.

- Modificar o cadro de persoal municipal, amortizando 6 prazas de persoal laboral (2 oficial de oficios, 3 de axudante de oficios e un operario peón). Consecuencia do anterior, o número de prazas de oficial de oficios pasa de 207 a 205, os axudantes de oficios pasan de 74 a 71, e os operarios peóns pasan de 33 a 32. Esta modificación ten incidencia orzamentaria, quedando equilibrada no cadro de incrementos e baixas que se adxunta no informe.

Décimo segundo.- **Corrixir** o erro material que se produciu no programa presupostario 2222, xa que a partida que figura no orzamento provisional codificada co número 2222. 2260607 debe ser 2222.2270607.

Décimo terceiro.- **Corrixir** o nome da partida 4631.7800000 Transferencia Capital AAVV por Transferencias de Capital Asociacións.

Décimo cuarto.- **Incorporar** ó orzamento do ano 2009 no estado de gastos a partida 4510.7700000 por un importe de 3.000.000 de euros, e no concepto de ingresos 755.10 o importe de 3.000.000 de euros, sendo este o importe que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, ten previsto no seu orzamento para o ano 2009 para facer fronte á anualidade do Pazo de Congresos de Beiramar, xa que a acumulación da anualidade prevista para o ano 2007 e 2008 no orzamento do ano 2008, fraccionouse, mantendo o orzamento da Comunidade Autónoma do ano 2008 o importe que inicialmente estaba previsto para o ano 2007, e quedando a anualidade do ano 2008 prevista para o ano 2009 e 2010, diferimento que queda xustificado polo reaxuste temporal das obras debido o propio reaxuste do proxecto construtivo.

Décimo quinto.- **Aprobar definitivamente**, tendo en conta resolución das alegacións presentadas, o Presuposto Xeral do Concello de Vigo para o ano 2009, integrado por:

- Presuposto da Entidade Local.
- Presuposto do OA. Instituto Municipal do Deportes.
- Presuposto do OA. Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Presuposto do OA. Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Presuposto do OA. Parque das Ciencias Vigo-Zoo

Décimo sexto.- **Aprobar** as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e os seus Organismos Autónomos, coa salvidade das Bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Décimo oitavo.- **Aprobar** as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Décimo noveno.- **Aprobar** o cadro de persoal da Entidade Local cas variacións que se recollen no apartado décimo primeiro desta proposta, incorporando as adaptacións técnicas que correspondan. Aprobar o cadro de persoal dos seus Organismos Autónomos Administrativos relacionados no apartado décimo quinto.

Vinte.- **Axustar** tecnicamente toda a documentación que conforma o expediente do orzamento tendo en conta as alegacións estimadas e as variacións que orixina a aprobación da proposta.

Vinteún.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Presuposto Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos presupostos que o integran.

Vintedous.- Do Presuposto Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

Vintetrés. O Presuposto entrará en vigor, no exercizo correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado.

Vintecatros.- De acordo ó previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do presuposto poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do presuposto definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

2.- (223).- DAR CONTA DE INFORME SOBRE O PLAN SECTORIAL GALEGO DE SOLO RESIDENCIAL E O SEU INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL. EXPTE. 11334/411.



ANTECEDENTES.- Coa data 15.12.08 a Arquitecta Municipal, a Técnica de Administración Xeral, o Xefe da Area de Planeamento e Xestión e o Secretario da Xerencia de Urbanismo informan:

"O Consello da Xunta de Galicia, na sesión celebrada o día 6 de setembro de 2007, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, acordou iniciar o procedemento de elaboración e aprobación do Plan Sectorial de Solo de Galicia con destino a Vivenda de Protección Pública, de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia en relación cos artigos 22 e seguintes da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e determinar a competencia da Consellería de Vivenda e Solo, Instituto Galego de Vivenda e Solo, para a elaboración, impulso e tramitación do procedemento para a súa aprobación.

A Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia remitiu, con Rexistro de entrada no Concello de Vigo de data 27/10/08, o Plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas e informe de substentabilidade ambiental (DOC. 80134468), para información pública e consultas polo prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia do día 24/10/08.

I. Obxecto e alcance do informe:

O presente informe ten por obxecto a análise básica do contido do "Plan Sectorial Galego de Solo Residencial" (PSGSR) e da súa incidencia no Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes pola Orde de 16 de maio de 2008 (DOGA 3 de xuño). Así mesmo, analízase o informe de substentabilidade ambiental (ISA) nas súas determinacións con que afecten ou incidan sobre o Termo municipal de Vigo.

II. Plans e proxectos sectoriais:

O plan sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas é o instrumento de ordenación territorial de incidencia supramunicipal que, de conformidade co disposto no artigo 22 apartados 1 e 2 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, segundo a redacción dada pola disposición adicional segunda da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, ten por obxecto regular a implantación territorial do solo destinado a vivenda protexida.

Considérase solo destinado a vivendas protexidas, segundo dispón o número 2 do artigo 22 da Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, os ámbitos ou sectores que sexan obxecto de transformación urbanística promovidos e desenvolvidos pola Consellería competente en materia de vivenda a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo e as sociedades públicas del dependentes, con destino maioritario á

construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública, pola necesidade demostrada de forte demanda social.

O obxecto do Plan Sectorial será, polo tanto, regular a implantación territorial das actuacións (ámbitos e sectores) delimitadas no mesmo as cales abranguen tanto o propio solo destinado a vivendas protexidas, como os outros usos complementarios definidos no devandito Plan.

O ámbito do Plan Sectorial comprende o territorio da Comunidade Autónoma.

O réxime xurídico do Plan Sectorial de solo de Galicia con destino a vivendas protexidas é o propio dos instrumentos de ordenación do territorio, de conformidade co disposto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación de Territorio de Galicia, coas modificacións introducidas pola Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio do litoral de Galicia, e o Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os Plans e Proxectos Sectoriais de incidencia supramunicipal.

### III. Iniciativa:

O artigo 22.3 da Lei 10/95, dispón que os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal poden ser promovidos e desenvolvidos por iniciativa pública ou privada.

O Plan Sectorial Galego de Solo Residencial (PSGSR) será promovido e desenvolvido por iniciativa pública, sendo o seu promotor a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo. O mecanismo de desenvolvemento e xestión do solo será o de expropiación, correspondendo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a tramitación dos expedientes expropiatorios como administración actuante.

Todo elo sen prexuízo da participación na xestión das actuacións das entidades e empresas públicas xestoras: Xestur de A Coruña, Xestur de Lugo, Xestur de Ourense e Xestur de Pontevedra, que, no seu caso, poderán ter a condición de beneficiarias da expropiación e que actuarán como medio propio da propia Administración Autonómica.

### IV. Cualificación de incidencia supramunicipal:

O artigo 22.4 da Lei 10/95, dispón que lle corresponde ao Consello da Xunta de Galicia cualificar un plan ou proxecto sectorial como de incidencia supramunicipal, así como a determinación da consellería á que lle corresponda o seu impulso e, se é o caso, aquelas que terían que colaborar nel.

O Plan sectorial sinala que o seu carácter supramunicipal reside na articulación dos obxectivos xerais do Plan entre os que se atopan o de facilitar o acceso á vivenda de toda a poboación galega e o de establecer un modelo territorial de referencia para a aplicación das políticas de vivenda, xustificando segundo o disposto no artigo 4 do Decreto 80/2000, os criterios precisos para declarar a incidencia supramunicipal da infraestrutura, dotación ou instalación, para os efectos previstos

na Lei 10/1995, que se desglosan no epígrafe 3.2 do Plan sectorial do seguinte xeito:

*a) Os efectos positivos que produza para o ambiente, a paisaxe rural e o patrimonio cultural.*

O PSGSR procura ser un instrumento que dote de racionalidade e substentabilidade ó modelo de asentamento do territorio Galego, en consideración a unha delimitación funcional que trate de conciliar a demanda de vivenda e a oferta inmobiliaria. Os aludidos efectos positivos do PSGSR sobre a paisaxe e o patrimonio cultural son analizados no ISA.

*b) A contribución ó desenvolvemento sostible social e económico de Galicia.*

O Plan Sectorial propón a extensión dun modelo urbano con especial incidencia no desenvolvemento social e económico, garantindo a diversidade e o equilibrio social a través da regulación para cada intervención dos diferentes réximes de protección e reservando, na inmensa maioría dos casos, unha parte da edificabilidade para vivenda libre. Pola súa banda, a misticidade de usos contéplase igualmente ao reservar unha porcentaxe da edificabilidade total para usos non residenciais (habitualmente terciarios ou comerciais). Así mesmo, ante a delicada situación económica na que se atopa o sector da construción a raíz do devir económico global dos últimos meses, o Plan Sectorial, polo seu volume, magnitude e natureza, está chamado a ser un dos alicientes sobre os que pivote a resposta pública á crise exposta, ao ofrecerse ao sector privado os resultados da planificación física e económica nel contida (proxectos técnicos, obras de urbanización e obras de edificación) a través da mobilización do solo.

*c) A poboación beneficiaria da infraestrutura, dotación ou instalación.*

Prevén a incidencia na poboación beneficiaria, en función das cifras finais de produción de vivendas estimadas para o conxunto das intervencións derivadas da execución do Plan Sectorial, así como do número de beneficiarios indirectos polos empregos que se xerarán como resultado da incidencia do plan sobre a economía galega.

*d) A función vertebradora e estruturante do territorio que leve consigo tal actuación.*

O Plan pretende desempeñar unha función primordial como vertebradora do territorio ao condensar nunha proposta espacial para o conxunto do territorio unha parte moi significativa da demanda de vivenda compatibilizando e modelando ao mesmo tempo as dinámicas dos mercados de vivenda e traballo, elementos básicos na estruturación do territorio, a fin de paliar os déficits actuais de vivenda, que afectan, loxicamente á capa social de menos recursos, actuando, nese sentido, como vertebrador social ao incidir sobre a igualdade dos galegos en canto ao dereito fundamental á vivenda.

*e) O asentamento da infraestrutura, dotación ou instalación sobre varios termos municipais.*

Que se recollen na parte II e III do plan sectorial, que recollen as diferentes actuacións nos distintos termos municipais.

*f) Calquera outro criterio que contribúa directamente aos obxectivos fundamentais enunciados no artigo 3 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.*

O PSGSR xustifica o carácter supramunicipal pola particular situación que atravesamos a tramitación do planeamento xeral nos Concellos galegos. Unicamente 22 concellos de Galicia dos 315 dispoñen de planeamento adaptado con reservas de solo para vivenda de protección. Este factor reflicte, entre outros aspectos, as dificultades de todo tipo e o desgaste que supón para un Concello a tramitación e aprobación do seu planeamento xeral. Existe unha corresponsabilidade entre a Administración Local e a Administración Autonómica e non se pode esquivar este problema acudindo aos instrumentos de ordenación do territorio para invadir as competencias municipais, sen resolver os problemas de fondo como son a complexidade legislativa, rixidez de criterios da CPTOPT, falla de cualificación das consultorías e empresas redactoras de planeamento, ineficacia de recursos empregados nas subvencións a planeamento, inactividade da Xunta de Galicia en materia de subrogación por inactividade dos concellos, etc...)

Para o caso de Vigo, tense que informar que se acaba de rematar un complexo e duro proceso de revisión do seu planeamento, proceso que durou sete anos. É evidente que o PSGSR provocarlle un total desaxuste na súa Estratexia, e programación e abócaselle a un novo proceso de modificación do planeamento xeral baixo supostos criterios de sostibilidade, racionalidade, coordinación e cooperación interadministrativa.

Tendo en conta a Carta Europea de Autonomía Local<sup>1</sup> (principio de subsidiariedade) as competencias deberán ser exercidas por aquelas Administracións Públicas máis achegadas ós cidadáns. A atribución dunha competencia a unha Administración deberá ter en conta a amplitude ou a natureza da tarefa e as necesidades de eficacia e economía. Se ben a competencia en materia de vivenda está atribuída con carácter exclusivo á Administración Autonómica (artigo 148.1.3 da CE e 27.3 do Estatuto de Autonomía), a ordenación urbanística é unha competencia encomendada ós Concellos e, dentro do marco normativo actual, os mesmos deben prever a súa proposta de ordenación entre a que se encontran as determinacións necesarias para a localización de solo destinado a vivenda de protección. En efecto, é o artigo 47 da actual redacción da LOUGA onde se artellan os parámetros xerais e específicos para cada tipo de solo, de localización e situación das reservas de solo para a construción de vivenda protección. Será a Administración Municipal a que con pleno respecto das determinacións legais, debe ordenar o seu Territorio e establecer un modelo de cidade onde coexistan diferentes usos entre os que está a reserva de solo para a construción de vivenda sometida a algún réxime de protección. A ordenación urbanística dun Termo Municipal, a definición do seu modelo e da súa estrutura xeral e orgánica do territorio é unha competencia municipal que non pode ser substituída polo planeamento sectorial da ordenación

<sup>1</sup> Instrumento de ratificación de la Carta Europea de Autonomía Local de 20 de enero de 1988.

do territorio, nun plan que ademais de vivenda de protección ordena usos de vivenda libre e outros complementarios, e que requirirá de proxectos sectoriais que determinarán a tipoloxía, ordenación, aliñacións, alturas das edificacións, etc. como verdadeiros plans urbanísticos e non sectoriais.

A Sentencia do Tribunal Constitucional 51/2004, de 13 de abril declarou a inconstitucionalidade de parte do inciso segundo da disposición transitoria oitava do Decreto legislativo 1/1990, de 12 de xullo, polo que se aproba o texto refundido de textos legais vixentes en materia urbanística de Cataluña. O TC define o contido material da autonomía local en materia urbanística do seguinte xeito (Fundamento xurídico 14º):

*“(...) La decisión sobre la configuración del asentamiento urbano municipal en que consiste el plan urbanístico -marco regulador del espacio físico de la convivencia de los vecinos- es un tarea comprendida prioritariamente en el ámbito de los intereses del municipio (...) es porque, con carácter general aquella decisión puede afectar también a intereses cuya gestión constituye el objeto de competencias atribuidas a otras organizaciones jurídico-públicas distinta a la del municipio (...) pero esta regulación de las relaciones interadministrativas no ha de oscurecer el principio de que la ordenación urbanística del territorio municipal es tarea que fundamentalmente corresponde al municipio, y que la intervención de otras Administraciones se justifica sólo en la medida en que concurran intereses de carácter supramunicipal o controles de legalidad que, de conformidad con el bloque de constitucionalidad, se atribuyen a las Administraciones supraordenadas sobre las inferiores (...)”.*

No presente caso, procúrase a xustificación do interese supramunicipal do PSGSR na ausencia de planeamento adaptado con previsión de suficiente solo para a construción de vivenda de protección. Semella que a Administración Autonómica trata de reaccionar ante a falla de desenvolvemento de políticas de construción de vivenda de protección o que podería entenderse como exercicio dun título competencial baseado no control e reacción fronte ó incumprimento das competencias propias dos Concellos. O feito de que Vigo conte un Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado dende hai poucos meses pola propia Xunta de Galicia, é un factor decisivo por canto se está a descartar que o mesmo serva para ofrecer o solo suficiente para a construción de vivenda de protección. Como é sabido, o PXOMV, dispón dunha porcentaxe de reserva por enriba do previsto legalmente na Lei 6/08, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo (reforma que non era de aplicación na tramitación do PXOM derivado da aplicación da súa disposición transitoria primeira).

En definitiva, se está a propoñer un novo modelo de desenvolvemento do PXOMV cinco meses despois da súa aprobación definitiva, instrumento que prevía suficiente solo reservado para a construción de vivenda de protección. Unha utilización racional dos recursos, baixo estritos criterios de sostibilidade, xustificaría a previsión do PSGSR nunha primeira análise das previsións de reserva do PXOMV para a construción de vivenda de protección. Naquel caso que a reserva da mesma se estime como insuficiente ou non axeitada, podería estar xustificada a procedencia da modificación/revisión do planeamento para dar maior cabida a políticas activas de vivenda.

A necesidade de intervención no Termo Municipal de Vigo da Administración Autonómica e o seu fin prevalente no exercicio da competencia en materia de ordenación do territorio, precisa dunha maior xustificación que a da reacción fronte a incapacidade dos Municipios de aprobación dos instrumentos de planeamento xeral con solo suficiente como para absorber a demanda de vivenda sometida algún réxime de protección.

V. Relación con outros instrumentos de ordenación do territorio e coa lexislación urbanística:

O artigo 5 do Decreto 80/2000 dispón que os plans e proxectos sectoriais non poderán vulnerar as determinacións contidas noutros instrumentos de ordenación do territorio regulados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

As Directrices de Ordenación Territorial (DOT) de Galicia constitúen o documento de maior rango entre os previstos pola Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia. As DOT, actualmente en fase de información pública, definen unha serie de obxectivos fundamentais entre os que se atopa o de proporcionar criterios territoriais para a elaboración de Plans e Proxectos Sectoriais e configurar as características dos Plans Territoriais Integrados. Para a consecución deste e do resto dos obxectivos, as DOT fixan un sistema de asentamentos poboacionais conformado polas sete grandes cidades de Galicia, dezanove sistemas urbanos intermedios, vinte e catro nodos para equilibrio do territorio e os restantes núcleos principais municipais e parroquiais.

O Plan sectorial establece unha delimitación funcional que non recolle a literalidade xeográfica do modelo proposto polas DOT, se ben sinala, que dita delimitación funcional non supón en ningún caso a súa incompatibilidade co modelo DOT, senón, en todo caso, unha necesaria complementariedade axustada á realidade sectorial con que se suscita o Plan, xa que tal e como se argumenta de forma extensa no Anexo I.1, a delimitación das áreas funcionais responde á necesidade de planificar a vivenda en espazos xeográficos que respondan á realidade do mercado da vivenda, que dentro do marco legal previsto pola lei, se desenvolverán a través de Proxectos Sectoriais.

V. Determinacións:

O artigo 23 da Lei 10/1995 establece que os plans e proxectos sectoriais constarán dos documentos necesarios para reflectir con claridade e suficiencia as seguintes determinacións:

- 1) Descrición do espazo no que se asente a infraestrutura, dotación ou instalación obxecto do plan ou proxecto, e ámbito territorial de incidencia deste.
- 2) Organismo, entidade ou persoa xurídica ou física promotor e titular da infraestrutura, dotación ou instalación.
- 3) Xustificación do interese público ou utilidade social da infraestrutura, dotación ou instalación.

- 4) Descrición, coa especificación suficiente das características da infraestrutura, dotación ou instalación obxecto do plan ou proxecto, duración temporal estimada da súa execución e recursos económicos afectados a ela.
- 5) Incidencia sobre o territorio físico, afeccións ambientais e medios de corrección ou minimización delas.
- 6) Adecuación co planeamento local vixente no termo ou termos municipais en que se asenten a infraestrutura, dotación ou instalación, ou, se é o caso, determinacións do dito planeamento local que deben ser modificadas como consecuencia da aprobación do plan ou proxecto sectorial, así como o prazo para realizar a correspondente adecuación.

En semellantes termos, o artigo 6 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, prevé que os plans sectoriais establecerán as condicións xerais para o futuro desenvolvemento das infraestruturas, dotacións e instalacións que sexan o seu obxecto, no ámbito territorial da Comunidade autónoma de Galicia, axeitándose á súa función vertebradora dunha política territorial, definindo os criterios de deseño, as características funcionais e localización, que garantan a accesibilidade e a inserción da totalidade do territorio nunha racional dispoñibilidade dos ditos elementos estruturantes, sinalando, a tal efecto, un mínimo de determinacións.

O PSGSR establece unha necesidade actual e inmediata de 47.211 vivendas protexidas, e unha necesidade total para o período 2008-2017 de 258.109 vivendas, o 88%, -244.423 vivendas-, con algún tipo de protección dado o nivel de renda dos futuros demandantes.

O PSGSR define un modelo territorial distinguindo 30 "Áreas funcionais", divididas en tres grandes grupos, para a localización da demanda de vivenda, situándose o 91% das necesidades de vivenda de toda Galicia e o 92,5% da demanda rexistrada nas cidades de Vigo, A Coruña, Santiago, Ferrol e Pontevedra, no Eixo Atlántico, e Lugo e Ourense, como primeiro grupo, respecto dun segundo grupo constituído polas cabeceiras de comarca, de crecemento moderado, e das demais áreas funcionais que integrarían o terceiro grupo.

O PSGSR delimita un total de 95 actuacións distribuídas en 57 Concellos correspondentes á 17 áreas funcionais, que suporán a transformación urbanística de máis de 870 Ha (8.738.694 m<sup>2</sup>), e unha superficie de teito edificable de 5.541.262m<sup>2</sup> construídos. Na área funcional de Vigo, que é a que presenta maior número de demandantes de vivenda protexida, prevense un total de 28 actuacións para un total de 12.168 vivendas protexidas (15.484 vivendas totais) distribuídas entre 15 concellos: Cangas, Moaña, Redondela, Mos, O Porriño, Pontearreas, Salvaterra de Miño, As Neves, Salceda de Caselas, Tomiño, O Rosal, A Guarda, Nigrán, Gondomar e Vigo (no que se localiza o 63% das vivendas previstas na área funcional).

Hai claramente dúas áreas funcionais que concentran maiores necesidades de vivenda: Vigo e A Coruña, cunhas necesidades de entre 100 e 120 vivendas por cada 1.000 habitantes. 59.000 e 70.000 vivendas respectivamente, se falamos en cifras absolutas, o que representa mais da metade das necesidades totais de vivenda de Galiza para o período 2007-2017, e concentran a dous terzos dos

demandantes de vivenda inscritos no Rexistro.

O Plan sinala que para a súa redacción partiuse da elaboración dun Estudo Previo para establecer a delimitación funcional do territorio e as necesidades de vivenda para cada unha das áreas funcionais resultantes, para de seguido, pasar á selección dos solos a incluír nas actuacións específicas, coa determinación e deseño dos criterios de localización dos mesmos ó respecto tanto de factores territoriais (centralidade, accesibilidade, infraestruturas...) como locais (integración na trama urbana, viabilidade económica, facilidade de xestión...), rematando co proceso de delimitación das actuacións de acordo cos criterios establecidos.

#### VI Obxecto e alcance do PSGSR

- Garantir o dereito constitucional dos cidadáns a unha vivenda digna.
- Permitir á Administración autonómica dispoñer de solo para construción de vivendas de protección.
- Determinación das infraestruturas necesarias. O PXOM de Vigo contén un pormenorizado estudo de implantación das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento das actuacións previstas no PXOM, elaborado a petición da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia (CPTOPT) que esixiu, con motivo da tramitación do PXOM. Un estudo dese nivel e características non se contén nas actuacións incluídas no Plan Sectorial que as remite aos futuros Proxectos Sectoriais de desenvolvemento.

#### VII Obxectivos estratéxicos xerais.-

- Acceso á vivenda.
- Integración social.
- Contención das migracións internas por expulsión do mercado residencial.
- “Superación das insuficiencias que presentan os plans de ordenación urbanística “.- A este obxectivo non se pode aludir no caso de Vigo. O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, recén aprobado definitivamente de xeito parcial por parte da Xunta de Galicia en maio de 2008, non se pode dicir que estea superado ou que presente insuficiencias.
- “Fomentar a coordinación e cooperación coas entidades públicas e privadas”. Dificilmente pódese argumentar neste sentido cando se impón un planeamento sectorial, que obriga a modificar o planeamento urbanístico municipal, en lugar de buscar vías de coordinación e cooperación co Concello de Vigo na execución do planeamento urbanístico recen aprobado.
- Fomentar a participación da iniciativa privada na promoción de vivenda pública.
- Mellora da calidade urbana e promover a sustentabilidade.
- Determinar as necesidades de VP.
- Establecer un modelo territorial.- Este non pode nin debe ser un obxectivo dun Plan Sectorial. O Modelo Territorial de Galicia ten que ser establecido nas



Directrices de Ordenación Territorial, segundo a Lei 10/95 e non polos seus instrumentos de desenvolvemento. Existe unha xerarquía normativa que non pode ser vulnerada por planes de inferior escala.

- Dimensionar e delimitar os programas de actuación.

#### VI. Documentación:

O artigo 7 do Decreto 80/2000, recolle como documentación propia dos plans sectoriais:

- a) Memoria descritiva das características técnicas das infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto do plan, así como o ámbito territorial afectado e de incidencia.
- b) Memoria xustificativa do interese público ou utilidade social, de carácter supramunicipal, da infraestrutura, dotación ou instalación, así como da idoneidade dos enclaves elixidos, da viabilidade económica-financeira da actuación e do acomodo do plan sectorial aos instrumentos de ordenación do territorio vixentes.
- c) Estudo da incidencia territorial da infraestrutura, dotación ou instalación prevista, especialmente sobre os núcleos de poboación, usos do solo, infraestruturas, equipamentos e servizos, proteccións e afeccións urbanísticas e ambientais, con previsión dos medios axeitados de corrección ou de minimización de impactos.
- d) Análise da relación do contido do plan sectorial co planeamento urbanístico vixente, determinando as posibles discrepancias e xustificando as medidas que impliquen a necesaria modificación do dito planeamento.
- e) Planos de clasificación e cualificación dos terreos, obtidos do planeamento urbanístico vixente.

#### VII Eficacia:

O artigo 24 da Lei 10/95 dispón que as determinacións contidas nos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal vincularán o planeamento do ente ou entes locais en que se asenten os ditos plans e proxectos, que se deberán adaptar a elas dentro dos prazos que para tal efecto determinen. Na mesma liña, o artigo 8 do Decreto 80/2000, dispón que as determinacións contidas nos plans sectoriais terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente.

As determinacións contidas nos plans sectoriais de incidencia supramunicipal terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente.

Os municipios nos que se asenten as actuacións do Plan Sectorial deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido do citado plan, no prazo dun ano a partir da aprobación definitiva do Plan Sectorial coa excepción dos ámbitos que contemplan nas súas determinacións específicas outro prazo.

A execución das actuacións do Plan Sectorial require a previa aprobación dun ou varios Proxectos Sectoriais, sen prexuízo de que poidan levar a cabo a través de planeamento de desenvolvemento e proxecto de urbanización, sempre e cando os parámetros urbanísticos e as determinacións dos planeamentos se deriven ou axusten as do Plan Sectorial

O Plan Sectorial respecta no caso dos plans xerais adaptados á LOUGA, as reservas de VPO previstas no planeamento xeral e determina que ámbitos concretos de solo asume como propios, é dicir, que ámbitos hanse de integrar directamente no Plan sectorial como solo para vivenda de protección pública. En todo caso, respecto das actuacións que asume, o Plan sectorial pode modificar algúns aspectos da ordenación previstos para estes solos nos plans xerais municipais (tales como os usos, a intensidade destes, a tipoloxía construtiva das edificacións, ou incrementarse a porcentaxe de edificabilidade residencial reservada para vivenda protexida, etc).

As directrices que, con carácter particular, no Plan Sectorial propón para cada unha das súas actuacións, codifícanse nas fichas que para cada solo preséntanse no Anexo III.2 As Actuacións do Plan Sectorial aportan tanto criterios de ordenación de orden urbanístico, como os propios parámetros urbanísticos referentes á Intensidade (edificabilidade e superficie máxima edificable), usos globais, reservas de solo para dotacións e tipoloxías edificatorias. Tamén apórtanse criterios de ordenación derivados dos condicionantes de carácter ecolóxico tidos en conta no marco do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica.

### VII.1 Previsións do PSGSR para o área funcional de Vigo.

AREA FUNCIONAL DE VIGO		PRIMEIRO QUINQUENIO				SEGUNDO QUINQUENIO				
CONCELLO/CÓDIGO ACTUACIÓN	NOME ACTUACIÓN	VTOTAL	VPA	VL	VPP	VTOTAL	VPA	VL	VPP	VTOTAL
<b>CONCELLO DE VIGO</b>										
3607-36057-01	TELLEIRA-FALCOA	-	-	-	-	1.250	887	329	34	1.250
3607-36057-02	PARDARILLA	-	-	-	-	881	620	238	23	881
3607-36057-03	PEREIRÓ	327	194	125	8	-	-	-	-	327
3607-36057-04	COSTA-CASTRELOS	2.115	1.577	485	53	-	-	-	-	2.115
3607-36057-05	GORGOSO	566	368	184	14	-	-	-	-	566
3607-36057-06	PESCADEIRA	1.391	956	400	35	-	-	-	-	1.391
3607-36057-07	CANTABRIA	1.326	970	324	32	-	-	-	-	1.326
3607-36057-08	CABRAL	1.272	895	345	32	-	-	-	-	1.272
3607-36057-09	TRAVESIA-ARAGÓN	488	292	186	10	-	-	-	-	488
<b>TOTAL CONCELLO</b>		<b>7.485</b>	<b>5.252</b>	<b>2.049</b>	<b>184</b>	<b>2.131</b>	<b>1.507</b>	<b>567</b>	<b>57</b>	<b>9.616</b>

### **1º QUINQUENIO:**

SUP. DELIMITADA (m <sup>2</sup> s)	SUPERFICIE TEITO (m <sup>2</sup> c)	TOTAL INVERSIÓN (miles €)	VIVENDA PROTEXIDA		VIVENDA LIBRE		OUTROS USOS SUPERFICIE (m <sup>2</sup> c)
			SUPERFICIE (m <sup>2</sup> c)	NÚMERO VIVENDAS	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> c)	NÚMERO VIVENDAS	

VIGO									
3607-36057-03	PEREIRO	28.638	34.366	15.860	18.901	194	12.028	125	3.437
3607-36057-04	COSTA-CASTRELOS	344.579	241.205	87.300	156.783	1.577	48.241	485	36.181
3607-36057-05	GORGOSO	110.789	63.704	25.968	38.222	368	19.111	184	6.370
3607-36057-06	PESCADEIRA	254.158	165.203	61.366	99.122	956	41.301	400	24.780
3607-36057-07	CANTABRIA	200.724	160.579	64.555	96.348	970	32.116	324	32.116
3607-36057-08	CABRAL	118.744	142.493	57.133	92.620	895	35.623	345	14.249
3607-36057-09	TRAVESIA-ARAGÓN	57.596	51.836	23.169	28.510	292	18.143	186	5.184
TOTAL CONCELLO		1.115.228	859.385	335.352	530.506	5.252	206.562	2.049	122.317

## 2º QUINQUENIO:

VIGO									
3607-36057-01	TELLEIRA-FALCOA	252.183	170.224	61.597	102.134	887	34.045	329	34.045
3607-36057-02	PARDARILLA	159.554	98.924	35.058	64.300	620	24.731	238	9.892
TOTAL CONCELLO		411.738	269.147	96.655	166.435	1.507	58.776	567	43.937

### 1. ACTUACIÓN 36057-01 TELLEIRA-FALCOA.-

A súa delimitación coincide coa suma de dous ámbitos de SOLO URBANO NON CONSOLIDADO (A-3-33 MONTE FALCOA, A-3-34 FALCOA) e un ámbito de SOLO URBANIZABLE ( S-81-R TELLEIRA), segundo o PXOM.

Trátase de tres ámbitos relacionados cun elemento principal da estrutura xeral e orgánica do modelo de cidade deseñado polo PXOM: A RONDA DE VIGO pertencente ao sistema xeral de comunicación e vial integrado no Plan Vigo Integra da Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, que vai ser custeado, na súa execución pola Comunidade Autónoma.

O documento de Estratexia do PXOM as considera ACTUACIÓNS PRIORITARIAS e as inclúe no 1º cuatrienio, a desenvolver por iniciativa de planeamento público e polo sistema de cooperación. Sen embargo o PSGSR as despraza ata o SEGUNDO QUINQUENIO.

A edificabilidade total dos tres ámbitos increméntase en 22.569 m<sup>2</sup>c, pero a edificabilidade residencial redúcese en 11.296 m<sup>2</sup>c, toda vez que o PS inclúe 34.045 m<sup>2</sup>c para outros usos non residenciais. Nunha hipótese de 100 m<sup>2</sup>cR/vda. Supón unha perda de 112 vivendas con respecto á previsión do PXOM.

A reserva de vivendas de protección no PXOM era do 40% da edificabilidade residencial nos ámbitos A-3-33 e A-3-34 , e do 42% no ámbito S-81-R, coa proposta do PSGSR pasa ao 75% da edificabilidade residencial, co que o número de vivendas de protección increméntase de 602 a 887 segundo os datos do PS.

A reserva de zonas verdes increméntase de 27.357 m<sup>2</sup> a 51.000 m<sup>2</sup>, a de

equipamentos de 19.916 m<sup>2</sup> a 24.000 m<sup>2</sup>, e a de prazas de aparcamentos públicos de 739 a 851. Con estas novas reservas cumpríranse as reservas mínimas legais establecidas no artigo 47 da LOUGA, non obstante a ordenación detallada que se levará a cabo mediante un Proxecto Sectorial non ten a limitación de catro andares que tiña o PXOM .

En canto aos criterios e obxectivos da ordenación o PSGSR recolle basicamente os do PXOM , incluso a implantación dun intercambiador intermodal coa capacidade de estacionamento de 500 prazas na zona de Telleira, xunto a redonda da Ronda. Non se fai, sen embargo, referencia aos dereitos de realoxamento, que no PXOM sutiábase nos sectores de S-21-T/R LIÑEIRIÑOS , S-08-R CEREIRO ou S-68-R AREEIRO.

Segundo datos do estudo económico do PXOM a urbanización nestes ámbitos tiña unha estimación económica de 13,2 M€, e as indemnizacións uns 4,6 M€, cun total de cargas de 17,8 M€. No PSGSR a urbanización, incluídas conexións exteriores e gastos de xestión estímense en 12,36M€, mentres que as indemnizacións elévanse a 11,38 M€, cun total de gastos de 23,74 M€, aos que se engaden 37,85 M€ en concepto de obtención do solo por expropiación.

No tocante a imputación de infraestruturas necesarias ver informe dos servizos técnicos de infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

## 2. ACTUACIÓN 36057-02 PARDARILLA.-

A súa delimitación coincide coa suma dun ámbito de SOLO URBANO NON CONSOLIDADO (A-4-66 PARDARILLA 2 ) e un ámbito de SOLO URBANIZABLE ( S-34-R FALCOA), segundo o PXOM.

Trátase de dous ámbitos lindeiros co ámbito da actuación 1 de TELLEIRA-FALCOA, nas parroquias de Castrelos e Matamá. O primeiro deles (PARDARILLA) está relacionado cun elemento principal da estrutura xeral e orgánica do modelo de cidade deseñado polo PXOM: A RONDA DE VIGO pertencente ao sistema xeral de comunicacións, e vial integrado no Plan Vigo Integra da Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, que vai ser custeado, na súa execución pola Comunidade Autónoma. O segundo deles (S-34-R FALCOA) non inclúe ningún tramo da Ronda, senón que se sitúa ao marxe do Vial-Parque da Universidade.

O documento de Estratexia do PXOM as considera ACTUACIÓNS PRIORITARIAS e as inclúe no 1º cuatrienio, a desenvolver por iniciativa de planeamento público e polo sistema de cooperación. De feito o Concello de Vigo ten iniciada a redacción do Plan Parcial do sector S-34-R FALCOA (acordo do Consello da XMU de data 16.10.08). Sen embargo o PSGSR as despraza esta actuación ata o SEGUNDO QUINQUENIO.

A edificabilidade total dos dous ámbitos increméntase en 5.106 m<sup>2</sup>c, pero a edificabilidade residencial redúcese en 4.787 m<sup>2</sup>c, toda vez que o PS inclúe 9.892 m<sup>2</sup>c para outros usos non residenciais. Nunha hipótese de 100 m<sup>2</sup>cR/vda. Supón unha perda dunhas 58 vivendas con respecto á previsión do PXOM.

A reserva de vivendas de protección no PXOM era do 43% da edificabilidade

residencial no ámbito A-4-66 PARDARILLA 2 e do 38% no ámbito S-34-R FALCOA. Coa proposta do PSGSR pasa ao 72,2% da edificabilidade residencial, co que o número de vivendas de protección incrementábase de 366 a 620 segundo os datos do PS. Non obstante estes datos poden variar tendo en conta as forquitas nas que se poden mover os distintos usos

A reserva de zonas verdes incrementábase de 16.887 m<sup>2</sup> a 31.000 m<sup>2</sup>, a de equipamentos de 9.382 m<sup>2</sup> a 14.500m<sup>2</sup>, e a de prazas de aparcamentos públicos de 469 a 495. Con estas novas reservas cumpríanse as reservas mínimas legais establecidas no artigo 47 da LOUGA, non obstante a ordenación detallada que se levará a cabo mediante un Proxecto Sectorial non ten a limitación de catro andares na A-4-66 e cinco andares na S-34-R que tiña o PXOM .

En canto aos criterios e obxectivos da ordenación o PSGSR recolle basicamente os do PXOM e posibilita a redacción dun Proxecto Sectorial conxunto coa actuación 1 de Telleira-Falcoa.

Segundo datos do estudio económico do PXOM a urbanización nestes ámbitos tiña unha estimación económica de 8,9 M€, e as indemnizacións uns 2,8 M€, cun total de cargas de 11,7 M€. No PSGSR a urbanización, incluídas conexións exteriores e gastos de xestión estímense en 7,32 M€, mentres que as indemnizacións elévanse a 2,3 M€, cun total de gastos de 9,63 M€, aos que se engaden 25,42 M€ en concepto de obtención do solo por expropiación. Neste caso as estimacións do PSGSR son inferiores as estimacións das cargas de urbanización do PXOM.

No tocante a imputación de infraestruturas necesarias ver informe dos servizos técnicos de infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

### 3. ACTUACIÓN 36057-03 PEREIRÓ-

A súa delimitación coincide co ámbito de SOLO URBANO NON CONSOLIDADO (A-3-24 PEREIRÓ).

Trátase dun ámbito de 28.638 m<sup>2</sup> situado no límite norte do Cemiterio de Pereiró , no que se sitúa unha parcela de propiedade municipal, dúas naves industriais ( antigos Plásticos de Galicia).

No PXOM esta actuación se inclúe no 2º cuatrienio, cunha iniciativa de planeamento privada e sistema de actuación de compensación . Sen embargo o PSGSR adianta a actuación ao PRIMEIRO QUINQUENIO

A edificabilidade total do ámbito pasa de 30.070 m<sup>2</sup>c a 34.366 m<sup>2</sup>c., incrementándose en 4.296 m<sup>2</sup>c. A edificabilidade residencial incrementábase lixeiramente (uns 859 m<sup>2</sup>c), pasando de 30.070 a 30.929 m<sup>2</sup>cR. A edificabilidade para outros usos non residenciais incrementábase en 3.437 m<sup>2</sup>c.. Nunha hipótese de 100 m<sup>2</sup>cR/vda. supón un incremento dunhas 86 vivendas con respecto á previsión do PXOM.

A reserva de vivendas de protección no PXOM era do 47% da edificabilidade residencial e coa proposta do PSGSR pasa ao 61,1 % da edificabilidade residencial,

co que o número de vivendas de protección increméntase de 141 a 194 segundo os datos do PS. Non obstante estes datos poden variar tendo en conta as forquitas nas que se poden mover os distintos usos

A reserva de zonas verdes increméntase de 5.413 m<sup>2</sup> a 11.000 m<sup>2</sup>, a de equipamentos de 7.250 m<sup>2</sup> a 7.500 m<sup>2</sup>, e a de prazas de aparcamentos públicos de 150 a 172. Con estas novas reservas cumpríranse as reservas mínimas legais establecidas no artigo 47 da LOUGA, non obstante a ordenación detallada que se levará a cabo mediante un Proxecto Sectorial non ten a limitación de oito andares que tiña o PXOM .

En canto aos criterios e obxectivos da ordenación o PSGSR recolle basicamente os do PXOM.

Segundo datos do estudio económico do PXOM a urbanización neste ámbito tiña unha estimación económica de 3,2 M€, e as indemnizacións uns 6,1 M€, cun total de cargas de 9,3 M€. No PSGSR a urbanización , incluídas conexións exteriores e gastos de xestión estímense en 1,68 M€, mentres que as indemnizacións elévanse a 9,1 M€, cun total de gastos de **10,82 M€**, aos que se engaden 5,03 M€ en concepto de obtención do solo por expropiación.

No tocante a imputación de infraestruturas necesarias ver informe dos servizos técnicos de infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

#### 4. ACTUACIÓN 36057-04 COSTA-CASTRELOS.-

A súa delimitación coincide co ámbito de SOLO URBANIZABLE S-25 R COSTA CASTRELOS . Este sector inclúe unha superficie de 58.168 m<sup>2</sup> de solo rústico de protección de augas e canles cun sistema xeral de zonas verdes do Monte da Serra.

Trátase dun ámbito de 344.579 m<sup>2</sup> situado na Parroquia de Castrelos, xunto ao Monte da Serra, no que se integra un tramo dun elemento principal da estrutura xeral e orgánica do modelo de cidade deseñado polo PXOM: A RONDA DE VIGO pertencente ao sistema xeral de comunicacións, e vial integrado no Plan Vigo Integra da Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, que vai ser custeado, na súa execución pola Comunidade Autónoma.

O documento de Estratexia do PXOM a inclúe no 1º cuatrienio, a desenvolver por iniciativa de planeamento público e a executar polo sistema de compensación. O PSGSR a programa no 1º quinquenio.

A edificabilidade total do ámbito pasa de 200.488 m<sup>2</sup>c a 241.205 m<sup>2</sup>c., incrementándose, xa que logo en 40.717 m<sup>2</sup>c. A edificabilidade residencial increméntase uns 4.536 m<sup>2</sup>cR, pasando de 200.488 a 205.024 m<sup>2</sup>cR. A edificabilidade para outros usos non residenciais increméntase en 36.181 m<sup>2</sup>c.. Nunha hipótese de 100 m<sup>2</sup>cR/vda. supón un incremento dunhas 453 vivendas con respecto á previsión do PXOM.

A reserva de vivendas de protección no PXOM era do 44% da edificabilidade residencial e coa proposta do PSGSR pasa ao 76,47 % da edificabilidade

residencial, co que o número de vivendas de protección incrementábase de 882 a 1.577 segundo os datos do PS. Non obstante estes datos poden variar tendo en conta as forquitas nas que se poden mover os distintos usos

A reserva de zonas verdes incrementábase de 36.088 m<sup>2</sup> a 95.500 m<sup>2</sup>, pero se se inclúen os 58.168 m<sup>2</sup> de zonas verdes de sistemas xerais en solo rústico de protección o incremento unicamente é de 94.256 m<sup>2</sup> a 95.500 m<sup>2</sup>. Os equipamentos locais de 20.049 m<sup>2</sup>s a 34.500m<sup>2</sup>, e as prazas de aparcamentos públicos de 1.002 a 1.206. Con estas novas reservas non se dá cumprimento ás reservas mínimas legais establecidas no artigo 47 da LOUGA, no que se refire a sistemas locais de zonas verdes e espazos libres. O Proxecto Sectorial non ten a limitación de cinco andares que tiña o PXOM.

En canto aos criterios e obxectivos da ordenación o PSGSR recolle basicamente os do PXOM.

Segundo datos do estudo económico do PXOM a urbanización neste ámbito tiña unha estimación económica de 20,7 M€, e as indemnizacións uns 6,8 M€, cun total de cargas de 27,5 M€. No PSGSR a urbanización, incluídas conexións exteriores e gastos de xestión estímense en 18,5 M€, mentres que as indemnizacións elévanse a 5,76 M€, cun total de gastos de 24,26 M€, cantidade inferior á estimada no PXOM, aos que se engaden 63 M€ en concepto de obtención do solo por expropiación.

No tocante a imputación de infraestruturas necesarias ver informe dos servizos técnicos de infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

##### 5. ACTUACIÓN 36057-05 GORGOSO.-

A súa delimitación coincide co ámbito de SOLO URBANIZABLE S-32 R GORGOSO. Este sector inclúe unha superficie de 16.631 m<sup>2</sup> de solo rústico de protección de augas e canles cun sistema xeral de zonas verdes do Monte da Serra.

Trátase dun ámbito de 110.789 m<sup>2</sup> situado na Parroquia de Castrelos, xunto ao Monte da Serra, no que se integra un tramo dun elemento principal da estrutura xeral e orgánica do modelo de cidade deseñado polo PXOM: A RONDA DE VIGO pertencente ao sistema xeral de comunicacións, e vial integrado no Plan Vigo Integra da Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, que vai ser custeado, na súa execución pola Comunidade Autónoma.

O documento de Estratexia do PXOM a inclúe no 1º cuatrienio, a desenvolver por iniciativa de planeamento público e a executar polo sistema de concerto. O PGSR a programa no 1º quinquenio. A propiedade deste ámbito xa iniciou os traballos previos para a súa ordenación e execución.

A edificabilidade total do ámbito pasa de 47.079 m<sup>2</sup>c a 63.704 m<sup>2</sup>c., incrementándose, xa que logo en 16.625 m<sup>2</sup>c. A edificabilidade residencial incrementábase uns 10.254 m<sup>2</sup>cR, pasando de 47.079 a 57.333 m<sup>2</sup>cR. A edificabilidade para outros usos non residenciais incrementábase en 6.370 m<sup>2</sup>c.. Nunha hipótese de 100 m<sup>2</sup>cR/vda. supón un incremento dunhas 102 vivendas con respecto á previsión do PXOM.

A reserva de vivendas de protección no PXOM era do 51 % da edificabilidade residencial e coa proposta do PSGSR pasa ao 66,66 % da edificabilidade residencial, co que o número de vivendas de protección incrementábase de 240 a 368 segundo os datos do PS. Non obstante estes datos poden variar tendo en conta as forquitas nas que se poden mover os distintos usos

A reserva de zonas verdes incrementábase de 11.079 m<sup>2</sup> a 61.500 m<sup>2</sup>, pero se se restan os 47.525 m<sup>2</sup> de zonas verdes de sistemas xerais o incremento unicamente é de 11.079 a 13.975 m<sup>2</sup> en sistemas verdes locais. Os equipamentos locais de 4.708 m<sup>2</sup>s a 9.000 m<sup>2</sup>, e as prazas de aparcamentos públicos de 235 a 319. Con estas novas reservas dáse cumprimento ás reservas mínimas legais establecidas no artigo 47 da LOUGA, no que se refire a sistemas locais de zonas verdes e espazos libres. O Proxecto Sectorial non ten a limitación de seis andares que tiña o PXOM.

En canto aos criterios e obxectivos da ordenación o PSGSR recolle basicamente os do PXOM.

Segundo datos do estudio económico do PXOM a urbanización neste ámbito tiña unha estimación económica de 5,8 M€, e as indemnizacións uns 0,1 M€, cun total de cargas de 5,9 M€. No PSGSR a urbanización, incluídas conexións exteriores e gastos de xestión estímase en 6,71 M€, mentres que as indemnizacións elévanse a 0,46 M€, cun total de gastos de 7,19 M€, aos que se engaden 18,77 M€ en concepto de obtención do solo por expropiación.

No tocante a imputación de infraestruturas necesarias ver informe dos servizos técnicos de infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

## 6. ACTUACIÓN 36057-06 PESCADEIRA.-

A súa delimitación coincide co ámbito de SOLO URBANIZABLE S-26-R PESCADEIRA. Este sector inclúe unha superficie de 16.381m<sup>2</sup> de solo rústico de protección, incorporados a un total de 54.729 m<sup>2</sup> de sistemas xerais de espazos libres do Monte da Serra.

Trátase dun ámbito de 254.158 m<sup>2</sup> situado na Parroquia de Sárdoma, xunto ao Monte da Serra, no que se integra un tramo dun elemento principal da estrutura xeral e orgánica do modelo de cidade deseñado polo PXOM: A RONDA DE VIGO pertencente ao sistema xeral de comunicacións, e vial integrado no Plan Vigo Integra da Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, que vai ser custeado, na súa execución pola Comunidade Autónoma.

O documento de Estratexia do PXOM a inclúe no 1º cuatrienio, a desenvolver por iniciativa de planeamento público e a executar polo sistema de compensación. O PSGSR a programa no 1º quinquenio.

A edificabilidade total do ámbito pasa de 154.555 m<sup>2</sup>c a 165.203 m<sup>2</sup>c., incrementándose, xa que logo en 10.648m<sup>2</sup>c. A edificabilidade residencial total diminúese en 14.132 m<sup>2</sup>cR xa que a edificabilidade para outros usos non



residenciais incrementábase en 24.780 m<sup>2</sup>c. Nunha hipótese de 100 m<sup>2</sup>cR/vda. supón unha perda dunhas 190 vivendas con respecto á previsión do PXOM.

A reserva de vivendas de protección no PXOM era do 53 % da edificabilidade residencial e coa proposta do PSGSR pasa ao 70,58 % da edificabilidade residencial, co que o número de vivendas de protección incrementábase de 819 a 956 segundo os datos do PS. Non obstante estes datos poden variar tendo en conta as forquitas nas que se poden mover os distintos usos

A reserva de zonas verdes incrementábase de 27.820 m<sup>2</sup> a 29.771 m<sup>2</sup>, tendo en conta que dos 84.500 m<sup>2</sup> de zonas verdes da actuación deben restarse os de 54.729 m<sup>2</sup> de sistemas xerais. Os equipamentos locais de 15.456 m<sup>2</sup>s a 23.500 m<sup>2</sup>, e as prazas de aparcamentos públicos de 773 a 886. Con estas novas reservas dáse cumprimento ás reservas mínimas legais establecidas no artigo 47 da LOUGA, no que se refire a sistemas locais de zonas verdes e espazos libres. O Proxecto Sectorial non ten a limitación de seis andares que tiña o PXOM.

En canto aos criterios e obxectivos da ordenación o PSGSR recolle basicamente os do PXOM.

Segundo datos do estudio económico do PXOM a urbanización neste ámbito tiña unha estimación económica de 21M€, e as indemnizacións uns 5,8 M€, cun total de cargas de 26,7 M€. No PSGSR a urbanización, incluídas conexións exteriores e gastos de xestión estímase en 17,531 M€, mentres que as indemnizacións elévanse a 6,98 M€, cun total de gastos de 24,51 M € cifra inferior á prevista no PXOM, aos que se engaden 36,85 M€ en concepto de obtención do solo por expropiación.

No tocante a imputación de infraestruturas necesarias ver informe dos servizos técnicos de infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

## 7. ACTUACIÓN 36057-07 CANTABRIA

A súa delimitación inclúe os sectores de SOLO URBANIZABLE DELIMITADO S-05 ORXA e S-07-R FONTÁNS e parcialmente o sector de SOLO URBANIZABLE DELIMITADO S-06-R CANTABRIA, ademais dunha superficie de 7.173 m<sup>2</sup> de SOLO URBANO CONSOLIDADO situada entre a Avenida de Ramón Nieto e a Rúa Fontáns. Trátase dun ámbito cunha superficie total de 200.724 situado entre a parroquia de Teis e Lavadores, que ten como eixo principal un viario restaurante de conexión entre a rúa Cantabria e a Ronda de Vigo, considerado polo Plan Xeral como sistema xeral viario.

A superficie do SOLO URBANIZABLE DELIMITADO incluída neta actuación é de 193.629 m<sup>2</sup>, xa que o PSGSR non inclúe unha superficie de 3.975 m<sup>2</sup> do sector S-06 R CANTABRIA, con fronte á Rúa Toledo, cun importante grao de consolidación por edificacións existentes.

O documento de Estratexia do PXOM a inclúe todos estes sectores no 1º cuatrienio, a desenvolver por iniciativa de planeamento privada e a executar polo sistema de compensación. O PSGSR a programa no 1º quinquenio.

A edificabilidade total do ámbito incrementábase lixeiramente nuns 900 m<sup>2</sup>, pasando duns 159.679 m<sup>2</sup> a 160.579 m<sup>2</sup>. A edificabilidade residencial, sen embargo redúcese en 19.256 m<sup>2</sup> pola inclusión de 32.116 m<sup>2</sup> para outros usos non residenciais. Nunha hipótese de 100 m<sup>2</sup>R/vda. supón unha perda dunhas 241 vivendas con respecto á previsión do PXOM.

A reserva de vivendas de protección no PXOM, en conxunto para todos os sectores e tendo en conta que no solo urbano consolidado no había tal reserva, supoñía o 39,89% da edificabilidade residencial e coa proposta do PSGSR pasa ao 70,59 % da edificabilidade residencial, co que o número de vivendas de protección incrementábase de 637 a 956 segundo os datos do PS. Non obstante estes datos poden variar tendo en conta as forquitas nas que se poden mover os distintos usos

A reserva de zonas verdes incrementábase de 28.702 m<sup>2</sup> a 48.000 m<sup>2</sup>. Os equipamentos locais de 16.223 m<sup>2</sup>s a 22.500 m<sup>2</sup>s , e as prazas de aparcamentos públicos redúcense de 936 a 803, tendo en conta posiblemente a redución de solo urbanizable, que polo seu grao de consolidación dificilmente poderá efectuar en esa parte dita reserva. Con estas novas reservas poderían darse cumprimento ás reservas mínimas legais establecidas no artigo 47 da LOUGA, no que se refire a sistemas locais de zonas verdes e espazos libres e equipamentos. O Proxecto Sectorial non ten a limitación de seis andares que tiña o PXOM .

En canto aos criterios e obxectivos da ordenación o PSGSR recolle basicamente os do PXOM.

Segundo datos do estudio económico do PXOM a urbanización neste ámbito tiña unha estimación económica de 19,5 M€, e as indemnizacións uns 22,7 M€, cun total de cargas de 42,2 M€. No PSGSR a urbanización , incluídas conexións exteriores e gastos de xestión estímense en 17,38 M€, mentres que as indemnizacións elévanse a 13,6 M€ ( posiblemente pola exclusión das edificacións existentes na Rúa Toledo), cun total de gastos de 30,99 M€ (inferior á previsión do PXOM), aos que se engaden 64,55 M€ en concepto de obtención do solo por expropiación.

No tocante a imputación de infraestruturas necesarias ver informe dos servizos técnicos de infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

## 8. ACTUACIÓN 36057-08 CABRAL

A súa delimitación coincide co ámbito de SOLO URBANO NON CONSOLIDADO A-8-39 CABRAL, cunha superficie de 118.744 m<sup>2</sup> de solo situado na parroquia de Lavadores , correspondente cos terreos da antiga fábrica de cerámicas Manuel Álvarez.

A ordenación do PXOM inclúe un tramo da Ronda de Vigo pertencente ao sistema xeral de comunicacións, e vial integrado no Plan Vigo Integra da Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, que vai ser custeado, na súa execución pola Comunidade Autónoma. Neste caso como obxectivo fíxase polo PXOM a incorporación da Ronda como vial urbano e a urbanización do tramo de acceso ao

aeroporto como ampliación de Ramón Nieto.

O documento de Estratexia do PXOM a inclúe no 1º cuatrienio, a desenvolver por iniciativa de planeamento público e a executar polo sistema de concerto ou compensación. O PGSR a programa no 1º quinquenio.

A edificabilidade total do ámbito mantense igual que no PXOM (142.493 m2c), unicamente prodúcese unha modificación nas intensidades dos distintos usos: A edificabilidade residencial xeral baixa 7.485 m2cR ( de 135.728 m2c a 128.243 m2cR ) e a edificabilidade para usos non residenciais sobe nesa mesma cantidade (7.485 m2c). Nunha hipótese de 100 m2cR/vda. supón un descenso dunhas 117 vivendas con respecto á previsión do PXOM.

A reserva de vivendas de protección no PXOM era do 61 % da edificabilidade residencial , coa proposta do PSGSR pasa ao 72,22 % da edificabilidade residencial, co que o número de vivendas de protección increméntase de 828 a 895 segundo os datos do PS. Non obstante estes datos poden variar tendo en conta as forquitas nas que se poden mover os distintos usos

A reserva de zonas verdes increméntase de 25.649 m2 a 48.000m2, pero debe terse en conta que este ámbito tiña a obriga de adquirir terreos do sistema xeral verde do río Lagares situado fronte ao mesmo. Os equipamentos locais pasan de 14.249 m2 previstos no PXOM a 20.500 m2 no Plan Sectorial. Con estas novas reservas dáse cumprimento ás reservas mínimas legais establecidas no artigo 47 da LOUGA, no que se refire a sistemas locais de zonas verdes e espazos libres. O Proxecto Sectorial non ten a limitación de dez (10) andares que tiña o PXOM .

En canto aos criterios e obxectivos da ordenación o PSGSR recolle basicamente os do PXOM.

Segundo datos do estudio económico do PXOM a urbanización neste ámbitos tiña unha estimación económica de 12,5 M€, a urbanización especial do tramo de Ramón Nieto-Aeroporto 5,3 M€, as indemnizacións uns 28 M€, cun total de cargas de 45,8 M€. No PSGSR a urbanización , incluídas conexións exteriores e gastos de xestión estímense en 9,5 M€, 6,22 m€ mentres que as indemnizacións elévanse a 24 M€, cantidades inferiores ás previsións do PXOM o que fai presupoñer unha inferior urbanización e ningunha contribución á adquisición de zonas verdes, cun total de gastos de 34,22 M€ (11,6 M€ inferior ás previsións do PXOM), aos que se engaden 22,91 M€ en concepto de obtención do solo por expropiación.

No tocante a imputación de infraestruturas necesarias ver informe dos servizos técnicos de infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

## 9. ACTUACIÓN 36057-09 TRAVESÍA-ARAGÓN

A delimitación comprende o ámbito de SOLO URBANO CONSOLIDADO A-5-37 TRAVESÍA-ARAGÓN, ademais de 332 m2 de solo urbano consolidado pertencente a un vial de conexión polo Norte, practicamente sen aproveitamento, que supón un axuste xustificado. O total de superficie é de 57.596 m2 comprendido entre as traseiras das edificacións das rúas Travesía de Vigo e Aragón.

Trátase dun ámbito de previsto polo PXOM para unha operación de reforma interior, saneamento e estruturación viaria

O documento de Estratexia do PXOM a inclúe no 1º cuatrienio, a desenvolver por iniciativa de planeamento público e a executar polo sistema de compensación.

A edificabilidade total do ámbito sofre un moi lixeiro incremento, duns 332 m<sup>2</sup> debido ao axuste da superficie. A edificabilidade residencial diminúese en 4.851 m<sup>2</sup>cR ( unhas 37 vivendas), porque a edificabilidade para outros usos non residenciais incrementábase en 5.184 m<sup>2</sup>c.

A reserva de vivendas de protección no PXOM era do 43 % da edificabilidade residencial e coa proposta do PSGSR pasa ao 61.6,66 % da edificabilidade residencial, co que o número de vivendas de protección incrementábase de 221 a 292 segundo os datos do PS. Non obstante estes datos poden variar tendo en conta as forquitas nas que se poden mover os distintos usos

A reserva de zonas verdes incrementábase de 12.500 m<sup>2</sup> a 16.500 m<sup>2</sup>, os equipamentos locais mantéñense en 7.500 m<sup>2</sup>, e as prazas de aparcamentos públicos , sen embargo, descenden de 450 a 259, perdéndose un total de 191 prazas , o que podería provocar correccións nesta reserva a nivel de distrito. Con estas novas podería reservas dáse cumprimento ás reservas mínimas legais establecidas no artigo 47 da LOUGA, no que se refire a sistemas locais de zonas verdes e espazos libres, e equipamentos. O Proxecto Sectorial non ten a limitación de sete andares que tiña o PXOM .

En canto aos criterios e obxectivos da ordenación o PSGSR recolle basicamente os do PXOM.

Segundo datos do estudio económico do PXOM a urbanización neste ámbito tiña unha estimación económica de 6,4 M€, e as indemnizacións uns 7,4 M€, cun total de cargas de 13,8 M€. No PSGSR a urbanización , incluídas conexións exteriores e gastos de xestión estímase en 3,33 M€, e as indemnizacións en 6,055 M€, cun total de gastos de 9,38 M€, aos que se engaden 13,78 M€ en concepto de obtención do solo por expropiación. A estimación de cargas do PSGSR é inferior á feita polo PXOM o que parece non axustado á realidade física e aos custos reais que vai ter esta actuación.

No tocante a imputación de infraestruturas necesarias ver informe dos servizos técnicos de infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

### VII.2 Incidencia conxunto das actuacións previstas no PSGSR no PXOM de Vigo.

O conxunto das 9 actuacións previstas no Termo Municipal modifica a ordenación prevista no PXOM e, de feito, obrigará á Modificación do PXOM como expresamente o especifica o documento, en cada unha das fichas das actuacións: *"(...) Aínda que as previsións do Plan Sectorial concílianse coas do planeamento municipal respecto deste ámbito, e a clasificación de solo resulta axeitada, estímase necesaria a modificación do PXOM para substituír, para a totalidade do ámbito, as*

*determinacións do planeamento municipal polas que estableza , en desenvolvemento do presente Plan Sectorial, o correspondente Proxecto Sectorial. A tal efecto, modificarase o planeamento municipal no prazo máximo de un ano dende a aprobación do Proxecto Sectorial (...)”.*

En realidade non se trata dunha afección puntual, ámbito a ámbito, do Plan Sectorial sobre o PXOM senón dunha afección que conxuntamente produce sobre o Plan Xeral un desaxuste global das previsións, xustificacións, contido e documentación do Plan Xeral de ordenación Municipal de Vigo.

#### VII.2.1 Modificacións en canto a clasificación do solo.

O conxunto das actuacións do Plan Sectorial supón unha modificación na clasificación de solo dos terreos que se inclúen e se exclúen na actuación 7 CANTABRIA.

a) Un total de 7.173 m<sup>2</sup> de SOLO URBANO CONSOLIDADO, coas ordenanzas de aplicación 4 e 10, pasan a ser incluídos na actuación 7 do PSGSR, e tratados como se de solos urbanizables ou urbanos non consolidados se tratasen.

b) Un total de 3.975 m<sup>2</sup> de SOLO URBANIZABLE DELIMITADO S-06-R CANTABRIA, xunto á rúa Toledo, son excluídos do ámbito da actuación do PSGSR, sendo unha superficie inferior aos 20.000 m<sup>2</sup>, superficie considerada mínima para os sectores polo artigo 49.2 da LOUGA con carácter xeral, e polo tanto con dificultades para constituír un sector independente, como dando a entender que polo seu grao de consolidación e fronte a vial urbanizado deberán ser clasificados como SOLO URBANO.

#### VII.2.2 Modificacións nas intensidades de uso tipoloxía e alturas previstas.

Na seguinte táboa pódese analizar o efecto conxunto das 9 actuacións do PSGSR, previstas no T.M. de Vigo.

TOTAIS	PXOM	PSGSR	DIFERENCIA
Superficie de solo	1.526.966 m <sup>2</sup> s	1.526.966 m <sup>2</sup> s	0
edificabilidade	1.027.341 m <sup>2</sup> c	1.128.534 m <sup>2</sup> c	101.193 m <sup>2</sup> c
teito residencial	1.020.576 m <sup>2</sup> cR	967.130 m <sup>2</sup> cR	-58.297 m <sup>2</sup> cR
nº vdas	10.206	9.375	-831
teito VP	473.817 m <sup>2</sup> cR VP	696.940 m <sup>2</sup> cR VP	223.123 m <sup>2</sup> c VP
% VP / EDIF RESID	46,43%	72,067%	25,64%
nº vdas VP	4.738	6.759	2.021
teito VL	546.759 m <sup>2</sup> c VL	265.339 m <sup>2</sup> c VL	-281.420 m <sup>2</sup> c VL
nº VL	5.468	2.616	-2.852
edificabilidade noutros usos	6.765 m <sup>2</sup> c OU	166.254 m <sup>2</sup> c OU	159.489 m <sup>2</sup> c OU
zonas verdes	191.595 m <sup>2</sup>	283.578 m <sup>2</sup>	91.983 m <sup>2</sup>
equipamentos	114.733 m <sup>2</sup>	163.500 m <sup>2</sup>	48.767 m <sup>2</sup>

Aparcamentos públicos	5.466 prazas	5.643 prazas	177 prazas
-----------------------	--------------	--------------	------------

No PXOM aclárase que o teito do plan previsto supón unhas 116.061 vivendas, e que o programa precisouse definitivamente en tres cuadrienios, co que se xustifica a satisfacción dunha demanda dunhas 4043 vivendas/ ano, cunha marxe media de folgura do 97% no solo residencial e do 94% no solo de actividade económica. A “folgura” é o necesario sobredimensionado do Programa na medida que en cada etapa do proceso de desenvolvemento pode producirse unha perda de solo que non segue á seguinte fase dun 20-25%.

O PSGSR non supón un incremento no número de vivendas posibles, de feito a edificabilidade residencial diminúese en 58.297 m<sup>2</sup>cR, Non obstante prodúcese un incremento de edificabilidade total do PXOM de 101.193 m<sup>2</sup>c, debido ao incremento de 159.489 m<sup>2</sup>c en usos comerciais e terciarios.

Os incrementos en zonas verdes, equipamentos e prazas de aparcamentos públicos necesarios para dar cumprimento aos estándares do art. 47 da LOUGA, dado o incremento de edificabilidade, provocará que as ordenacións detalladas que se leven a cabo cos Proxectos Sectoriais teñan que acudir a tipoloxías e alturas diferentes das previstas nas fichas do PXOM.

VII.2.3 Modificacións nas reservas para cumprimento do estándares e límites de sostibilidade e estándares de calidade de vida e cohesión social.-

O incremento de edificabilidade orixinado polas actuacións do PSGSR orixina desaxustes nas xustificacións que o PXOM aporta para dar cumprimento ás reservas mínimas esixidas polos artigos 46 e 47 da LOUGA.

Os Plans Sectoriais están obrigados ao cumprimento de ditos estándares, xa que unicamente as Directrices de Ordenación do territorio e os Planes Territoriais Integrados están exentas en determinados casos ao seu cumprimento, polo artigo 46.7, que di: “(...) 7. *As directrices de ordenación do territorio e os plans territoriais integrados aprobados ao amparo de la Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, poderán establecer os límites de edificabilidade para determinadas áreas do territorio, sen suxeición ao disposto nos números 2 e 3 deste artigo (...)*”.

O PSGSR , sen embargo, non aporta ningunha xustificación do cumprimentos destes artigos, remitindo dita cuestión aos futuros Proxectos sectoriais.

En canto aos límites de sostibilidade do artigo 46, o PS parece non superar as edificabilidades máximas que para o solo urbano non consolidado e o solo urbanizable establece a LOUGA en municipios de máis de 50.000 habitantes, no caso de Vigo.

En canto ás reservas de calidade de vida e cohesión social do artigo 47 da LOUGA o PSGSR non distingue que parte das reservas para espazos libres, equipamentos ou aparcamentos, destinaranse a sistemas xerais e que parte serán sistemas locais.

No referente a reservas para equipamentos locais débese ter en conta que a mesma debe xustificarse, segundo o artigo 49.1 da LOUGA, no solo urbano non

consolidado para o conxunto de cada distrito, e no solo urbanizable para cada sector. Por esta razón os distritos 3, 4 , 5 e 8 do Plan Xeral deben xustificarse globalmente polas modificacións operadas polas actuacións de Telleira, Pardarilla, Pereiró, Cabral e Travesía-Aragón, e os sectores afectados individualmente.

Nese senso detéctase unha redución de prazas de aparcamento público, no sector S-06-R de Cantabria, debido á exclusión dunha parte do sector totalmente consolidada, e no ámbito de solo urbano non consolidado A 5-37 TRAVESÍA-ARAGÓN na que a reserva baixa de 400 a 259 prazas.

#### VII.2.4 Modificacións nas porcentaxes de vivenda de protección e no equilibrio entre ámbitos.-

O PXOM de Vigo con aprobación definitiva contén un anexo específico xustificativo da posibilidade de elevar a un mínimo do 40% a porcentaxe de edificabilidade residencial destinada á vivenda sometida a algún réxime de protección, sen alterar o equilibrio de beneficios e cargas establecido no PXOM e mantendo os valores residuais do solo previstos, actualizados ao ano 2.007.

Dito estudio conclúe cunha asignación concreta dunha porcentaxe de edificabilidade de uso residencial protexido para cada ámbito de SUNC e sector de SUBLE, e unha porcentaxe total do 47% do teito residencial do PXOM nestes solos destinado a residencial de protección.

No referente aos ámbitos das actuacións do Plan Sectorial a porcentaxe de uso residencial protexido acadaba o 46,43%, e o Plan Sectorial o eleva a 72,43 %, provocando xa que logo un incremento do 26% que permitirá un incremento dunhas 2.000 vivendas mais de protección.

O PSGSR non aporta ningunha xustificación do mantemento do equilibrio entre áreas de reparto do Plan Xeral, nin da viabilidade económica. Non obstante os valores residuais do solo utilizados no PSGSR son inferiores aos que figuran no Plan Xeral nos ámbitos de TELLEIRA-FALCOA, PARDARILLA, PEREIRÓ e TRAVESÍA ARAGÓN.

#### VII.2.5 Modificacións nos sistemas de xestión do planeamento.-

Agás os ámbitos de SUNC A-4-33 MONTE FALCOA, A-4-34 FALCOA aos que o PXOM fixa o sistema directo de COOPERACIÓN, o resto dos sectores e ámbitos incluídos nas actuacións do PSGSR teñen determinado o sistema indirecto de COMPENSACIÓN (ou CONCERTO no caso de Gorgoso), por iniciativa privada.

A inclusión destes ámbitos no PSGSR supón, xa que logo, excluílos da posibilidade de execución por iniciativa privada e levalos a cabo directamente por expropiación.

O punto 1.7 da Parte I do PSGSR establece como sistema de xestión dos ámbitos incluídos no mesmo, o de expropiación previsto nos artigos 140 a 149 da LOUGA. Así mesmo alúdese o punto 5º do artigo 108 da LOUGA cando establece o seguinte: *"(...) No caso de proxectos sectoriais promovidos pola Administración Autonómica coa finalidade de crear solo urbanizado con destino a infraestruturas, dotacións ou*

*instalacións, poderán ser executados mediante o sistema de expropiación establecido polos artigos 140 a 149 desta lei (...)*". Ao respecto tense que informar que non existe un sistema específico de xestión de ámbitos por expropiación realizada por Administración diferente á municipal. En efecto, os preceptos contidos na LOUGA entre os artigos 140 a 149, establecen un sistema directo de xestión previsto para a Administración Municipal e, para aquel caso que se pretendera a súa utilización pola Administración Autonómica, sería preciso a revisión de certos aspectos tales como a necesidade de formulación de mecanismos de coordinación da xestión autonómica cos intereses municipais, establecemento de condicións para a adopción de acordos de exclusión, posibilidade de execución da urbanización por fases etc...

Non consta no Plan Sectorial ningunha referencia á consignación presupostaria de fondos autonómicos suficientes para todas as expropiacións necesarias para as actuacións previstas.

A posibilidade de que a expropiación se faga preferentemente por mutuo acordo ou mediante pago en especie con aproveitamentos, como contempla o PSGSR, sendo legal non é garantía suficiente da súa viabilidade e garantía da súa execución.

No caso de Vigo, a experiencia do Plan Parcial de Navia, no que quedan fases pendentes de expropiación unha vez transcorridos os prazos estimados no Plan Parcial, precisamente por falta de orzamentos suficientes para a expropiación e intentos sucesivos de acordos mutuos cos propietarios, amosan como unha actuación pública pode, nalgúns casos, ser menos áxil que un sistema indirecto. Todo elo, sen prexuízo de que acudir en exceso o mecanismo de pago en especie no sistema de xestión por expropiación, pode supoñer unha mingua no grao de eficacia da actuación pública en materia de vivenda. Córrese o perigo de supoñer unha actuación pública con notas ou características similares ás previstas na LOUGA para o denominado "Axente urbanizador".

#### VII.2.6 Modificación da estratexia de actuación e estudo económico

Durante a tramitación do PXOM, a Dirección Xeral de Urbanismo da CPTOPT recordou en diversos informes, e obrigou a introducir importantes modificacións tendentes a incorporar ás determinacións contidas no artigo 60 da LOUGA:

*"(...) 1. Os plans xerais de ordenación municipal conterán a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan e, en particular, determinarán a execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non-consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado.*

*2. Asemade, han determinar os ámbitos de actuación preferente en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable delimitado, para o que deberán de se fixar os prazos e as condicións en que teñen que ser executadas as actuacións públicas programadas ou privadas concertadas cos particulares, así como as determinacións de ordenación detallada sen necesidade de remisión a planeamento de desenvolvemento.*



3. O Plan Xeral conterá unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público e privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que deban realizarse con recursos propios do Concello, na hipótese de que as que se atribúan ao financiamento das administracións ou entidades públicas distintas do municipio, deberán acreditar a conformidade das mesmas (...)."

A consecuencia foi que o PXOM contén unha estratexia coa programación da maior parte dos Sistemas Xerais en 3 cuadrienios, asimilando os desenvolvementos non programados ao solo "urbanizable non delimitado". A xustificación da existencia de servizos xerais previos esixiu a elaboración dun listado dos ámbitos e sectores co detalle dos Sistemas Xerais previos de cada un, a executar con anterioridade ou no mesmo Cuadrienio, asegurando que a demanda xustificada do mercado disporá en cada momento da oferta coa "folgura" necesaria que compense o "roce" ou perdas en cada fase de desenvolvemento (planeamento xeral, planeamento parcial, equidistribución, urbanización e construción).

Finalmente o contido do artigo 60.3 realizouse cunha avaliación do custo de investimento e a referencia en plano do investimento nos Sistemas Xerais e locais da totalidade do Plan, con detalle do seu financiamento público ou privado.

Pois ben, o PSGSR modifica dita estratexia, sen garantir os servizos concretos, a pé de ámbito que fixaba o PXOM. Igualmente modifica, sen concretalas, as achegas que para o custeamento de ditos sistemas xerais necesarios vai facer a Xunta de Galicia en relación coas achegas que figuran no PXOM.

Por outra parte é de interese a análise e incidencia da repercusión da previsións do PSGSR para o denominado Patrimonio municipal do solo (PMS en adiante). En ningún caso as actuacións previstas no PSGSR poderán acollerse a cláusula cuarta do artigo 108 da LOUGA: "(...) No caso de actuacións urbanísticas promovidas por outras administracións públicas con destino exclusivamente á construción de vivendas de promoción pública ou de equipamento público ou a creación de solo para facilitar a implantación de industrias e outras actividades económicas, a totalidade do aproveitamento urbanístico é atribuído á administración pública actuante (...)". Como quedou informado con anterioridade, o PSGSR prevé a compatibilidade de usos residenciais con outros que permitan viabilizar a actuación. Así mesmo, a vivenda de protección vai a compatibilizar diversos réximes de protección, non sendo necesariamente vivenda de protección de promoción pública.

Sen prexuízo de que a Administración Autonómica non poderá patrimonializar o cento por cento do aproveitamento, resulta de interese a análise da repercusión de tal medida na Facenda Municipal e, en concreto, no Patrimonio municipal do solo.

Utilizando os valores utilizados no Estudio económico do Plan Xeral, o conxunto das 9 actuacións previstas no Plan Sectorial Galego de Solo Residencial poderían provocar unha perda de 66,3 MILLÓNS DE EUROS (ver táboa da páxina seguinte) nos ingresos no Patrimonio Municipal de Solo do Concello de Vigo, destinados polo PXOM: 33,15 M€ a necesidades de vivenda de protección e 33,15 M€ a custeamento de sistemas xerais do Plan Xeral.

1. TELLEIRA-FALCOA	A-1	TELLEIRA-FALCOA	10% AP. SEGUNDO PXOM
--------------------	-----	-----------------	----------------------------

	A-3-33	MONTE FALCOA	4,4
	A-3-34	FALCOA	1,5
	S-81-R	TELLEIRA	4,0
SUBTOTAL			9,9
2. PARDARILLA	A-2	PARDARILLA	
	A-4-66	PARDARILLA 2	1,4
	S-34-R	FALCOA	4,3
TOTAL PXOM			5,7
3. PEREIRÓ	A-3	PEREIRÓ	
	A-3-24	PEREIRÓ	2,2
SUBTOTAL			2,2
4. COSTA-CASTRELOS	A-4	COSTA CASTRELOS	
	S-25-R	COSTA CASTRELOS	12,4
SUBTOTAL			12,4
5. GORGOSO	A-5	GORGOSO	
	S-32-R	GORGOSO	2,8
TOTAL PXOM			2,8
6. PESCADEIRA	A-6	PESCADEIRA	
	S-26-R	PESCADEIRA	8,9
SUBTOTAL			8,9
7. CANTABRIA	A-7	CANTABRIA	
	S-05-R	ORXA	5,2
	S-06-R	CANTABRIA	2,1
	S-07-R	FONTÁNS	4,4
SUBTOTAL			11,7
8. CABRAL	A-8	CABRAL	
	A-8-39	ALVAREZ CABRAL	8,7
SUBTOTAL			8,7
9. TRAVESÍA-ARAGÓN	A-9	TRAVESIA-ARAGON	
	A-5-37	TRAVESÍA ARAGÓN	4,0
SUBTOTAL			4,0
TOTAL 10% APROV. SEGUNDO PXOM			66,3 M€

Como é coñecido a Lei 6/08, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda estableceu certas medidas tendentes a que o PMS logre o cumprimento das finalidades do mesmo, tal como a intervención no mercado do solo, a obtención de dotacións urbanísticas ou a facilitar a execución do propio planeamento. Sería certamente incongruente coa propia Lei, calquera previsión que implique unha mingua ou limitación do PMS e quedaría sen fundamento a intervención legislativa realizada no presente ano cando cualificaba a actuación dos Municipios como *inhibidora á hora de por en marcha políticas activas de vivenda (primeiro punto do Preámbulo da Lei 6/08)*.

Por outra parte, non se pode esquecer que o Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo (letra c, punto 1º do artigo 16) prevé como un deber dos promotores dunha actuación de urbanización a

obriga de cesión dunha porcentaxe de aproveitamento que pode ir dende o 5% ó 15%, coa posibilidade de redución ou ampliación en función de que o valor das parcelas resultantes sexa superior ou inferior á media das restantes da súa mesma categoría de solo. Polo tanto, dende a lexislación básica estatal, non se fai referencia á posibilidade de que se poida patrimonializar o cento por cento do aproveitamento. Pese que na LOUGA existen diversos supostos nos que o propietario non ten a obriga de cesión dunha porcentaxe de aproveitamento, debe entenderse que contradí a norma básica estatal e polo tanto precisa da súa modificación ou interpretación.

Calquera decisión tendente a limitar a participación do Concello no aproveitamento resultante das actuacións de urbanización, podería implicar a concorrencia dun suposto indemnizatorio previsto no apartado a do artigo 35 do Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo. Para elo, tense que ter en conta que o Concello de Vigo ten o PXOM aprobado definitivamente pola Orde da CPTOPT de 16.05.08 e polo tanto, non transcorreu en ningún caso o prazo máximo outorgado para a execución do planeamento.

#### VII.2.7 Modificacións na programación temporal do plan.

En canto á Estratexia de actuación e programación temporal do Plan débese ter en conta que na Orde da Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia de 19 de Xaneiro de 2007 en relación coa tramitación do PXOM de Vigo púxose especial énfase en que non houbera un desaxuste entre a programación temporal e a estratexia, de xeito que se estableceran condicións para o desenvolvemento en función as proxeccións de planeamento no horizonte temporal . Como consecuencia desta Orde introducíronse no PXOM

En todas as fichas de ámbitos de xestión figura o prazo de desenvolvemento co correspondente cuadrienio, axustado ao Programa con xustificación que os Sistemas Xerais de Ciclo de Auga e Rede Viaria están programados e financiados con anticipación.

Considerando que o período completo dun proceso urbanístico-edificatorio completo chega a unha media de 10 anos, cun ciclo de edificación de 6 anos, o PXOM programou un período de 12 anos subdividible en tres cuadrienios.

O PSGSR modifica dita programación temporal e estratexia do PXOM, xa que despraza ao 2º quinquenio as actuacións de TELLEIRA-FALCOA e PARDARILLA, e xa que logo os seguintes ámbitos previstos para o 1º cuadrienio : A-3-33 MONTE FALCOA, A 3-34 FALCOA, S-81-R TELLEIRA, A-4-66 PARDARILLA2 e S-34-R FALCOA.

Esta modificación de programación temporal terá especial incidencia na obtención dos tramos incluídos nestes ámbitos da RONDA de VIGO, elemento estratéxico do PXOM, cuxa obtención destes terreos se fía ao desenvolvemento urbanístico, ou mediante mecanismos de ocupación directa ou expropiación, e a execución da infraestrutura corresponde á propia Xunta de Galicia.

Igualmente a alteración temporal da execución destes ámbitos terá incidencia na imputación de conexións e servizos necesarios para o desenvolvemento de outros

ámbitos relacionados infraestruturalmente con estes e previstos para o primeiro cuatrienio, segundo consta no informe dos servizos técnicos municipais sobre as infraestruturas necesarias e imputacións de conexións a servizos.

Así mesmo é preciso recordar de novo que calquera alteración da programación do planeamento podería carrexar a concorrencia dun suposto indemnizatorio previsto na letra a do aludido artigo 35 do Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño.

#### *VIII. Consideracións ó informe de sostibilidade ambiental (ISA) do PSGSR.*

O Plan Sectorial de vivenda incorpora o preceptivo Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA, en adiante) como Anexo III.3.1 e 2 do documento. O Anexo III.3.1 contén a documentación escrita e o III.3.2 dispón de mapas por zonas, con tres series: “Xeolóxico da bolsa do solo”, “Hidroxeolóxico da bolsa do solo” e “Espazo Natural Protexido y corredores naturais del contorno do la bolsa do solo”.

A tramitación da Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) comezou coa comunicación do documento de inicio por parte da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia ao órgano ambiental, que é a Consellería de Medio Ambiente, en concreto á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible. Este documento foi enviado o 20 de febreiro de 2008. Unha vez recibido, o órgano ambiental validou e comunicou ao órgano promotor o inicio do procedemento de AAE.

O órgano ambiental procedeu á consulta as administracións públicas afectadas e ao público en xeral, mediante a publicación do documento de inicio na web da consellería polo prazo dun mes. Este método de consulta non parece axeitado xa que non se comunica ás administracións a publicación na web, polo que resulta difícil ter coñecemento de tal período de consultas. No Anexo I do documento de referencia da consellería se recollen as consideracións e suxestións recollidas e exclusivamente Augas de Galicia (órgano da mesma consellería) fixo algún tipo de suxestión, é moi probable que isto se deba a que as administracións afectadas, como é o Concello de Vigo, non tiveran constancia deste período de consultas. Tras o período de consultas o órgano ambiental redactou e trasladou ao órgano promotor o documento de referencia, documento guía do ISA.

O PSSVP recolle para o Concello de Vigo 9 actuacións, que á súa vez engloban 14 ámbitos de planeamento remitido (solos urbanizables e urbanos non consolidados) e dous pequenas zonas de solo urbano consolidado PXOM de Vigo. Na meirande parte destes ámbitos o Plan sectorial propón un incremento da edificabilidade respecto á proposta polo PXOM.

O ISA que acompaña ao Plan sectorial, ten una parte de introdución (segundo o índice) no que se expoñen cuestións teóricas de carácter xeral.

O apartado 3 do documento “Análise obxectiva do entorno” é a unha única parte do ISA no que se fai mención as zonas concretas nas que se pretende actuar. O 3.1.1 adícase á Área funcional de Vigo.

Neste apartado vanse citando cada unha das actuacións previstas. Faise unha descrición moi xenérica da cada ámbito acerca da vexetación, da permeabilidade,

do substrato xeolóxico e pouco máis. Todos estes aspectos son tratados moi superficialmente sen que se plasme no documento unha mínima análise dos ámbitos nos que se pretende actuar. No caso Telleira, Pardarilla, Costa Castrelos e Pescadeira afirma que se atopan sobre unha zona de protección Ramsar, cousa que é un erro.

Atopase unha carencia de estudio destas zonas máis se temos en conta que se está a propoñer un aumento da edificabilidade en áreas bastante delicadas desde un punto medioambiental como pode ser o curso baixo do Barxa. Esta zona está clasificada como solo urbanizable polo PXOM aprobado definitivamente de xeito parcial o 16 de maio de 2008. Estes solos urbanizables Gorgoso, Costa Castrelos e Pescadeira xa foron obxecto dalgunha obxección por parte dos técnicos municipais e da COTOPT no sentido de clasificar solos urbanizables en zonas que o propio PXOM recoñece factores que poderían determinar a súa clasificación como rústico de protección, de feito dentro dos tres ámbitos atópase solos clasificados como rústicos especialmente protexidos e incluídos dentro da delimitación dos sectores. Isto non se cita no texto de cada sector.

No documento de referencia redactado pola Consellería de Medio Ambiente, no seu apartado 4 recóllense as variables e criterios que o ISA debería analizar.

O ISA non recolle o apuntado neste apartado nas seguintes cuestións:

Variable paisaxe: Non se realiza un estudio paisaxístico.

Non se identifican as compoñentes e elementos de valor paisaxístico, como pode ser o curso baixo do Barxa, nin se establece que medidas deben adoptarse para a súa posta en valor ou para contribuír á súa recuperación.

A única medida que se propón para estes ámbitos é a da creación de zonas verdes entre edificios, como pantallas e nalgún caso tamén a creación de “corredores biolóxicos” sen especificar onde, nin como.

Variable Natureza: Non se fai unha análise dos ámbitos onde se actúa, deberíase ter en conta nos sectores nos que hai un incremento da edificabilidade, non se describen valores a protexer. Na zona na que se proxecta un incremento maior respecto á edificabilidade presentada polo PXOM é a de Gorgoso, situado no curso baixo do Barxa.

Non se xustifica este incremento nas zonas na que como no caso do exemplo proposto, a capacidade de acollida é baixa.

Variable Patrimonio: no anexo III do plan sectorial na ficha descritiva da cada ámbito sinálanse, no caso de Vigo, os elementos catalogados de interese patrimonial. Non se fai no ISA mención especial a estas construcións ou elementos catalogados, se di que se porán “en valor”, pero nin se identifican nin se promoven medidas concretas para a súa conservación.

Variable Sociedade: No ISA non se fai unha análise da implantación destes ámbitos no concello de Vigo, no que existe un PXOM aprobado definitivamente o 16 de maio

de 2008, cunha previsión importante de vivenda protexida.

**Variable economía:** Non se analiza a coherencia da asignación do uso das reservas do solo respecto ás características socioeconómicas actuais do ámbito de influencia do Plan. Non se fai unha análise da influencia da posta no mercado deste conxunto de vivendas sometidas a un réxime de protección, o ISA límitase a dicir que será positivo, en xeral, para todo o ámbito do PSSVP, ou sexa, Galicia. Non estuda nada nin concreta nada para Vigo, neste documento. A introdución no mercado deste número de vivendas tanto protexidas como libres, promovidas polo IGVS terá unha incidencia importante na economía local e máis no momento actual.

**Variable medio urbano:** Aínda que o ISA do Plan Sectorial insiste en que se están a elixir zonas centrais e actuando en zonas intersticiais o que favorece a cidade compacta, no caso Vigo teríamos que distinguir entre actuacións que se insiren na malla urbana, como Travesía-Aragón ou Pereiró, e ámbitos situados nunha posición máis periférica como son Gorgoso, Pescadeira, Costa-Castrelos, etc. Non se pode dicir que se estean a encher baleiros urbanos ou que se estean a continuar mallas urbanos, estes sectores están clasificados como solo urbanizable, polo tanto, por definición, non están inseridos na malla urbana, como de feito non o están.

**Variable mobilidade:** O único que se sinala sobre este aspecto no ISA e en xeral para o conxunto da proposta é que se trata de baleiros dentro da cidade compacta que se están a encher, e que se proxectan en tódalas actuacións, ademais dos usos residenciais, usos terciarios, favorecese á mobilidade e a redución de desprazamentos. Pero non se fai un estudo de cada ámbito ou por zonas das poboacións. Polo menos poderíase facer para cada municipio. Precísase na cidade de Vigo un estudo da mobilidade relativa aos ámbitos de actuación en coherencia e coordinación co PXOM recén aprobado, toda vez que estas actuacións están a supoñer un incremento da edificabilidade en Vigo, e en zonas nas que os futuros residentes terán que desprazarse cara o centro da cidade, xa que en moitos casos non se están a completar nin tramas urbanos nin enchendo baleiros. Non se establecen medidas para garantir unha mestura de usos ou para efectiva implantación doutros usos que non sexan residenciais.

Na páxina 14 do documento de referencie dise: “Nos concellos onde xa exista unha rede de transporte público urbano, analizaranse as alternativas para as conexións dos novos sectores coas redes de transporte público existente” Non fai o ISA referencia ningunha á cuestión do transporte público, Vigo conta con transporte público e non se analiza esta cuestión. Por exemplo no caso da zona do Barxa e de Falcoa existe unha única liña de bus urbana (a 21) que ten unha frecuencia maior á unha hora (isto é mostra da centralidade dos emprazamentos elixidos).

**Variable enerxía:** Tampouco se fai unha análise desta variable.

**Variable atmosfera:** Non se identifican as emisións nin se adoptan medidas.

**Ciclo hídrico:** Deberíase facer constar no ISA informe sobre a capacidade da rede de abastecemento de Vigo para abastecer os ámbitos propostos. Teríanse que analizar as implicacións que supoñen o incremento da edificabilidade no deseño e a capacidade das infraestruturas e no sistema de imputacións contido no PXOM.

Dise neste apartado, en xeral, para toda Galicia e para tódolos ámbitos, que se elixiron zonas de baleiros urbanos ou espazos intersticiais, con pouca capacidade de infiltración, sen embargo en Vigo atopamos zonas nas que pode ser así, como as xa mencionadas de Cantabria, Travesía, e outras con mellor capacidade de infiltración, como poden ser os desenvolvementos máis periféricos.

Outras variables: o ISA vai mencionando as variables recollidas no documento de referencia, non se analiza nada en concreto. Limítase a dicir que se está a traballar en espazos urbanos baleiros ou zonas intersticiais e que iso é en xeral beneficioso.

Detéctase neste apartado unha falla da análise das diferentes cuestións apuntadas, falla unha maior aproximación aos municipios nos que se presentan estas actuacións, e tamén un pouco máis de aproximación ás zonas máis singulares nas que se proxectan incrementos importantes de edificabilidade como é o xa mencionado sector de Gorgoso, Costa Castrelos e Pescadeira. Sobre todo se temos en conta que o PXOM de Vigo está recén aprobado e ten unha edificabilidade prevista importante e que se atopa sen desenvolver. Non parece o máis axeitado o incrementar edificabilidades cando existen moitas bolsas de solo urbano, dentro da malla urbana pendente do seu desenvolvemento.

Das actuacións proxectadas para Vigo facemos unha clasificación segundo a zona e situación na que se atopan.

### **Zona Curso Baixo do Barxa:**

Nesta zona atópanse delimitados polo PXOM tres sectores de SOLO URBANIZABLE:

#### **Costa-Castrelos, Gorgoso e Pescadeira.**

Estes sectores sitúanse nunha zona periférica respecto ao que se pode denominar cidade central. Non se están a encher espazos baleiros da cidade compacta. Pódese ver nas fotografías aéreas a situación destes ámbitos que se sitúan no curso baixo do río Barxa, no último treito deste río antes da desembocadura no río Lagares que se atopa moi preto. No documento do PXOM que foi sometido á aprobación inicial unha gran parte deste ámbito formado polos tres sectores mencionados estaba clasificado como rústico de protección de espazos naturais, esta clasificación mudou á urbanizable co obxecto de poder obter mediante unhas actuacións de baixa intensidade solos que constitúan un sistema xeral de zonas verdes cunha superficie importante, tentando que as actuacións tivesen a mínima edificabilidade que permitise a rendibilidade da promoción. De feito a grafía de sistema xeral de zonas verdes ocupa unha parte importante destes sectores.

No PXOM aprobado definitivamente dentro destes sectores, inclúense superficies de solo rústico especialmente protexido de augas e canles, son dúas franxas a cada marxe do ríos que atravesan estes sectores, non se menciona no ISA. Proponse intervenir en superficies de solo rústico especialmente protexido. Nunha zona importante, e acompañando a esta rede fluvial do río Barxa, existe una importante vexetación de ribeira, os terreos teñen unha boa permeabilidade. A intensificación de usos nesta zona pode carrexar alteracións no sistema fluvial, no curso dos ríos, escorrentías, verquidos, depósito de materiais, inundacións (relativamente



frecuentes nesta zona do Lagares), etc.

Nesta zona cabería facer algunhas puntualizacións:

O **Sector S-32-R Gorgoso** e considerado no Estudo de Sostibilidade do PXOM como de **impacto moderado** e con restricións (ver táboa páxina 186). Na páxina 233 do mesmo estudo sinálanse as medidas a adoptar no desenvolvemento de este sector.

Hai que ter en conta que o maior incremento de edificabilidade nos ámbitos de Vigo respecto ás edificabilidades adxudicadas polo PXOM prodúcese precisamente neste sector (incremento do 35%), isto significa que os impactos negativos posibles terán un maior efecto. No plano de cuncas hidrográficas se pode ver a cunca do río Barxa, esta é a zona de Vigo que verte neste río, e polo tanto no río Lagares, todas as escorrentías, verquidos, etc irían a depositarse no tramo final no seu encontro co Lagares.

Non se fai unha análise do aumento do tráfico na zona que se pode derivar de por en marcha estas actuacións, polo tanto da necesidade de prever a execución dos viais de conexión antes de comezar as obras, non se pode afirmar que non haberá problemas de mobilidade en ningún ámbito do PSSVP xa que se está a actuar na cidade compacta enchendo baleiros, que é a única explicación que se dá ao longo do documento. O aumento da intensidade na zona, e dado que precisamente, non se está a actuar na cidade compacta, implicará un aumento importante de tráfico na zona especialmente cara ao centro da cidade. A previsión dunha mestura de usos, cunha previsión nas fichas de “outros usos”, non é garantía da súa implantación.

Se proxecta para a zona unhas 4.000 vivendas (computando unha media de 100m<sup>2</sup>c por vivenda) e una poboación futura de máis de 10.000 habitantes, o que supón un incremento da poboación na zona o suficientemente importante para que se teña en consideración os efectos da intensificación da edificabilidade, tanto no que significa a conexión viaria, a mobilidade, o transporte público, a necesidade de reforzos das infraestruturas, etc.

Segundo o ISA esta zona está sobre “unha zona de protección Ramsar”, nos tres sectores faise esta puntualización. Das zonas declaradas Ramsar en Galicia ningunha está en Vigo.

### **Sector de Gorgoso**

O ISA debería analizar os impactos posibles destas actuacións na zona. O discurso xenérico de que se están a encher espazo baleiros non parece o máis axeitado a esta realidade. Trátase de novos desenvolvementos cunha tipoloxía que nada ten que ver co entorno e inseridos nunha realidade moi diferente. Que van producir uns efectos importantes e que o ISA non se presenta nin entrar a valorar.

No estudio do Medio Rural E Modelo de Asentamento Poboacional (páx.26 e 125) faise mención a esta zona como de especial interese, na descrición dí: “No enclave

*destaca o bo estado de conservación do bosque de ribeira nalgúns treitos, tanto no que fai a diversidade de especies como no que respecta ao bo porte dos exemplares, en especial amieiros e carballos, destacando o treito do río que descorre entre Gorgoso e Saa, polo monte da Serra. A este tramo engádeselle, unha paisaxe agrícola de rega ben conservada.”* Está é a zona onde o PSSVP prevé o maior incremento da edificabilidade.

### **Zona Pardarilla e Telleira Falcoa:**

Esta zona abrangue sectores de solo urbanizable do PXOM: S-81-R Telleira e S-34-R Falcoa, e tres ámbitos de solo urbano non consolidado A-4-66 Pardarilla 2, A-3-33 Monte Falcoa e A-3-34 Falcoa.

### **Zona de Costa-Castrelos, Gorgoso e Pescadeira**

Trátase tamén dunha zona semi-periférica da cidade central, atópase ao sur de a zona de Citroën e Pereiró. Sitúase ao sur dos desenvolvementos xurdidos ao longo da Avda de Castrelos. Non se pode dicir que se estean a encher baleiros urbanos, trátase de desenvolvementos que seguen a tendencia da cidade á expansión. O eixo da Avda de Castrelos, e da Avda Clara Campoamor (vial da universidade), existentes, e a futura Ronda estruturan este crecemento da cidade cara o sur.

Nesta zona débese facer especial mención ao sector de Telleira S-81-R delimitado polo PXOM. O Estudio de Sostibilidade Ambiental do PXOM recolle este sector de solo urbanizable como de impacto moderado, e inclúe unha ficha na que se establecen medidas para o seu desenvolvemento.

Estes ámbitos están rodeados de solos urbanos con ordenanzas de vivenda unifamiliar, nalgúns casos illadas, e con solos urbanos non consolidados cunha edificabilidade inferior á recollida no Plan Sectorial. O ISA debería establecer medidas para a planificación de zonas de transición entre estes novos desenvolvementos e as zonas de vivenda unifamiliar. Debería analizar a incidencia do incremento da edificabilidade deste ámbito sobre os asentamentos do entorno.

O incremento da edificabilidade é do 15,28%, debería o ISA establecer medidas para que o incremento da edificabilidade non se produza nos solos con menos capacidade de acollida e con maior impacto como é o sector de Telleira. Tamén deberían establecerse medidas para que as zonas verdes se sitúen de xeito que se manteñan as zonas con arborado.

Segundo o ISA esta zona está sobre “unha zona de protección Ramsar”, nos tres sectores faise esta puntualización. Das zonas declaradas Ramsar en Galicia ningunha está en Vigo.

### **ÁMBITOS INSERIDOS EN ZONAS CON MAIOR NIVEL DE URBANIZACIÓN:**

Cabral:

É un ámbito de solo urbano non consolidado con fronte a unha rúa cun grado importante de consolidación, como é o Avda de Ramón Nieto, e que forma parte da cidade, esta rúa ten sido estes anos soporte de novos desenvolvementos. Neste

caso se pode considerar que o ámbito contido no plan sectorial forma parte da “cidade compacta” á que o documento fai continua referencia. Sen embargo este ámbito linda pola estrema sudoeste co río Lagares. O PSSVP recolle a mesma edificabilidade que a imputada no PXOM.

Non se fai mención a proximidade do Lagares, río co que limita o ámbito na zona sudoeste nin se apuntan medidas cara á protección do canle de río. Non se establece unha separación mínima das edificacións.

Pereiró:

Trátase dun espazo baleiro na cidade compacta, neste caso si é un solo urbano que foi quedando cunhas edificacións antigas de carácter industrial e que o PXOM prevé a súa desaparición. Incrementábase a edificabilidade un 14,28%.

Cantabria:

Recolle os sectores de Orxa S-05-R, Cantabria S-06-R e Fontáns S-07-R delimitados polo PXOM aprobado definitivamente o 16 de maio de 2008. Engade ademais unhas bolsas de solo urbano consolidado.

Esta zona atópase dentro da cidade compacta, trátase de espazos baleiros dunha parte de cidade de Vigo na zona de Ramón Nieto, próxima á rúa Aragón e a Avda do Aeroporto na que o PXOM de Vigo proxecta unha renovación importante. De feito esta bolsa de terreo está rodeada de solo urbano non consolidado na súa meirande parte, ámbitos que recollen vellas estruturas urbanas que o PXOM tenta ordenar e renovar.

A edificabilidade proxectada é moi similar á adxudicada polo PXOM, non se produce un incremento significativo. Polo que a incidencia do PSSVP non vai ser diferente que a do PXOM, a única diferenza está na maior proporción de vivenda protexida e no sistema de xestión.

Travesía-Aragón:

É unha zona próxima a anterior. Está situada entre a rúa Aragón e Travesía, é unha bolsa que quedou sen desenvolver do PERI Aragón- Travesía. A edificabilidade presentada polo PSSVP e moi semellante á adxudicada polo PXOM. Polo que a incidencia do PSSVP non vai ser diferente que a do PXOM, a única diferenza está na maior proporción de vivenda protexida e no sistema de xestión.

Nos seguintes apartados vólvense a referir a xeneralidades, sen facer distinción dos ámbitos de traballo. Dise no apartado 3.2 *“faremos referencia de forma precisa a aqueles aspectos que afectan á localización residencial no territorio de Galicia, deixando á marxe por motivos evidentes outro tipo de factores que, aínda supondo influencias sensibles no marco de traballo descrito, serían inabordables para o enfoque deste traballo”*, non se fai referencia en ningún apartado dos que seguen a nada de forma precisa. Non é claro cales son os motivos evidentes. O ámbito de traballo, aínda que o PSSVP ten un ámbito de traballo xeral que é toda Galicia en realidade no que se refire ao territorio ocupado está a intervenir en 95 ámbitos concretos nos que se fai necesaria unha análise do territorio no que se está a actuar e os posibles efectos da execución dos planeamentos previstos. Non pode o proceso de avaliación ambiental escudarse no tamaño do ámbito de actuación para

non entrar a analizar e valorar cuestións importantes.

Tampouco se fai unha análise detallada dos efectos que se producirán en cada un dos municipios, e todo o texto do ISA reflicte cuestións xenéricas que poden servir para calquera sitio, xa non de Galicia. A realidade de cada municipio é completamente diferente e os efectos de introducir no mercado un número elevado de vivendas de protección e libres desde a Consellería da Vivenda van ser moi diferentes. Ademais das particularidades de cada ámbito concreto que como se explicou nos parágrafos anteriores tamén son diferentes.

#### ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS.

Faise unha descrición das alternativas para o conxunto do PSSVP, sen ter en conta nin sequera as peculiaridades dos municipios nos que se insiren estas actuacións.

Rexeitase a **alternativa cero** aludindo aos apartados 1.2.5. e 1.2.6., o que quere dicir é que se non se fai este Plan os asentamentos van seguir espallándose e cada vez máis se vai producir un desprazamento das vivendas cara ás zonas máis periféricas das cidades. Este razoamento non é lóxico se o poñemos en contraste coa realidade de Vigo. O modelo de cidade proposto polo PXOM e a programación prevista precisamente impiden este tipo de crecementos desordenados. Non se fai unha análise da realidade do municipio de Vigo. Non é lóxico pensar que o non desenvolver estes ámbitos de Vigo vai a incrementar a “entropía”. Tamén se di que o non facer o PSSVP favorecería a especulación. En Vigo o PXOM aprobado definitivamente ten unha reserva de vivenda protexida de máis do 47%, os obxectivos do PXOM neste sentido son parellos, a dotación de vivenda protexida, a loita contra a especulación urbanística, o modelo de cidade compacta, etc. Teríase que valorar que efectos ten o PSSVP sobre os ámbitos que teñen máis dun 40% de vivenda protexida, e polo tanto que efectos tería a alternativa cero, ou sexa, non recoller no PSSVP ningún ámbito de Vigo e ir acompañando a actuación da Consellería cos planeamentos que se foran desenvolvendo, ou unha actuación coordinada co Concello nos planeamentos de iniciativa pública.

Alternativa 1: Esta é a elixida, e di que se elixen *“lugares inseridos nas tramas urbanas, primando a procura da optimización na creación da cidade, entendendo por isto a xeración de tecidos urbanos accesibles, compactos e diversos e polo tanto dun certo nivel de centralidade, fronte a un posible criterio de rendibilidade económica ligada á adquisición de chans periféricos”*. Non é exactamente así no caso dalgúns desenvolvementos de Vigo, xa foi apuntado que no caso dos ámbitos situados no curso baixo do Barxa (Gorgoso, Pescadeira e Costa Castrelos) e incluso nos ámbitos de Falcoa Telleira, non se pode afirmar que se trate de lugares inseridos na malla. Os solos escollidos na súa meirande parte son solos urbanizables, e polo tanto en situación de rural (logo non están inseridos na malla urbana), o custe da súa adquisición vai ser a mesma que se fosen periféricos xa que o RDL 2/2008, non ten en conta ningún tipo de expectativas urbanísticas. No caso de Vigo hai que considerar que ao non ter rematados os prazos de desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable haberá que indemnizar aos propietarios pola perda de facultades. No caso de Vigo non é exacto que se escolleron zonas de maior prezo respecto a zonas máis periféricas da cidade e de menor prezo. Existen en Vigo zonas pendentes de desenvolver máis centrais e

pode ser que non foran escollidas neste PSSVP por ter un maior prezo.

Di a alternativa 1 que son lugares inseridos nas tramas urbanas nos que priman procesos de renovación urbana, reutilización de instalacións ou tecidos obsoletos axudan a mitigar os fenómenos de abandono das actividades nos antigos centros urbanos, así como da decadencia física das edificacións e infraestruturas destes espazos". Nada ten que ver esta xustificación para ámbitos como os do curso baixo do Barxa, para Telleira, etc. Tendo Vigo bolsas de solo na situación descrita non se xustifica a elección destes solos que non cumpren as premisas desta alternativa.

Ao non ter feito un estudo das alternativas ao menos referidas ás "áreas funcionais" ou aos municipios fanse afirmacións que no caso de Vigo non se axustan á realidade existente. As posibles alternativas de elección de ámbitos onde actuar son numerosas e se o criterio é o de maior centralidade aínda que o custe da adquisición do solo fose maior poderían ter elixido outras alternativas. Non parece que ese fose o criterio seguido na elección dos sectores de Vigo. Non hai unha explicación de por que o curso Baixo do Barxa foi elixido para actuar ou por que tómasse a decisión de incrementar a edificabilidade precisamente nesta zona.

Alternativa 2: Di *"Localizar as bolsas de solo en zonas periféricas das cidades con o fin de maximizar o número de vivendas construídas"*.

O concepto de periférico non deixa de ser relativo, pódese xustificar que a zona do río Barxa é periférica da cidade central, ou que Cabral atópase nunha parroquia periférica. Non existe unha definición precisa do que é a periferia.

Tendo en conta que polo menos no caso de Vigo os ámbitos escollidos na súa meirande parte son solos urbanizables, e dicir están en situación de rural, na súa valoración non se incorporan as expectativas urbanísticas polo tanto pouca incidencia económica pode ter o atoparse nunha zona central ou periférica. Si que no caso de Vigo, pode ter incidencia na indemnización contemplada no artigo 25 do RDL 2/2008 texto refundido da lei do solo, xa que non están rematados os prazos para desenvolver os ámbitos escollidos e estes son de iniciativa privada.

Evidentemente esta alternativa tal e como se presenta non é nin minimamente razoable (incumpre a lei 9/2006) e polo tanto descríbese para rexeitala directamente.

## RELACIÓNS COS PLANS VIXENTES.

Non se fai unha análise da relación deste Plan Sectorial co PXOM de Vigo. Di o documento de referencia na súa páxina 15 *"A análise da relación entre a nova planificación sectorial e o planeamento urbanístico municipal será especialmente importante á hora de situar as infraestruturas derivadas dos novos sectores residenciais, acadando un especial interese a análise das variables de ciclo hídrico, ciclos de materiais e mobilidade"*. Non se realiza esta análise.

O Plan Xeral aprobado definitivamente de xeito parcial o 16 de maio de 2008, aborda cuestións como as apuntadas neste ISA con respecto da vivenda protexida, da necesidade de completar a cidade central, da mestura de usos, da obriga de

reservar unha parte importante de solo para vivenda protexida, etc. Teríase que facer unha análise da relación entrambos documentos, desde un punto de vista medioambiental, económico e social e presentar as vantaxes que supón para o municipio de Vigo ou para a súa área funcional a aprobación deste instrumento de carácter supramunicipal; o sistema de infraestruturas proxectado polo PXOM e como afectaría o desenvolvemento destes sectores especialmente naqueles casos nos que se está a presentar un incremento da edificabilidade.

Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio ambiente. Variables e criterios de interese na avaliación ambiental

No que se refire ao Concello de Vigo non se estudan os probables efectos descritos no apartado f) no anexo I da lei 9/2006, no que se describe o contido mínimo do ISA.

Achégase unha táboa (páx.56) na que se reproducen os efectos probables a nivel de Galicia e sen ningún tipo de estudo, análise ou valoración afirmase que no caso de 11 dos 13 efectos identificados o efecto vai ser de carácter positivo. Identificando como efectos negativos os que se poden causar no patrimonio natural e no solo. O resto dos efectos son positivos.

#### INDICADORES DE SUBSTENTABILIDADE

Non se establecen uns indicadores reais ou que poidan funcionar como ferramenta de medición da evolución do planeamento tendo en conta os desenvolvementos limítrofes e o seu encadre, tal e como indica o documento de referencia na súa páxina 17. Non cumpren as características básicas que se relacionan neste apartado do Documento da Consellería de Medio Ambiente, xa que non se establecen para medir nada nin para poder analizar en series temporais. Non se pode facer un seguimento da evolución do Plan.

#### IX. Conclusións

1ª.- O Plan Sectorial Galego do Solo Residencial (PSGSR) é un instrumento de ordenación do territorio de incidencia supramunicipal que ten por obxecto principal a implantación de solo residencial destinado á construción de vivenda sometida a algún réxime de protección.

2ª.- O PSGSR non desenvolve o planeamento xeral de ordenación municipal (PXOM) de Vigo aprobado definitivamente de forma parcial pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o pasado 16 de maio de 2008, despois dun proceso complexo, duro e longo de planeamento que durou sete anos. A diferenza doutros Concellos de Galicia que se citan no plan Sectorial, Vigo ten un planeamento xeral adaptado á lexislación urbanística vixente, con capacidade e folgura suficiente para acoller as demandas de vivendas de protección programadas no Plan Sectorial Galego de solo residencial.

3ª.- O PSGSR puidera invadir competencias municipais de planeamento entrando en materia de ordenación urbanística, modificando usos e intensidades do Plan Xeral, incluíndo usos lucrativos non residenciais de protección, sen incidencia

supramunicipal, e que obrigarían a modificar o PXOM de Vigo.

4ª.- A modificación que o PSGSR operaría sobre o PXOM de Vigo suporía a alteración da programación e á estratexia de implantación das infraestruturas necesarias para as actuacións previstas, precisando o establecemento de medidas de coordinación dos elementos fundamentais dos sistemas xerais, tal como esixe o artigo 52.2. da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural (LOUGA).

5ª.- As 9 actuacións incluídas polo PSGSR no Termo Municipal de Vigo, aínda que se refiren a ámbitos delimitados no PXOM, alteran os parámetros de intensidade de uso, aproveitamento, tipoloxías edificatorias, alturas, criterios de ordenación, introducen usos non residenciais, incrementan as reservas de zonas verdes, equipamentos e a porcentaxe de vivendas de protección e alteran o equilibrio económico de beneficios e cargas entre áreas de reparto do PXOM esixible polo artigo 52.3. da LOUGA.

6ª.- O sistema de xestión previsto no PSGSR é o de expropiación, promovendo a utilización preferente da adquisición mediante permuta ou pagos en especie, mecanismo que debería considerarse como excepcional e podería desvirtuar o carácter público das actuacións.

7ª.- O PSGSR non pode contar con que a Administración autonómica patrimonialice o 100% do aproveitamento, xa que as actuacións urbanísticas previstas non teñen como destino unicamente a construción de vivendas de promoción pública, como esixe o artigo 108 da LOUGA. Por outra banda dita patrimonialización ao 100% do aproveitamento podería provocar unha perda de 66,3 millóns de euros, segundo datos do PXOM, na previsión de ingresos no Patrimonio Municipal de Solo, destinados o 50% a protección de vivendas e o 50% a execución de infraestruturas necesarias para o PXOM.

8ª.- A alteración da programación temporal do PXOM, atrasando ao segundo quinquenio actuacións previstas polo PXOM no primeiro cuatrienio, afectará igualmente a imputación de conexións e servizos doutros ámbitos necesitados de elementos fundamentais da estrutura xeral e orgánica do territorio.

9ª.- O informe de sustentabilidade ambiental (ISA) incluído no PSGSR carece dun estudo concreto dos ámbitos das actuacións nas que se produce incrementos de edificabilidade e teñen incluídos no PXOM solos rústicos de especial protección, como é o caso de Gorgoso, Costa Castrelos e Pescadeira.

As alternativas que se estudan no ISA refírense ao conxunto do PSGSR e non se teñen en conta nin as peculiaridades entre os distintos Concellos. A consecuencia da alternativa cero non é, no caso de Vigo, a que se expón. A alternativa 1 elixida de trama central e compacta non se corresponde con ningún dos ámbitos elixidos no caso de Vigo.

O ISA non estuda a relación co planeamento urbanístico vixente, como esixía o documento de referencia, nin contén indicadores de seguimento da sostibilidade.

10ª.- O PXOM de Vigo ten unha folgura suficiente para, coa súa simple execución

sen modificacións, poderanse acadar os mesmos obxectivos que o Plan Sectorial. Se as necesidades de vivenda de protección en Vigo asumidas polo PSGSR consisten en construír 6.759 vivendas de protección nos próximos dez anos (unha diferenza dunhas 2.000 vivendas máis que as posibles nos 9 ámbitos seleccionados) bastaría con incluír os ámbitos con esa capacidade de teito residencial de protección, sen modificacións. Como exemplo un sector como o S21-TR LIÑEIRIÑOS previsto polo PXOM para o primeiro cuadrienio, e ligado tamén aos realoxamentos necesarios para a execución da Ronda de Vigo como algunhas das actuacións incluídas, ten unha capacidade residencial de protección de 212.833 m<sup>2</sup>cR, e unhas 2.000 vivendas .

Recoméndase, xa que logo, incrementar a coordinación e cooperación entre a Consellería de Vivenda e o Concello de Vigo na liña de colaborar na solución da demanda de vivenda de protección, a partir da execución do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo no marco do cal, incorporando máis actuacións programadas, poden acadarse os mesmos obxectivos que os propostos no Plan Sectorial, sen necesidade de modificacións.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria do día 18 de decembro de 2008, toma coñecemento do informe emitido pola Arquitecta Municipal, a Técnica de Administración Xeral, o Xefe da Área de Planeamento e Xestión e o Secretario da Xerencia de Urbanismo sobre o Plan Sectorial Galego de Solo Residencial e o seu informe de susceptibilidade ambiental e acorda a súa remisión ao Pleno.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Hoxe traen vostedes un informe sobre o plan sectorial galego de solo residencial e o seu informe de sostibilidade e parécenos que é unha mala estratexia que vostedes, como goberno que di que ten as cousas tan claras, que está tentando asumir a responsabilidade, que no sexan quen como tal goberno de traer unha proposta. Cando hai un período de alegacións, cando hai un proxecto tan importante coma este dun plan sectorial de vivenda proposto pola Xunta de Galicia, o lóxico é que un goberno tome posicionamento, a favor, en contra, non que estea de acordo ou estea de acordo a medias.

Vostedes escúdanse nos técnicos municipais para facer un informe e dar conta dese informe. Como grupo maioritario desta Corporación botamos de menos que en Vigo non teñamos un goberno que nos diga o que quere facer con este plan sectorial de vivenda, que diga que si, que non, se o corrixe, se o emenda se está de acordo cunha parte, se non está de acordo con todo o proxecto. Vostedes pídenlle un informe ós técnicos que poñen enriba da mesa para que leamos. É o que vostedes propoñen. Gustaríanos que no debate deste asunto nos poidan dicir se están de acordo ou non con este plan sectorial de vivenda.



Supoñemos que esta estratexia que vostedes poñen en marcha evidentemente é porque o goberno esta dividido, non teñen o mesmo posicionamento sobre este plan sectorial de vivenda. Unha parte do goberno parece ser que está a favor única exclusivamente porque unha consellería da súa mesma cor política o presenta, e outra parte do goberno danos a impresión que está totalmente en contra deste plan de vivenda.

Non o dicimos nós, dino vostedes a través dos medios de comunicación nos que estes días tivemos a oportunidade de ler que hai un novo enfrontamento no goberno por culpa deste plan sectorial de vivenda. Non nos estraña que exista este enfrontamento porque cando un plan sectorial coma este pon como obxectivo fundamental e vou ler porque é moi fácil facer un discurso pola nosa banda neste Pleno porque só con ler os informes dos técnicos coido que queda en evidencia todo o proxecto, parte do Plan Xeral e queda en evidencia a demagogia do alcalde e do seu equipo de goberno cando cambiaron a formulación que tiña un Plan Xeral onde preto de 40.000 vivendas eran executables.

Vostedes pola demagogia de facer un cambio, de tentar trasladar á opinión pública unha serie de proxectos, de compromisos que tiña o Sr. alcalde que eran irrealizables, modificaron o Plan Xeral para dicir que “ían elevar o numero de vivendas protexidas”. A diferenza é moi clara e moi contundente e hoxe vaise demostrar. O Plan Xeral que tiña o Partido Popular, que herdáramos e asumimos con toda a responsabilidade, tiña preto de 40.000 vivendas protexidas pero a diferenza que hai é que esas vivendas protexidas eran realizables, executables, en definitiva eran un proxecto realizable que se podía desenvolver. Vostedes transformaron esa parte do plan modificándoa nun proxecto virtual como acostuman de cara á galería. Moi importante no papel e de cara á publicidade e ó *marketing* que vostedes facían, cara ós cidadáns seguramente un dez.

O problema é que ese proxecto é irrealizable, é non executable e é un proxecto que non se vai desenvolver nunca. Xa anunciamos hoxe que este Plan Xeral terá que ser modificado, xa o vimos dicindo dende hai tempo pero resulta que xa se nos adiantan ata vostedes coas discrepancias que presentan, porque con este plan sectorial de vivenda, como demostraremos logo, o Plan Xeral ten que ser modificado.

Que rápido nos deu a razón o tempo ó Partido Popular. Eu dicía sempre que o Plan

Xeral era como se nun partido de fútbol xogan once, o estadio é o mesmo, hai o mesmo numero de espectadores pero resulta que cando faltan cinco minutos para rematar o partido, cambiamos o balón e en vez de xogar cun balón de fútbol xogamos cunha pelota de tenis. Rompíanse as regras do xogo e ó final loxicamente ese proxecto non podía concluír.

Despois de sete meses de estar aprobado o Plan Xeral resulta que xa se presenta unha modificación clara e concreta. Aquí está reflectida, non é unha colleita do Partido Popular, vou ler só parte dos informes dos técnicos municipais.

De todas maneiras logo explicarei o que hai de fondo de todo isto porque como comprenderán coñezo perfectamente o procedemento, coñezo por que se tomou esta decisión do plan sectorial, quen fixo este plan sectorial, cales foron os motivos polos que se levou a cabo este plan sectorial de vivenda para a cidade de Vigo e coñezo perfectamente, eu creo que incluso ó detalle, con persoas, con nomes concretos e con estratexias concretas, por que se levou a cabo toda esta cuestión.

O que me sorprende é que un tema tan importante para a cidade seguramente vostedes quixeron agachalo, tanto o BNG como o Partido Socialista. É triste que non lle digan á cidadanía a verdade, é triste se é tan importante este proxecto que non queiran publicar cales son as contradicións, onde están as contradicións e por que este plan sectorial é un despropósito para a cidade de Vigo e evidentemente un fracaso para o goberno que vostede, Sr. Caballero, preside, porque se demostra claramente que a proposta que vostedes fixeron para a vivenda protexida dentro do plan sectorial é un fracaso. Este é o primeiro fracaso do Plan Xeral de Ordenación Municipal; mellor o segundo porque o primeiro foron as guindastres que en quince, en vinte días ou en dous meses ían estar por toda a cidade.

Nós non miramos ningunha guindastre, escoitamos ás persoas que van desenvolver moitos proxectos porque os coñecemos, tanto particulares, como privados, como persoas que teñen as súas empresas e o que nos din é que este Plan Xeral é unha desfeita irrealizable.

Imos co tema concreto do plan sectorial de vivenda. No plan sectorial de vivenda din os técnicos: "Obxecto e alcance do plan sectorial. Sinálase que se enfocará especialmente ós concellos nos que o planeamento urbanístico municipal resulta ineficaz para fornecer o solo axeitado necesario de cara á resolución das necesidades de vivenda de protección pública. O obxecto fundamental deste plan

sectorial de vivenda vai destinado a aqueles concellos que non poden poñer solo de vivenda para vivenda protexida a disposición". Estalle dicindo que o Plan Xeral de Vigo, que esta aprobado dende hai seis meses, é ineficaz para desenvolver ou fornecer o solo axeitado, necesario de cara á resolución da vivenda protexida. Esta é a primeira na fronte, un plan sectorial dun goberno da mesma cor que o que está aquí, o goberno da xunta de Galicia.

Vou entrar en máis temas deste documento. Di que en Galicia só hai vintedous concellos que teñen o seu planeamento axeitado e que evidentemente isto vai facer que se poida desenvolver vivenda de protección pública debido a que a maioría dos planeamentos non están en marcha ou non teñen vigor a día de hoxe. Isto é unha crítica clara, con toda transparencia, da Consellería de Vivenda á Consellería de Urbanismo, estalle dicindo que durante catro anos no foron quen de colaborar no desenvolvemento dos planeamentos urbanísticos de Galicia e agora teñen que vir facer un plan sectorial de vivenda para corrixir as deficiencias que durante tres anos é medio non puideron poñer en marcha. Pero esta proposta fana cando se esta esgotando a lexislatura, é curioso, o lóxico é que unha proposición destas características se faga ó inicio dun mandato e non cando se está a rematar a lexislatura.

Pois é unha cuestión de enfrontamentos evidentes entre a Consellería de Vivenda e a Consellería de Urbanismo, que se lle esta dicindo claramente que non fixo os deberes, que non fixo o seu traballo e que agora eles teñen que vir suplir as deficiencias e as propostas que non foron quen de facer.

Pero a nós o que nos preocupa é Vigo e por iso imos seguir co que di o informe dos técnicos municipais, ese que vostedes nos botan enriba da mesa neste Pleno sen se pronunciar. Creo que un goberno valente é un goberno que ten as cousas claras, asume as responsabilidades e evidentemente debería de ter un posicionamento, polo menos nos gustaría sabelo. Imos tentar que ó remate deste Pleno vostedes sexan capaces de nos dicir cal é o posicionamento e se non, xa lle anunciamos que imos tentar traer unha moción para que exista un pronunciamento deste Pleno sobre este plan xeral de urbanismo. Non se pode ter covardía política nun tema tan importante, que afecta a tantas familias e a tantos propietarios, que non se saiba cal é o pronunciamento nin o posicionamento do goberno da cidade de Vigo.

Hai outro tema importante que vostedes ocultan, di: "O plan sectorial galego de

solo residencial será promovido e desenvolvido por iniciativa pública, sendo o seu promotor a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo. O mecanismo de desenvolvemento e xestión do solo será o de expropiación”. É dicir ós veciños e ás veciñas de Vigo non lles din en ningún lado que este plan será promovido por expropiación, “...correspondendo ó Instituto Galego de Vivenda Solo a tramitación dos expedientes expropiatorios como administración actuante”. É dicir que o Concello de Vigo non pinta absolutamente nada.

Non só iso, nós xa o dicíamos porque non quixemos aprobar este Plan Xeral, todos os pequenos propietarios ían verse prexudicados; pero agora non só se ven prexudicados gravemente senón que a maiores non se lles vai dar posibilidade nin de opinión, senón que se lles vai expropiar, queiran ou non desenvolver estes ámbitos. A Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia nestes nove ámbitos fará unha expropiación forzosa se é necesaria como así o di o propio informe.

Hai outros moitos temas: “Este plan de carácter supramunicipal irá destinado á tramitación do planeamento xeral nos concellos galegos. Unicamente vintedous concellos de Galicia de trescentos quince dispoñen de planeamento datado con reservas de solo para vivenda de protección. Este factor reflicte entre outros aspectos as dificultades de todo tipo, o desgaste que supón para un concello a tramitación e a probación do seu planeamento xeral”. Evidentemente volvo repetir que este é o fracaso que anunciaba anteriormente.

”Para o caso de Vigo tense que informar que se acaba de rematar un complexo e duro proceso de revisión do seu planeamento, proceso que durou sete anos. É evidente que o plan sectorial provocarlle un total desaxuste da súa estratexia e programación e abocáselle a un novo proceso de modificación do planeamento xeral baixo supostos criterios de sostibilidade, racionalidade, coordinación e cooperación inter-administrativa.” Esta parte do informe está dicindo que o Plan Xeral de Vigo terá que ser modificado, terá que se producir unha modificación do plan cando tan só levamos seis meses dese gran proxecto, un proxecto que vostedes dicían que ía ser o definitivo, que ía cumprir todas as demandas que podía presentar a cidade de Vigo. Dánse conta vostedes como o que dicíamos de fracaso se reflicte tamén nesta parte do informe dos técnicos?

Di tamén o informe: “O feito de que Vigo conte cun Plan Xeral de Ordenación

Municipal aprobado dende hai poucos meses polo PP e a Xunta de Galicia, é un factor decidido por canto a que se está a descartar que o mesmo sirva para ofrecer o solo suficiente para a construción de vivenda de protección”. Se isto é así, a pregunta é: por que a Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia fai este plan sectorial de vivenda para a cidade de Vigo?

En definitiva o informe di: “Estase a propoñer un novo modelo de desenvolvemento do PXOM cinco meses logo da súa aprobación definitiva, instrumento que prevía suficiente solo reservado para a construción de vivenda de protección”. Non o dicimos nós, logo de cinco meses se esta a modificar o plan, estalle dicindo ó Concello de Vigo que fixeron un Plan Xeral que non serve para desenvolver a vivenda protexida.

Fala tamén da determinación das infraestruturas que non están contempladas. Obxectivos estratéxicos xerais que din que contempla este plan sectorial: “Superación das insuficiencias que presentan os planes de ordenación urbanística”. Supoño que se este é o obxectivo, o Plan Xeral de Vigo non contempla as suficientes dotacións en protección de vivendas para cubrir as necesidades que ten ou están mal redactadas. En definitiva, estalle dicindo que fixeron unha proposta demagóxica, unha proposta virtual e que teñen que vir corrixila para que en Vigo se poidan facer vivendas de protección. Di máis: “Establecer un modelo territorial. Este non pode nin deber ser un obxectivo dun plan sectorial. O modelo territorial de Galicia ten que estar establecido nas directrices de ordenación do territorio”. Outra crítica na liña de flotación do Plan Xeral da cidade de Vigo.

Teño aquí moitas máis cuestións dende que se cambia o uso do solo, se cambia a edificabilidade, se cambia absolutamente todo nestas formulacións. Dise tamén: “O plan sectorial para o Concello de Vigo contempla novas actuacións que a súa vez engloban 14 ámbitos de planeamento remitido, solos urbanizables e urbanos non consolidados e dúas pequenas zonas de solo urbano consolidado do PXOM de Vigo. Na meirande parte destes ámbitos o plan sectorial propón un incremento de edificabilidade respecto ó Plan Xeral. Atopase unha carencia de estudo destas zonas, máis se temos en conta que se está a propoñer un aumento de eficacia en áreas bastante delicadas dende un punto de vista medioambiental como pode ser o curso Baixo do Barxa. Esta zona esta clasificada como solo urbanizable”.

Miren vostedes as conclusións tan contundentes dun informe técnico, eu creo que

son tan demoledoras que a alguén lle debería caer a cara de vergoña polo que fixo ou polo menos polo que se presentou no seu momento. As conclusións evidentemente son moi contundentes, non deixan lugar a ningún tipo de dubida de que a Consellería de Vivenda estalle dicindo que o Plan Xeral de Vigo non serve para desenvolver a vivenda protexida ou que no seu caso está con moitas deficiencias para as formulacións que se fixeron. Estanllo dicindo os propios técnicos do Concello de Vigo neste informe.

Vou lelas todas porque son importantes, son dez conclusión pero coido que merece a pena lelas e sobre todo para que quede na hemeroteca.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, na súa intervención leva neste momento vinte minutos, é un tempo suficientemente longo. Todo o mundo ten as conclusións. Vexo que quere ler dúas páxinas e parece excesivo en tempo, por tanto lle prego que vaia concluíndo.

SR. FIGUEROA VILA: Eu dígolle que é necesario lelas. “Primeira. O plan sectorial Galego de solo residencial é un instrumento de ordenación do territorio de incidencia supramunicipal que ten por obxecto principal a importación de solo residencial destinado á construción de vivenda sometida a algún réxime de protección.

Segunda. O plan sectorial de vivenda non desenvolve o planeamento xeral de ordenación municipal do PXOM de Vigo, aprobado definitivamente de forma parcial pola Consellería de Política Territorial... A diferenza doutros concellos de Galicia que se citan no plan sectorial, Vigo ten un planeamento xeral”. A pregunta é por que fixeron este plan sectorial de vivenda se vostedes gobernan na Xunta de Galicia?

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, só por lle recordar que acaba de saltar unhas liñas. Se quere sintetizar, diga que é unha síntese

SR. FIGUEROA VILA: Saben que este é un dos grandes fracasos deste ano e medio. En calquera caso se mo deixan ler, lerémolo e se non xa lle anuncio a todos os cidadáns que o queiran ver que o teremos colgado na nosa páxina web.

Mire, xa non llo vou a ler. Son tan contundentes as dez conclusións que lle imos dar unha copia ós medios de comunicación. Non o dicimos nós, dio o informe da Xunta de Galicia. O Sr. alcalde e o Sr. Font están moi nerviosos porque se demostra claramente o fracaso da decisión que vostedes tomaron para aprobar un Plan Xeral que nós xa lle dicíamos que non é realizable, non é executable e que ó final ten que vir a Consellería de Vivenda.

O triste de todo isto é a factura que están pagando algúns polas decisións que vostedes tomaron, isto é o mais grave. Hai persoas e grupos que hoxe teñen decisión na Xunta de Galicia, teñen cargos importantes, que lle están pasando unha factura importante ó Concello de Vigo porque no seu día vostedes tomaron unha decisión política contra uns criterios técnicos e esas persoas estaban vinculadas á redacción do Plan Xeral.

Está é en definitiva a conclusión máis importante, a factura que lle están pagando algúns técnicos ó Concello de Vigo. Están dicindo que vostedes corrixiron formulamentos técnicos e políticos que eles tiñan e agora co paso do tempo tomen de volta a decisión que hoxe pretenden levar a cabo. Iso é o importante de toda esta cuestión.

Evidentemente xa lle anunciamos que este tema non o iamos deixar neste Pleno. Despois das vacacións de Nadal este tema se vai retomar parroquia a parroquia, porque ós veciños e ás veciñas de Vigo os están enganando, vanlles expropiar os seus terreos, as súas parcelas e ademais o triste de todo é que o planeamento destes nove ámbitos non coincide en nada co que vostedes aprobaron hai un mes e medio, que fixeron unha contratación para a redacción de planeamento noutros ámbitos totalmente distintos, cunha achega de 800.000 euros. Cal vai ter validez, a proposta de vostedes ou a proposta supramunicipal da Xunta de Galicia? Supoño que algunha prevalecera.

Como isto vai dar moito xogo, non me preocupa ter hoxe cinco ou dez minutos máis porque imos ter moitos minutos ó longo do ano 2009 para demostrar que foi un fraude o que vostedes aprobaron no Plan Xeral e agora tentan enganar ós veciños e ás veciñas de Vigo. O máis importante é que alguén lle está pasando factura ó goberno de Vigo é o triste de todo é que lle está pasando factura un goberno que é da mesmo cor que vostedes.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En primeiro lugar eu creo que vostede, Sr. Figueroa, ten unhas ganas tan tremendas de que esteamos divididos neste goberno que evidentemente aproveita absolutamente calquera cousa para o sacar a colación.

Voulle dicir unha cousa con toda a claridade para a súa tranquilidade se é que lle preocupa que o goberno estea dividido, que lle debería preocupar como nos preocuparía a todos os vigueses e viguesas. Non hai ningún tipo de problema nin división neste tema.

O BNG dixo publicamente, algúns alcaldes do BNG e eu mesmo, que o Plan Integra, un plan elaborado pola Consellería de Política Territorial, non nos gustaba porque somos dúas forzas distintas e podemos dicir que algo que fai a outra non nos gusta. O plan íntegra e o plan sectorial de vivenda non son algo que estea enmarcado dentro do pacto de goberno.

Daquela dicíamos que non nos gustaba o Plan Íntegra incluso como BNG, non coma este Concello, puxemos unhas alegacións e o resultado foi que loxicamente, entre o BNG e o Partido Socialista que gobernan conxuntamente na Xunta, estanse establecendo as conversas necesarias para que esas cousas se poidan solucionar. Vostedes non, querían que o Plan Integra se retirara.

No Parlamento nós decidimos que era un plan que era mellorable e que ademais queremos melloralo con toda a colaboración da propia Consellería de Política Territorial. Aquí pasa exactamente o mesmo. Pode haber cuestións do plan sectorial que ó Partido Socialista non lle parezan ben, algúns alcaldes do Partido Socialista se teñen expresado en contra dalgunhas cuestións deste plan sectorial. Iso é normal entre dúas forzas políticas, pero iso non quere dicir para nada que este goberno teña algún tipo de problema co plan sectorial de vivenda.

Primeira cuestión que hai que aclararlle a vostede. O plan sectorial de vivenda non se fixo para Vigo porque das súas palabras os que nos están escoitando poden entender que se esta pasando factura a Vigo por esas tramas que vostede deixa no aire pero que nunca acaba de concretar. Non, o plan sectorial de vivenda é un plan sectorial que se fai para Galicia, para todo o país, non é un plan pensado en Vigo.

Pero eu creo que é bo que os cidadán se decaten dunha vez que é iso do plan sectorial porque me da a impresión de que a cidadanía a nivel xeral non o ten moi claro e eu vou poñer un exemplo moi gráfico.

Unha parella compra un piso, hipotécase, fai un esforzo importante e por fin ten o



seu piso baleiro evidentemente; tiveron que aforrar moito para poder comprar ese piso pero nestes momentos non teñen cartos para poder amoblalo. Entón pensan un plan, imos aforrar durante uns anos, imos seguir vivindo en aluguer ou como poidamos para tentar aforrar para poder amoblar o piso. De súpeto cando están nesa planificación, aparece un familiar que resulta que lles vai aportar os cartos para amoblalo. O familiar non é o inimigo desa parella, nin lles quere tirar o piso. Quere axudar, quere colaborar con esta parella.

Isto é exactamente o mesmo que pasa entre o plan sectorial e o Plan Xeral de Ordenación Municipal. O PXOM contempla evidentemente un numero de vivendas e contempla o seu desenvolvemento. O que fai o plan sectorial é colaborar con ese Plan Xeral; vostede leu un informe, hai partes dese informe que nós evidentemente non compartimos, acéptoo, respéctoo, evidentemente. Iso é o que fai o plan sectorial de vivenda.

Lease o plan sectorial de vivenda porque vostede le o informe pero non le o plan e o que di cara a Vigo é unha cousa moi clara: di que comparte absolutamente todos os criterios establecidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Dende o noso punto de vista onde cremos, con todos os respectos, que se equivocan os técnicos é nunha cuestión importante: querer comparar o que é un Plan Xeral de Ordenación Municipal co que é un plan sectorial que está por riba de calquera outro plan de ordenación. Un plan sectorial que é aprobado polo Consello da Xunta e polo tanto o que fai é vir colaborar co desenvolvemento urbanístico.

O plan sectorial de vivenda vai facer que en Vigo nos vindeiros dez anos haxa dez mil vivendas de protección, pero isto non quere dicir que este plan vaia en contra do Plan Xeral de Ordenación Municipal; pola contra vai colaborar co desenvolvemento urbanístico nesta cidade por unha razón, porque vai poñer en marcha e vai desenvolver ámbitos a través da iniciativa pública.

E a través da iniciativa pública en colaboración co Concello vai ser moito máis doado poder desenvolver eses ámbitos que se o tivera que desenvolver só o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Polo tanto non é pasar a factura a ninguén, non é contradicir a ninguén, é simplemente un plan que se pon enriba da mesa para poder colaborar porque nestes momentos no rexistro único de demandantes de vivendas de protección hai un total de 10.000 que son de Vigo e hai que lles dar resposta. Dáselle resposta dende o Plan Xeral e se lle vai dar resposta coa axuda

dese plan sectorial de vivenda.

Polo tanto, Sr. Figueroa, trátase dunha colaboración, nunca dun contraataque ou dun pasar factura a ninguén, como vostede di.

Ese plan sectorial de vivenda para Vigo en colaboración co Plan Xeral de Ordenación Municipal vai conseguir máis de 50.000 postos de traballo e non o dicimos nós, dino os criterios que por cada vivenda de protección se crean en torno ós cinco postos de traballo. Poderá haber cousas que haxa que mellorar nese plan sectorial, por iso estamos nestes momentos no período de alegacións. Haberá cousas que seguramente o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego teñamos que dialogar, que falar para chegar loxicamente ao máis importante, que a vivenda protexida na nosa cidade vaia para adiante.

Hai ámbitos que están no Plan Xeral e que xa nos dous anteriores plans foi moi difícil desenvolver. Pero xa nos anteriores plans, non é que estiveran novos agora neste plan. Ámbitos como cemiterio de Pereiro, como Castreliños, como a primeira fase de Cantabria, como Travesía e Aragón. Son ámbitos que pola súa complexidade son difíciles de desenvolver é iso é o que fai o plan sectorial de vivenda, asumir os criterios do Plan Xeral de Vigo, asumir o seu desenvolvemento en canto ó numero de vivendas protexidas, porque nesta cidade hai que seguir construíndo, vostede dio, e nós así o cremos. Esas cuestións que se formulan no informe dos técnicos non son absolutamente concluíntes, nós non quixemos agachar nada, Sr. Figueroa, o informe está aquí e vostede pedía un pronunciamento deste goberno.

Voulo dicir eu: este goberno está absolutamente decidido a construír en Vigo toda vivenda de protección pública que faga falta, ese é o posicionamento que sempre tivo este goberno e que se trasladou dende o primeiro momento ó Plan Xeral de Ordenación Municipal. Este é o noso pronunciamento, todo o demais evidentemente será cuestión de colaborar coa propia Consellería de Vivenda para que as cousas se poidan desenvolver da mellor maneira posible.

SR. LÓPEZ FONT: Continua o Sr. Figueroa e o Partido Popular coa mesma estratexia de sempre. Non estamos nerviosos pola súa intervención. O que é inaudito é que vostede anuncia que vai ler un informe e en canto empeza a ler se salte as liñas que a vostede lle interesa. Iso é o que é inaudito, a iso non me pode replicar, eu

teño o informe que trataba de ler vostede.

Pero antes de ler eu o informe, e non lle ameazo con ler os dez puntos porque creo que hai que ir ó que realmente di o informe, si quero aclarar novamente á cidadanía onde estamos, por que estamos e cal é o punto que estamos tratando, porque se de verdade algún día neste Concello dánse "Óscar" aos políticos, non nos presentaremos ningún máis e será vostede o candidato único ó da manipulación e ó da terxiversación

Sr. Figueroa estamos na iniciación dun procedemento e elaboración do plan sectorial do solo de Galiza que inicia a Xunta de Galiza o 6 de setembro de 2008, porque calquera que lle escoitase parece que sobre o que vostede estivo opinando saíu do DOG, xa forma parte da lei e aquí nos fixeron pagar non sei cantas facturas. Sr. Figueroa as facturas son para pagalas, cuestión na que non se distinguiu precisamente o goberno anterior. Este goberno non ten que pagar ningunha factura, acabásello de dicir o tenente de alcalde. A vostedes sérvelle calquera cuestión para atacar o maior patrimonio desta cidade que é o Plan Xeral e a vivenda de protección oficial que contempla e nese tema vostedes estiveron en contra.

Cando se escriba a historia desta cidade e cando se fale do que dixemos e fixemos cada quen sobre a vivenda de protección oficial que necesitan os nosos cidadáns, quedará retratada cal é a postura do Partido Popular. Iso é o que amola Sr. Figueroa, fracasou vostede.

Ten grandes termos, esta falando de fracaso, esta falando de covardías, de ineficiencias, esta falando de non sei cantas cuestións. Para que o saiban os cidadáns dado que a vostede encántalle mirar tanto á cámara, estamos nun proceso que inicia a Consellería de Vivenda o 27 de outubro de 2008, no que pide a este Concello e leo literal, non fago como vostede, "...para información pública e consultas no prazo de dous meses a contar dende a recepción". Estamos aquí Sr. Figueroa.

A súa intervención, a do Partido Popular, demostra de xeito moi claro unha cousa: a vostede non lle importa o Plan Xeneral de aquí, non lle importa a colaboración que se pode dar necesariamente entre a Xunta e este Concello en favor da vivenda de protección oficial. Se lle importase o Partido Popular estaría dedicando o tempo, de luns a venres e de domingo á tarde, para redactar un informe en relación con isto.

Sabe por que non queren facer un informe vostede e o Partido Popular sobre isto? Eu si o sei, porque terían que recoñecer o que significa o Plan Xeral para esta cidade, terían que recoñecer como acaba de dicir o tenente de alcalde que no plan sectorial do solo de Galiza se contempla un plan extraordinario para Vigo e contempla vivenda de protección oficial. Iso é o que posiblemente, pasen os anos que pasen, vostede e o Partido Popular non van recoñecer. Que saiban os cidadáns moi claramente que estamos nun período de informe, isto non se publicou. E sabe vostede perfectamente porque foi concelleiro de Urbanismo e eu non, que o que corresponde como concello é someter este texto do plan sectorial de vivenda a informe dos técnicos.

Por que non dixo vostede nada cando foi o do Plan Integra? Estamos ante a mesma situación, non lle escoitei eu a vostede neste Pleno dicir que se pronuncie o goberno; que covardes son, que valente é o Partido Popular. Si me decato de todo, o que ocorre é que a forza de querer repetir vostede as cousas, de utilizar a demagogia, o que trata é de confundir ós cidadáns.

Este informe di o que di e eu si exhibo asinado polos técnicos. Di literalmente: "A diferenza doutros concellos de Galicia que se citan no plan sectorial, Vigo ten un planeamento xeral adaptado á lexislación urbanística vixente, con capacidade e folgura suficiente para acoller as demandas de vivendas de protección programadas no plan sectorial galego de solo residencial". Punto terceiro, asinado por catro técnicos deste concello. Eu si que estou lendo o informe e se queren que acheguen as cámaras os periodistas para ver que papel ten vostede e que papel teño eu. O que non se pode facer é empezar a ler, quedarse á metade e terxiversar como vostede permanentemente fai.

Díxollo o tenente de alcalde e eu non llo vou dicir mellor que el, este goberno fixo unha aposta porque estaba no pacto de goberno entre as dúas formacións para que houbera en seis meses Plan Xeneral. Vostedes estiveron tres anos e medio e xa viña de antes. Nese Plan Xeral como este informe recoñece hai suficiente folgura para que haxa vivenda de protección oficial nesta cidade e esa é a parte do discurso á que vostedes se opoñen.

Sr. Figueroa, lémbrollo perfectamente dende a súa primeira intervención neste mandato para dar a razón á Sra. Molares tentando permanentemente de crear divisións neste goberno. Recórdolle coma un futurólogo destes que saen na

segunda quincena de decembro nas televisións anunciando as maiores catástrofes para esta cidade. Tivo que desistir de chamarlle a don Santiago Domínguez "vicealcalde", tivo que desistir dun montón de cuestións e cando houbo xestións importantes como o Plan Xeneral, orzamentos, que levamos dous e acabamos de aprobalo hai escasamente uns minutos, este goberno ten un pacto de goberno que o esta cumprindo, que se permite o debate dentro do goberno, están seguindo a machada e iso é no que vostede fracasou. Nesta sala politicamente so hai un fracaso, Sr. Figueroa, o seu, o do Partido Popular, o de non ter sabido estar a carón da cidade.

Aquí hai grandes proxectos de cidade como é o Plan Xeral e o que contempla en canto a vivenda de protección oficial e niso vostedes déronlle as costas á cidadanía. Resumindo porque tampouco quero estenderme, o informe dos técnicos é o que é, eu poderei estar de acordo en parte ou en desacordo como acaba de manifestar o Sr. Figueroa. Que quede moi claro que estamos na fase de achegas, nin sequera de alegacións, a un texto que, a vostedes que lles encantan as hemerotecas e saír aquí con infinidade de recortes de periódicos, non sei por que non saen co recorte de periódico no que tanto o alcalde como a conselleira de Vivenda manifestan a mellor das súas vontades para colaborar nisto. Remato coa lectura do último parágrafo, linlle xa o terceiro e non quero aburrir nin ó Pleno, nin ós cidadáns. "Recoméndase incrementar a coordinación e cooperación entre a Consellería de Vivenda e o Concello de Vigo no marco dunhas actuacións programadas".

Esta é a realidade da política con respecto ó plan sectorial de vivenda e isto, sen que eu lle teña que dar leccións a ninguén, é o que tiña que facer o Partido Popular, colocarse en positivo no desenvolvemento desta cidade. Nin eu lle digo a vostede o que teñen que facer, nin vostede lle ten que dicir ó goberno o que temos que facer. Este goberno ten a valentía política de ter abordado un plan xeneral como o fixo, contra gran parte da cidadanía, entre eles o Partido Popular que, dado que lle dan tanta importancia ós trece concelleiros, eses trece concelleiros opuxéronse ó Plan Xeneral.

A intención deste goberno é cumprir coa legalidade, presentar o informe que se solicita, de acordo con este informe buscar as mellores pautas de colaboración coa Consellería de Vivenda. Pero sobre todo, Sr. Figueroa, téñollo que repetir porque

algo aprendo da estratexia do Partido Popular, recórdolle que este informe o que di é que o Concello de Vigo ten un planeamento xeral adaptado e que este planeamento xeral adaptado á lexislación urbanística ten a capacidade e a folgura para desenvolver a vivenda de protección oficial á que vostedes se negaron.

Miraría vostede outro goberno máis valente que este, Sr. Figueroa, como abordou as cuestións e como leva á cidade. Se o goberno valente é o que vostede representou na Xerencia de Urbanismo o outro día en relación con dúas facturas, estamos listos Sr. Figueroa. O goberno valente, é o que cumpre cos seus compromisos, con todos, dende os anteriores ós presentes.

Se quere ler o informe ou llo quere facilitar ós medios de comunicación, por favor facilítello completo pero sobre todo, ante as difamacións que vostedes realizan, como se dixo tamén por parte do tenente de alcalde, ten que quedar aquí a afirmación que o plan sectorial de vivenda neses innumerables folios que nos someten a consulta di que o Plan Xeral esta adaptado á lexislación urbanística.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa ten a palabra por un tempo razoable. Por dar só a numeración dos tempos para que os saibamos. O Sr. Figueroa falou 25 minutos, o Sr. Domínguez Olveira 10 e o Sr. López Font 12 Continúe Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. alcalde, non é un problema dos minutos que se falan, é un problema de que é un tema importante para esta cidade e nós así o concibimos.

Paréceme que o goberno quere falar canto menos deste tema porque evidentemente demostrase o fracaso do Plan Xeral de Vigo, nun aspecto concreto que vostedes modificaron de xeito demagóxico.

Cando vostedes chegaron ó goberno tiñan a posibilidade de construción de 40.000 vivendas protexidas pero cunha diferenza: realizables, executable e que se podían desenvolver. Vostedes incrementaron esa porcentaxe de vivenda protexida e o que fixeron foi que o Plan Xeral se convertera en inviable, irrealizable e que non se vai desenvolver. Por iso o plan sectorial de vivenda ten que actuar e por iso a Consellería de Vivenda actúa e fai unha serie de propostas para o desenvolvemento da vivenda protexida na cidade de Vigo. Iso é o que lle quero dicir, non o di só o Partido Popular, senón que a Consellería de Vivenda dille ó Concello de Vigo que o Plan Xeral de Vigo non ten a posibilidade de desenvolver

esas vivendas.

A diferenza Sr. Font é que vostedes, a día de hoxe que vai facer pronto un ano e medio longo de goberno, concesións de vivendas protexidas cero. O goberno da Sra. Porro firmou 3.200 licenzas de vivenda protexida. A día de hoxe a análise da Xunta de Galicia en construción de vivenda para Vigo é que ningunha nova por iso agora teñen que presentar un novo programa para que ó remate da lexislatura no canto de dar conta, estannos presentando o proxecto de futuro. Que pasou durante estes tres anos e medio? Hai están os datos e non van ser quen nin de alcanzar a metade do que fixo de vivenda protexida e firmou a Sra. Porro máis eu mesmo, ese é o problema, que a vostedes lles ten atados porque prometeron 6.000 vivendas protexidas en catro anos e levamos xa a metade do mandato e resulta que na cidade de Vigo cero e en catro anos case, unha lexislatura que está a punto de rematar en Galicia, tampouco ningunha vivenda nova para a cidade de Vigo. O problema tamén é que vostedes non lle din ós veciños que este plan sectorial de vivenda vai por un proceso distinto do que estaba no Plan Xeral, non de expropiación. Vanlles expropiar, díganllo abertamente que lles van expropiar aos pequenos propietarios destes ámbitos os seus terreos, vanlles facer unha taxación dun prezo pechado, non van entrar no mercado senón que llo van pechar. Díganllo vostedes se son tan valentes.

A maiores mire o que di unha parte do informe: "Por outra banda a patrimonialización ao cen por cento do aproveitamento podería provocar unha perda de 66,3 millóns de euros segundo os datos do PXOM na previsión de ingresos no patrimonio municipal do solo." Este plan de vivenda vai producirlle unha perda ao Concello de Vigo de preto de once mil millóns das antigas pesetas. Non se están decatando disto tampouco e din que si. Alá vostedes.

Sr. Font, nós non sabemos se o goberno está dividido ou non. Vostede di que eu son un futurólogo, pois mire o que din de Vigo os medios de comunicación do venres pasado. Voulle ler algúns dos titulares dos tres medios mais importantes. "Urbanismo rexeita o plan de vivenda da Xunta e xera outro conflito PSOE-BNG". Outro medio: "O plan sectorial de vivenda abre outra greta do goberno vigués". Tamén son futurólogos os periódicos de Vigo. "Urbanismo descualifica o plan de vivenda protexida da Xunta por ser inviable". O PSOE non aclara se presentara alegacións ó proxecto". Estes son os futurólogos de Vigo, os medios de

comunicación.

Teñan un pouco de respecto, que non me respecten a min xa é normal, xa o entendemos, aínda que deberían respectar algo porque de momento, mentres non se demostre o contrario, son o concelleiro da historia que máis votos tivo neste Concello sempre, así de claro, ninguén ganoume en votos na presentación en calquera das eleccións municipais, ninguén nin de antes nin de agora, non sei o que pasara nun futuro.

Tamén un respecto para os medios de comunicación porque o din eles e non o estamos dicindo nós. Paréceme que vostedes están metidos nunha gaiola e non se decatan de nada do que pasa na cidade, só se decatan do que pasa aquí dentro e o que lles queren contar os cidadáns. Resulta que os medios de comunicación xa non teñen ningún mérito, ningún valor, están mentindo, enganan, son futurólogos e din mentiras permanentemente. Pois na cidade pasa iso, que os medios din que vostedes están enfrontados. Chamen ós medios e desmíntano. Aquí están os tres medio de máis tirada de Vigo.

Con respecto ó Plan Integra nin o trouxeron ó Pleno, non tiveron a valentía de traelo aquí a debate, levárono a dar conta á Xerencia de Urbanismo para que viña ó Pleno pero a día de hoxe non o trouxeron.

Este é un informe técnico, nós non sabemos o posicionamento do goberno e polo tanto é moi difícil que sáibamos polo menos cales son as liñas de actuación deste goberno. Nós si que imos facer alegacións como grupo municipal a este proxecto do plan sectorial como fixemos no Plan Integra porque seguimos dicindo que este é un proxecto que ven corrixir as eivas que ten o Plan Xeral de Vigo, que non se pode executar e vostedes sábeno perfectamente.

Hai outra cuestión que vostede quere introducir. O da Xerencia do outro día e a actitude que teñen vostedes de goberno, non respectan nin o voto da oposición, sexa correcto ou un erro. A partir de agora é unha nova modalidade que se incluíu neste Concello, cando non gusta a votación párase. Iso chámase antidemocrático, non contar coa opinión dos demais. Nós podemos votar o que consideremos oportuno, errados, acertados, en boa liña, en mala liña, de boa ou de mala fe.

Dous casos das corenta e oito ultimas horas. Resulta que nun paran a votación porque non lles gusta e no outro fan unha Xunta de Goberno e non teñen os expedientes a disposición da oposición. Agora xa nin antes nin despois, porque



antes aínda nos dixeron que se comprometían a que logo da Xunta teríamos os expedientes. Non nos entregan un expediente e témolo que pedir por escrito. Onde esta a manipulación, onde esta a confusión, onde esta a terxiversación de todo o procedemento? Fana vostedes, queren unha oposición calada e xa lle dixemos hai tempo que non a van ter. Imos colaborar no que teñamos que colaborar e imos denunciar o que teñamos que denunciar.

O Plan Xeral de Vigo terá que ser modificado porque cometeron un erro tremendo que van pagar os cidadáns porque resulta que as guindastres non existen como dicían vostedes, levan sete meses e de momento que saibamos é un plan que está aprobado parcialmente e aínda non se fixeron as correccións. Non lles preocupa que hai unha parte da cidade que nestes momentos ten o planeamento paralizado. Non sei que demócratas son vostedes que lles preocupa unha parte da cidade e non a outra que está obstaculizada de momento porque non está aprobado o Plan totalmente, levan sete meses e non sabemos absolutamente nada.

Non fale vostede de cal foi a actitude co Plan Xeral. Se houbo alguén que boicoteou o Plan Xeral durante seis anos foron vostedes e proba diso é que perderon un goberno, por non ter a valentía de poñer enriba da mesa o que había que poñer. Vostede lémbrese da edificabilidade, das alturas e das infografías; todo está exactamente igual, excepto un tema fundamental, demagóxico, que hoxe se demostra que foi un erro, como foi o incremento desa vivenda coa base do que tiña o Plan Xeral. Podíase ter discutido a porcentaxe da vivenda se o Plan Xeral tivese outros obxectivos, outros criterios e outro estudo económico financeiro. Pero o plan xeral estaba concibido desde que se iniciou para unha porcentaxe de vivenda, para que fora realizable e non é ni bo nin malo ter máis ou menos porcentaxe; o que é bo ou malo e que esa vivenda se poida construír ou non. Xa me dirá vostede de que vale ter no plan xeral 60.000 vivendas se non se poden construír, non se poden executar e non se poden levar a cabo. Os cidadáns non van ter ningunha vivenda.

En cambio co noso Plan había 40.000 que eran executables ó día seguinte e vostedes paralizáronas. Imaxínese vostede se falan dunha demanda de 10.000 vivendas para os dez próximos anos, tiñamos 40.000 que eran executables dende hai un ano e medio. Vostedes pola postura demagóxica de cambiar un voto porque estaban en contra do Plan Xeral, non estaban en contra da vivenda protexida, estaban en contra das alturas, da edificabilidade, de todos os proxectos e os ámbitos que se levaban a cabo, incluso fixeron infografías que mentiron á cidadanía. Lémbrense vostedes de Guixar, da praza

de España, da Salgueira, de todos eses ámbitos. Fixeron unha trampa, incrementaron a vivenda protexida para que non fora realizable, para que non se puidera executar como agora é o que demostra este plan sectorial de vivenda.

Este plan sectorial de vivenda demostra claramente, e por iso o propón a Xunta de Galicia, que a proposta para a vivenda protexida na cidade de Vigo non é executable. Resulta que os redactores, os pais do Plan Xeral de Vigo, son os que fan este plan sectorial de vivenda. Podo dicir claramente que as dúas persoas que concibiron e fixeron o Plan Xeral e o redactaron co 20% de vivenda protexida, D. Daniel Pino e D. Javier Rivas, resulta que son tamén os pais deste plan sectorial de vivenda.

Máis que eles dous non sabe deste plan ninguén, do que está escrito e do que non está escrito.

E co máximo respecto a eles dous porque son dous auténticos profesionais que eu dende logo quítome o sombreiro ante o traballo que fixeron na cidade de Vigo. Eles dous son os que fan este plan sectorial de vivenda e fano porque saben que o que está redactado e escrito no Plan Xeral de Vigo non se pode realizar. Estan cubrindo ese espazo que vostedes non foron capaces, dicíndolle á cidade de Vigo que presentaron un Plan Xeral, incrementaron a edificabilidade e van levalo a cabo e hai que facelo pola vía da expropiación porque senón non se executa. Estanlles dicindo a vostedes que cometeron un erro, que a proposta que fixeron vostedes non é viable, que as 60.000 vivendas que vostedes pintaron, pintáronas nun papel como nós dixemos.

Ese foi o motivo fundamental polo que o Partido Popular votou en contra do Plan e a día de hoxe síntome orgulloso de ter tomado esa decisión cos meus compañeiros porque é a correcta. Estámoslles dicindo á cidade que nós tiñamos un plan e que vostedes o manipularon, o cambiaron e por facer unha postura demagóxica de cara á galería prexudicaron gravemente á cidade de Vigo. Desas 60.000 vivendas non se vai facer ningunha tal como vostedes as tiñan concibidas, é imposible porque o din os privados, o din os pequenos propietarios, o din os empresarios e o din todas aquelas persoas que saben algo do plan.

O máis importante é que o din os dous pais do Plan Xeral de Vigo, don Daniel Pino e don Javier Rivas, que un promove o plan sectorial e outro o desenvolve tecnicamente. Se o Sr. Rivas e o Sr. Pino que saben deste Plan Xeral, que coñecen perfectamente o metro cadrado do Plan Xeral, abren un plano e saben no metro cadrado que existe, presentan este plan sectorial con estas condicións é porque saben que o que ten o Plan Xeral de Vigo é irrealizable, non se vai executar nin un só metro cadrado e vostedes sábeno. Queren tentar confundir á opinión pública, ese é o feito real e non hai outro.

Sr. Font cando queira falamos das facturas. Este goberno cando asumiu a responsabilidade pagou 13.000.000 de euros dun goberno anterior e non dixo nada, mesmo con sentenza. Vostedes teñen ós provedores esperando por pagar. O mais triste de todo é que algunhas tamén son facturas súas, iso non o din á opinión pública, hai cousas que vostedes estiveron utilizando. Cando chegamos este salón de Plenos tivémolo que pagar e nunca dixemos nada, nunca fixemos un debate sobre ese tema. Sentenzas complicadas para algún concelleiro ou concelleira que nós calamos das que non imos falar tampouco nin abrir ese debate pero si complicadas sentenzas en contra. Cando vostede queira se ten valentía convoque que unha Xunta de Voceiros e fálase deses temas e dos demais. Non é xusto que paguen unhas facturas e as outras as deixen tiradas porque os provedores, con ou sen procedemento, con máis ou menos razón, no teñen a culpa e vostedes non teñen a valentía nin a covardía de polas enriba da mesa. Non imos tragar por aí, se queren debate vano ter pero saiban que nós pagamos 13 millóns cando chegamos a este goberno. Dos 20 millóns no presuposto, no capítulo seis, 13 eran para pagar as débedas de gobernos anteriores e resulta que aínda a día de hoxe queda algunha.

Os premios Max non os fixemos nós, como comprenderá vostede e facturas que vostedes fixeron sen procedemento neste mandato tampouco as tramitaron. O despacho do tenente alcalde pagouse por un recoñecemento extraxudicial de crédito, e máis facturas que vostedes disimulan. Ou pensa que nós non coñecemos a dinámica deste Concello? Non sabemos que vostedes dan subvencións a algunha fundación para pagar facturas doutro lado? Queren que entremos nesa guerra? Que lle pidamos todas as facturas? Quere que fagamos como vostedes mañás de pasar a unha fundación para pagar facturas que estan sen recoñecer? Se quere lle damos algunha ou dicimos como falan con algúns provedores de certas cousas, se quere abrimos ese debate cando queira vostede e con total claridade, pero con provedores diante porque os provedores tamén nos contan a nós, non pense que só teñen vostedes a capacidade de ter información de provedores e da xente.

Se queren falamos diso e de como se pagan os grandes actos, etc. Resulta que ata hai provedores que traballan para todos, contan e din “a min non me pagan isto pero páganme por detrás a factura”. Cando queiran falamos con absoluta transparencia. Non vale criticar gastos que se fixeron e despois utilízalos. Se un ten a valentía de que un gasto se considera que non é correcto, devólveo e xa está pero non vale usar cadeiras de brazos que se utilizaron noutros despachos e, se non se pagaron, traelos de abaixo para arriba e criticar ó anterior.

Sr. Font vostede terá moita información pero algúns tamén a temos e utilizarémola cando o consideremos oportuno. Se vostede ten a valentía de falar de facturas, para que eses provedores poidan pagar e non estean mendigando na porta da Alcaldía, facturas tamén de vostedes, falamos cando queira e asuman as responsabilidades vostedes e o Sr. alcalde como as asumimos nós cando chegamos con sentenzas graves dalgunha concelleira de vostedes.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Para distender un pouco o ambiente antes da intervención. Antes poñía o exemplo do familiar que viña cuns cartos como se lle tocara a lotería. Anunciarlles a todos que nos acaban de dicir que tocou o gordo da lotería en Allariz, iso realmente pode ser unha boa premunición.

Sr. Figueroa, no BNG temos un respecto total polos medios de comunicación desta cidade. Vostede le unhas noticias do dezanove de decembro. Pois co mesmo respecto que lles teño ós medios de información léolle unha información textual que aparece nun medio de comunicación o día vinte, un día despois, se ve que ese vostede non chegou aínda a lela. Textualmente: "Táboas, a conselleira de Vivenda, asegura que o plan sectorial e o PXOM de Vigo se complementan e deben ir da man; ofrece ó Concello colaboración absoluta para enriquecer a proposta autonómica. A conselleira matizou que o plan sectorial está nunha fase inicial e os gobernos locais aínda poden realizar propostas: "Temos tempo suficiente para enriquecelo". Isto é do día despois das noticias das que fala vostede.

O que está moi claro é que tanto por parte do BNG como por parte do Partido Socialista enténdese que hai que colaborar e que hai que mellorar. As vivendas que están contempladas no Plan Xeral son absolutamente executables. Nestes momentos é evidente que a ninguén se lle escapa que coa crise actual e coa falta de financiamento ás empresas, loxicamente estamos asistindo a unha ralentización destes procesos construtivos pero isto non é só en Vigo.

Vostede dicía que nestes anos de goberno cero en vivenda protexida. Vostede non pasea por Navia; cando a conselleira de Vivenda ven aquí a entregar pisos como acaba de facer no Calvario, pisos que practicamente están xa en Navia, ven colocar a primeira pedra dese gran parque que van gozar os veciños e veciñas de Navia que son para as vivendas protexidas, evidentemente vostede diso non quere falar.

Sigue dicindo que o goberno non ten un posicionamento. Vostede non quere oír porque o posicionamento deste goberno está claro: queremos vivenda protexida, quen non quere vivenda protexida é o Partido Popular. O Partido Popular, así o teñen vostedes

expresado, non vota o Plan Xeral polas reformas que se foron introducindo segundo vostede di. As reformas que se introduciron no Plan Xeral de ordenación municipal que aprobamos foron fundamentalmente elevar o número de vivendas protexidas. Esas foron, realmente as modificacións con relación ó plan que vostedes si apoiaban dende o principio.

Polo tanto está claro que vostedes non queren que haxa vivenda protexida. Aquí se ten falado, e non o dixen eu, cando trouxemos outro debate das leis do hábitat, de que o Partido Popular non está de acordo con que as administracións interveñan no mercado. Díxose aquí textualmente. Se a administración non intervéñ no mercado ímonos á vivenda libre e nestes momentos coa nova lei de vivenda, co que contempla o Plan Xeral de ordenación municipal de Vigo máis ese plan sectorial, a realidade é que o 90% da poboación viguesa vai poder acceder a unha vivenda con prezo taxado.

Esa é a gran diferenza entre as políticas do Partido Popular en materia de vivenda que si foron cero porque nunca interveu no mercado, coa política de vivenda dunha formación como a que eu represento.

Vostede di que os dous pais do Plan Xeral participan tamén no plan sectorial de vivenda. Claro que participan e precisamente por iso, porque coñecen de corrida o Plan Xeral de ordenación municipal de Vigo, presentan este plan sectorial. Eu teño falado con Xavier Rivas e con Daniel e teñen unha idea moi clara. Aínda onte tiveron a oportunidade de falar con Xavier Rivas e expúñame isto así de claro, non hai ningún problema, ningunha incompatibilidade nas dúas cousas. A pregunta súa de por que o presentan, por unha razón: por axudar, por colaborar con este Concello, por iso presentan este plan sectorial. Cando non nos gusta escoitar o mellor é marcharse.

Tamén vou falar dos 66.000.000 que Vigo segundo o informe perde nese aproveitamento municipal do solo; o que non di o informe, e ó mellor non o ten por que dicir, é que non son 66.000.000 euros os que perde este Concello, senón que coa actuación da consellería de Vivenda este Concello vai gañar 432.000.000 euros. Eses son os datos e esta é a realidade. O posicionamento tanto do BNG como do Partido Socialista neste goberno esta moi claro: apostamos pola vivenda protexida para a poboación de Vigo. Esa é a única realidade.

O Sr. Figueroa é o concelleiro que máis votos tivo na historia; parece ser que nas últimas eleccións só se presentou el, polo Partido Popular foi o único concelleiro que se presentou. Se el foi o concelleiro que máis votos quitou en toda a historia, síntoo polos demais compañeiros, non deberon quitar vostedes ningún, é dicir, téñenlle que agradecer ó Sr. Figueroa os sesenta e pico mil votos que quitaron en Vigo porque foi

obra e gracia única é exclusivamente del, polo tanto non perdan vostedes ó Sr. Figueroa que é un gran atrainte dos votos. Síntoo, non o dixen eu pero parece ser que non colaboraron en nada á hora de conseguir eses votos.

En definitiva, non hai ningunha contradición entre o plan sectorial da consellería de Vivenda e o Plan Xeral de ordenación municipal e si hai unha cuestión obxectiva e moi clara: a aposta deste goberno a través do Plan Xeral municipal pola vivenda protexida na nosa cidade.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Figueroa, co de presumir de tantos votos obtidos por vostede, como ben dicía o tenente de alcalde, non deixa en moi bo lugar ós seus compañeiros. Eu a vostede respéctolle persoalmente e respéctolle politicamente sempre, a pesar dos votos que obtivera vostede, sen entrar en cantos corresponden a cada quen. Se vostede tivera a metade do respecto que eu lle teño, por aquilo ó que nunca se presentou que é á figura do actual alcalde, outro galo cantaría neste Pleno. Se vostede dende o primeiro momento que constituímos este Pleno e este mandato e serviu ós seus compañeiros de exemplo, tivese o respecto que debía de ter polo alcalde, de verdade que noutra situación estaríamos. Quen falta ó respecto permanentemente dende o punto de vista político é vostede co cal non me da ningunha lección porque eu a vostede respéctolle e animeille moitas veces a que respectase vostede a esta parte da bancada e ó alcalde, cuestión que non fixo. Non trate de enganar ós medios de comunicación nin confundir as miñas palabras. O que vostede esta lendo é unha interpretación que os medio de comunicación fan o 15 de decembro ou o 19.

Cando eu lle chamo a vostede futurólogo, sabe perfectamente ó que me refiro. Segundo vostede no ía haber Plan Xeral, non ía haber orzamentos, dixo nas televisións locais, en todos os debates que non ía a haber nada de contratación na Mesa de Contratación. O das humanizacións eran cuestións virtuais, todo neste goberno segundo vostede ía ser virtual. Cando lle chamo futurólogo non mesture ós medios de comunicación, chámollo a vostede, Sr. Figueroa.

Fixo prognósticos sobre este goberno que se lle caeron un a un. Non sei como levará a organización do churrasco do un de xaneiro, porque vostede prognosticou que no habería tuneladora no mes de xaneiro. Paréceme que en vez de tomar marisco no Nadal vai ter que tomar ese churrasco. Cando lle digo futurólogo refírome a iso.

Sr. Figueroa, a min a frase de que "*vostede non se entera*" non me gusta pero é verdade que vostede non está atento ó que aprobamos na Xerencia de Urbanismo porque non sabe ou non tivo coñecemento de que xa se iniciaron ámbitos de vivenda

con 11.500 vivendas de protección oficial. Sabe que as cousas levan o seu procedemento, a vostede cando falaba da xestión do Partido Popular moito lle gustaba secuenciar cando se inician as cousas e cando se finalizan. O compromiso electoral eran 6.000 vivendas pero efectivamente xa están iniciadas 11.000 vivendas. Non se pode confundir á cidadanía Sr. Figueroa e falar de que vostedes levaban 40.000 vivendas no seu Plan Xeneral cando eran 32.000 e cando o que omite dicir é que o Plan Xeneral que vostedes votaron en contra contemplaba 60.000 vivendas. Iso é do que se esquece vostede Sr. Figueroa, cando di estas cousas é cando non mira á cámara.

Con relación ás facturas eu non abrín ningunha guerra nin ningún debate. Non lle vou cuestionar o que se aprobou nun momento determinado da Corporación, pero si sei o que fixo vostede o xoves, que ante compromisos que tiña o Partido Popular de dúas facturas, pretendeu votar en contra. Afortunadamente neste sentido os Consellos da Xerencia de Urbanismo son públicos e puideron velo todos. Pretendían non votar as facturas que en febreiro de 2004 e en outubro do 2006 vostedes encargaron como goberno.

O alcalde, Sr. Figueroa, ten que mirar á cámara e dicir a verdade. O alcalde seguiu as instrucións e o asesoramento do secretario da Xerencia de Urbanismo. É unha cortina de fume a que vostedes están montando sobre un "incidente" nunha votación para non dicir o que ían votar. Unha auténtica cortina de fume nun tema de procedemento. Non son quen de dicir o que querían votar, non se poden ter estes debates en Pleno en plan distendido con vostedes porque todo o enmarañan, todo o terxiversan; afortunadamente esta reunión está gravada.

Politicamente non lle consinto que diga que nós utilizamos mañas para as facturas sen ningunha demostración.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa non ten vostede a palabra, apague o micro. O debate acabouse.

Dígolle o que xa lle dixen a última vez, se queren facemos un Pleno extraordinario para as súas facturas, solicíteno. Cando vostede queira pídeme un pleno extraordinario que teñen votos para iso e estaremos encantados en facelo.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Figueroa dende o punto de vista político é vostede un irresponsable por traer a este Pleno afirmacións de que coas facturas utilizamos... Non é capaz de deixarme falar.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, por favor non interrompa, a vostede non lle interromperon.

SR. LÓPEZ FONT: Repítolle porque quero que conste en acta que dende o punto de vista político e o que representamos os vinteseite concelleiros que estamos aquí, é vostede un irresponsable político. Non se lle pode tolerar a vostede nin a ninguén que fale de mañas e de que se pagaron unhas facturas con cargo a non sei que historia. Esa é a forma sucia de facer política do Partido Popular. Sr. Figueroa, na medida na que pon en entredito a todo o goberno, á Corporación, unha de dúas: ou demostra vostede o que dixo ou de verdade que o levamos ós Tribunais. Ninguén pode dubidar da legalidade deste goberno.

O reto é simplemente o que vostede botou aquí enriba desta mesa, ese é o reto, por iso é vostede un irresponsable politicamente, porque vostede puxo aquí un reto dubidando da legalidade das accións deste goberno e politicamente non llo consinto, Sr. Figueroa. Non vale a técnica do ventilador, non vale falar aquí aproveitando este eco que temos nos medios de comunicación para poñer en dubida os actos deste goberno. Este goberno goberna dende a legalidade porque ademais, se non fose así, non o tería dito vostede aquí, iría ós tribunais.

Pero estou politicamente certamente cansado Sr. Figueroa, de que utilicen este eco que son os Plenos para poñer en dúbida a honradez deste goberno e repítolle que politicamente non llo consinto. Se fora un concelleiro responsable, por moitos anos que leve e por moitos votos que teña, non se pode vir a un Pleno dicindo o que vostede dixo. Hai que vir cun papel e cunha factura. Iso é o que estivo tentando dende o primeiro día de mandato da Corporación pero non o conseguiu. Falamos de todo cando queira, pero xa vexo que cando chegamos ó punto final de falar, de convocar, non o fai Sr. Figueroa. Esa é a mellor demostración.

Lamentablemente, señores concelleiros do Partido Popular, empezamos falando dun tema importante para esta cidade e vostedes acabaron falando doutra cuestión. Lémbrolle Sr. Figueroa que estamos no punto segundo da orde do día que é o informe. Creo que lles debe facer reflexionar, vai xa un ano e medio de mandato e coido que o Partido Popular debería estar á altura da responsabilidade que lle corresponde. Con espectáculos como os que dan vostede aquí nada edificantes, non contribúen.

*A Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación do contido do anterior informe.*



E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vintenove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL ACCTAL. DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 22 de decembro de 2008. Consta de 58 folios da serie A numerados do 2142046 ao 2142103, e números do 940 ao 997 Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2009.

Vigo, a 23 de febreiro de 2009  
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda